

asociación de escritores  en lingua galega



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude
e Solidariedade

Letras novas

Letras novas

Antía Otero / María Lado /
Lucía Novas/ María do Cebreiro /
Séchu Sende / Eduardo Estévez /
María Reimóndez / Celso Fernández
Sanmartín / Paco Souto / Rosa Aneiros /
Iago Mouríño Román / Alicia Fernández
Rodríguez / Teresa Seara / Eva Moreda /
Elvira Riveiro Tobío / Alberte Momán
Noval / Francisco Castro / Inma López
Silva / Rosa Enríquez / María Canosa /
Xosé Luís Martínez Pereiro / Marica
Campo / Xosé M. Eyré / Paco de Tano /
Estíbaliz Espinosa / Diego Ameixeiras /
Laura Caveiro / Rafa Villar / Arsenio
Iglesias Pazos / Lucía Aldao / Mario
Regueira / Leticia Costas / Samuel
Solleiro / Iria López Teijeiro / Suso
Pensado / Xiana Arias / Xabier Xil
Xardón / Oriana Méndez / Leo F. Campos /
Braís González / Daniel Salgado /
Verónica Martínez / Silvia Penas / Iago
Castro / Olga Novo / Claudia Castro /
Lorena Souto / Ana Cibeira / Yolanda
López / Olalla Cociña Lozano / Emma
Pedreira

Letras Novas naceu como un espazo ermo que a creación literaria de hoxe debería tomar e moldear para si, até converter a sección nun fluxo mensual de savia elaborada en que agromar palabras poéticas, pensamentos libres e reflexións internas. Mes a mes, as páxinas centrais de *Infoxove* acubillaron no seu seo a creación das escritoras e dos escritores máis noveis á par daqueles outros representantes das liñas literarias xermoladas con grande éxito nas dúas últimas décadas, no tempo de entre dous séculos.



asociación de escritores  en lingua galega

Letras novas

Consello Directivo da AELG

Presidencia: Cesáreo Sánchez Iglesias
Vicepresidencia: Antía Otero
Secretaría Xeral: Mercedes Queixas Zas
Tesouraría: Marta Dacosta
Vogalía de Lugo: Isidro Novo
Vogalía de Pontevedra: Lucía Novas
Vogalía da Coruña: Francisco Souto
Vogalía da Coruña-Ferrol: Henrique Rabuñal
Vogalía de Ourense: Xerardo Méndez
Vogalía de Relacións coa Lusofonía: Carlos Quiroga
Vogalía de Relacións Internacionais: Xavier Queipo
Vogalía de Literatura de Tradición Oral: Antonio Reigosa

Secretaría Técnica e Económica

Ernesto E. Calo e Ana M. Carril Vázquez

Edita: Asociación de Escritores en Lingua Galega
www.aelg.org / oficina@aelg.org
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

I.S.B.N: VG-1293-2005
Depósito legal: 269146/07

Impresión: Alfer Industria Gráfica
Estrada de Peinador a Puxeiros - 36417 Mos

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, renova para o conxunto da sociedade galega a través desta publicación a súa implicación activa e continua para coas nosas plumas máis novas que, desde as ópticas e os soportes máis tradicionais aos máis innovadores, están a trazar as liñas contemporáneas da nosa historia literaria.

Conscientes de estarmos *in praesentia* dunha nova etapa para as letras galegas, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ten de acreditar nas novas voces que xorden para seren ensaiadas pola arte dos novos escritores e escritoras que toman o relevo de quen primeiro nos aprendeu o gusto pola lectura e a escrita.

Non esquecemos, pois, a nosa responsabilidade de continuarmos a ser tamén promotores de cantos foros de intercomunicación sexan precisos para divulgarmos a viva voz e colocar nos andeis máis solicitados a vosa escrita literaria e a reflexión metalingüística que, para goce de todos e todas nós, concibides.

A creatividade, a imaxinación compartida ao longo de tantos meses en que *Infoxove* se ten convertido nun punto de encontro obrigado para todos aqueles temas que interesan á nosa xuventude, ratificou en nós a necesidade de aprofundarmos o noso compromiso firme canto á posta en valor do sistema literario galego, plenamente vivo e en incesante evolución poética, narrativa, dramática, ensaística, etc., así como da lingua que o sustenta e dá vida.

A semente literaria que con amarga esperanza debuxara Castelaofrécenos neste volume convertida en materia literaria. Gozádecoa mesmo orgullo que nós sentimos, desde a nosa gratitude a todos os colaboradores e colaboradoras da sección *Letras Novas*.

Anxo M. Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

Xa van aló vinte números do *Xornal Infoxove*, pensado desde o inicio da súa andaina como unha ferramenta informativa de referencia para a xuventude galega. Nos vinte primeiros números ficou, mes a mes, grazas á colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a pegada máis viva da literatura galega de hoxe na sección *Letras Novas*.

Porque *Letras Novas* naceu como un espazo ermo que a creación literaria de hoxe debería tomar e moldear para si, até converter a sección nun fluxo mensual de savia elaborada en que agromar palabras poéticas, pensamentos libres e reflexións internas. Mes a mes, as páxinas centrais de *Infoxove* acubillaron no seu seo a creación das escritoras e dos escritores máis noveis á par daqueles outros representantes das liñas literarias xermoladas con grande éxito nas dúas últimas décadas, no tempo de entre dous séculos.

Se a lectura puntual foi de grande alento e satisfacción ao comprobarmos a elevada calidade dos produtos literarios máis diversos que nos ofrecían as *letras novas*, sorprendéndonos sempre coa arte tecedora interminábel de palabras, orgullámonos hoxe de podelos reunir neste volume, para regalía de quen perdeu unha primeira oportunidade de os/as descubrir e para quen debece por apreixalos agora na súa totalidade.

Convértese esta fotobiografía sonora nunha ocasión única para coñecérmolos na súa arte literaria, mais tamén desde a súa biografía persoal e bibliográfica e desde a súa propia voz, configurando un arquivo sonoro do que a nosa historia literaria carece. É preciso visualizar na súa totalidade os creadores e creadoras da palabra literaria porque son dadores e dadoras de vida, porque nos axudan a ser máis nós e a exteriorizar o noso mundo particular, o vivido e o imaxinado.

Eilos aquí reunidos. Sabemos que novas voces andan o demandar o seu espazo. Velaquí o noso compromiso firme, de presente e de futuro, coa literatura de noso, coa lingua de noso e coas *letras novas* que lle dan vida.

Rubén Cela Díaz
Director xeral de Xuventude e Solidariedade

Cando a Asociación de Escritores en Lingua Galega naceu no ano 1980, canda á luz da palabra en liberdade acabada de estrear, asentou a súa fundación en tres piares básicos: traballar a prol da normalización do feito literario e do escritor e da escritora na Galiza, defender e reclamar a normalización plena da lingua galega e defender os intereses e dereitos dos socios e socias que a compoñen.

Mais tamén hoxe comprendemos que é fundamental prendermos a semente das letras en vós, os máis novos, os depositarios actuais do facho da luz do saber, para así contribuírmos, desde a nosa humildade, á vosa formación como herdeir@s das voces de todo un tempo propio que xa foi, inzado de historia literaria, que é o mesmo que dicir historia cultural de seu, para que o acollades hoxe na vosa sabedoría para a súa (re)configuración de mañá, a partir das novas apostas dialécticas, temáticas, estilísticas e retóricas contemporáneas ao voso vivir.

Porque o mañá aínda está por construír e a mellor obra aínda está por crear, a AELG quere ofrecerse desde aquí como unha plataforma que actúe como proxector da creación literaria e do pensamento reflexivo dos mozos e das mozas galegas que se alimentan da savia das palabras do idioma de noso para o convivio consigo propios e co mundo que os axuda a medrar.

Despois de vinte números da nova andaina da (re)estrea do Xornal Infoxove, agradecemos moi sinceramente á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade a posibilidade de dar á imprenta o conxunto das 58 colaboracións que para a sección "Letras Novas" achegaron 51 escritores e escritoras, nov@s os máis deles, e ofreceremos así a súa pluma canda a súa voz.

O Consello Directivo da AELG



Antía Otero

Antía Otero naceu en 1982 en A Estrada (Pontevedra) e é licenciada en Historia da Arte na especialidade de Arte Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Ao mesmo tempo, a diversa formación interdisciplinar que a acolle fai que dende hai algún tempo veña conxugando a escrita sobre poesía, arte contemporánea, cine e teatro en diferentes xornais e revistas.

Na actualidade é Vicepresidenta da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cursa o Máster en Historia e Estética da Cinematografía pola Universidade de Valladolid e fórmase como actriz na Escola de Teatro e Danza Espacio Aberto en Santiago de Compostela.

Polifonías. Voces poéticas contra a violencia de xénero

Porque marzo é o mes da muller, nese tempo os actos contra a violencia de xénero reproducense ao longo do país. Actos de denuncia que distan moito dunha festa ou dunha gran cerimonia. Neles non só se celebra ser muller, celébrase a existencia dun oco de liberdade polo que erguer a man para pedir a palabra. Aínda que camiñemos sobre a obviedade, non estamos ceg@s como para non ver o que ocorre a todas as horas do ano. Aínda temos conciencia crítica para darnos conta de que en todo intre unha muller pode estar a ser insultada, violada, ultraxada, asasinada sobre un fondo negro e non precisamente violeta. Nesta ocasión, a pa de cores ten importancia.

O 24 de novembro de 2005 unha restra de mulleres galegas: artistas, poetas, cantantes e bailarinas levaron as súas voces ao CGAC para falar dende o aquí e o agora. Hoxe, todas aquelas intervencións podémolas atopar recollidas no necesario libro *Polifonías. Voces Poéticas contra a violencia de xénero*, editado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e Edicións Espiral Maior.

Hai persoas que non aturan que o nome dunha muller encha un espazo de seu. Por iso teñen que botar man das tesoiras para recortar os metros, coma se fosen tea. Deshabitar os cuartos propios mentres a xenreira medra e a liberdade redúcese ao mínimo deixando de ser un estado vital.

As mulleres que aquela noite falaron no Centro Galego de Arte Contemporánea denunciaron feitos e visións existentes nunha sociedade que nos acolle. Dalgún xeito facíanse eco do texto que tantas outras levaron e levan agochado entre os dentes, con medo a que se sae ao exterior a costela doa. Cos pés en firme poñían en alto relevo a súa disposición a resistir. Pero, ¿é a resistencia o estado que define as valentes? E se así fose, despois de tantos séculos, ¿aínda non estamos cansas de selo? ¿Somos valentes por falar ou sómolo por pedir a palabra e resistir agardando a que nola concedan? ¿En que consiste "pedir a palabra"? ¿Foi ese un termo que xurdiu a partir de que unha muller, no medio dunha xuntanza colectiva nunha ágora, nunha praza ou nun quinteiro, foi valente e ergueu o brazo antes de se atrever a falar? Non sabemos se isto pode levar directamente á idea dun autoengano, pero dende logo dista moito do que a muller quere para si mesma e, polo tanto, para a colectividade que a aco-

lle. É preciso, pois, reformularse moitas preguntas, axustarse á linguaxe e aos tempos. Porque se a cuestión é dicir “xa non quero ser máis morta nos teus brazos”, ou explicar e denunciar unha situación que medra como un lume que todo o esnaquiza, nestas *Polifonías* temos unha boa mostra de como facelo.

De certo é necesario falarlle ao outro por medio das accións do día a día e das palabras, empregando as ferramentas que amamos e coas que cada un/unha de nós traballa. Deste xeito, Elas fixérono por medio da canción, da danza e da escrita. Uníronse para esixiren que desaparezan da terra as rosas de sangue, e en cada un dos pétalos deste libro escribiron frases con verbos concretos que negan o esquecemento: “destecer a vergoña”, “berrar aos catro ventos cada nome”, preguntar “onde estabas cando te necesitei?”, non precisar que “a casa reclame unha protección oficial”, dicir “Sóltame”, diferenciar o amor da “voz que todo o cala”, sentirse “libre entre as bolboretas”, saber dunha vez “se estás ou non OK”, desgravar da “memoria o número de chanzos que baixan a rúa”, “pensar e comezar a mirar aos aros da contorsionista”, ir “tirando caretas ao longo da vida”, deixar atrás a “Fuga”, que da boca non se escoite “Un ano xa pasou e nada muda”, nunca máis sentirse “madalenas da paixón”... Quizais só daquela, cando o escrito sexa unha realidade palpable, as mans comezarán a ser unicamente mans coas que se expresar sen ter que pedir constantemente a palabra, e non apéndices que anuncien ameaza, “veloces e crueis armas”.

Infoxove número 1, maio de 2006

Poetízate. Antoloxía da poesía galega editada en *Fóra de Xogo (Xerais)* da man de Fran Alonso

A poesía, esa arma arroxadiza

Se comezásemos dicindo: "Non se ama o que non se coñece" ou "Só é fermoso o fermoso cando alguén o mira" (que diría a Safo de Lesbos), estaríamos a empregar as premisas axeitadas das que tirar, para falarmos de *Poetízate*? Penso en positivo, aínda que nunca chegaremos a coñecer de todo o obxecto amado...

O certo é que *Poetízate* estase a converter nun caderno de bitácora onde o tempo foi antologando a poesía galega. De seguro que non está toda, certo; máis o obxectivo (guiar e chegar á lectura) que se procura cos poemas que compoñen este libro, ten posto todos os seus atributos en funcionamento para que o fin asome (a lectura).

O fin último, o ansiado fin. Godot. A meta pretendida, mais... non nos estaremos a saltar algún chanzo antes de alcanzala?, é tan doado abrir os brazos e abrazar o fin así sen máis, é dicir, a lectura? Agroman as dúbidas e a carreira cara á meta comeza a se truncar (....)

Xa que logo trocamos a pregunta: alguén sabe cal é a argola que non consegue encaixar na viaxe autor-lector, e máis concretamente na de poeta-lector de poesía?

Certamente coñecemos que son moitos os factores, moitas as respostas penduradas no aire, moitos os pensamentos e as chamadas perdidas das que depende a resposta mais, no fondo, todos sabemos que como mínimo a xogada non é tan sinxela. Urxe amosar as cartas máis altas das que dispoñemos neste asunto. Aquelas que soben dende a base coma pequenos grans e que agroman até se transformar garridos en tortas de millo novo...

—"*Poetízate* é unha antoloxía de poesía galega concibida e pensada para que ti, que non estás afeito a ler poesía, te internes no xénero" —di Fran Alonso no seu limiar mentres a realidade é que Galiza está a editar libros de poesía nunha Galiza onde non se len poemas... Era preciso, polo tanto, construír unha guía que nos mostrase o tecido existente entre os silencios e os versos, un itinerario de miradas nas que buscarnos a nós mesmos antes de emprender un labor docente con calquera novo lector. Con isto refírome a que *Poetízate*, ademais de ser un libro dirixido primor-

dialmente para un público adolescente (non en van está editado nunha das coleccións máis frecuentadas e polo tanto preferidas deste sector) é un punto de referencia obrigado para calquera educador/a.

Fran Alonso achégase ao lector coma un guía certo que vai rachando cos tópicos que de cote lle son atribuídos á poesía: xénero romántico, aburrido, para tolos, somnífero... e opta por afirmar que a poesía non morde, senón que máis ben é un vehículo que nos achega ás cousas que nos forman día a día, ao orgánico e ao cotián. Posiblemente esa sexa unha fórmula útil e precisa, xa que unha das características máis maravillosas coas que conta a poesía é a capacidade de facernos entender a vida. Pero, como facer para lle transmitir aos máis novos que a poesía é unha maravillosa compañeira de viaxe que non traizoa, que sempre permanece? Termos un tanto abstractos de máis se non se escoitan dende o tempo previo á saída dos dentes, pois, a verdade, é que non existen os segredos nin as fórmulas matemáticas cando falamos de sensibilidade e de cariño. Dalgún xeito, a crenza en que de verdade a poesía (e a literatura en xeral) é precisa na vida de calquera persoa, así como a transmisión desta idea dende a naturalidade e a oralidade, serían vías máis que suficientes neste proceso de "chegar á meta". Mais movémonos en áreas móbiles.

En toda aprendizaxe é necesario un tempo de sensibilización, un fío que nos motive e que finalmente nos achegue á fin última. Nunca seremos lectores se alguén non nos pon un texto nos sentidos, se un ser próximo a nós non traballa no noso maxín o labor duplo do sementador-recolector. A poesía, a arma arroxadiza, a ferramenta coa que despertar a mente depende dun ensino previo dos códigos, dunha descodificación persoal. Por iso, o limiar que tece Fran Alonso non ten perda ningunha. É atinado e fala dende a proximidade, chama ao cambio dende o referente. Convida ao goce daqueles lectores asiduos á Colección Fóra de Xogo e dos que aínda non o son, dos que deberían recomendar este libro tras facer un labor de sensibilización cos seus achegados máis cativos, e dos que aínda teñen que vivir o proceso da sensibilidade no propio corpo antes de recomendalo.

Con todo, *Poetízate* chama á esperanza e xa conta con lectores e recitadores dos textos que o forman en todos os pobos, cidades e aldeas de Galiza. Estase a converter nun libro de referencia do que xa non podemos prescindir. Así que xa o sabes, avisa a quen queiras e entra neste universo da interpretación da vida, *poetízate*.

Infoxove número 2, xuño de 2006

en construción, de Eduardo Estévez. un poemario que deixa ver como vai nacendo

“á vista do último material que fun escribindo estes meses, teño elementos para pensar que podo estar no camiño de construír un novo libro. e decido compartir esta experiencia coa xente que pasa por aquí” –comezaba Eduardo Estévez un 15 de Xaneiro de 2006 o seu poemario *en construción*. E así o fixo.

Eduardo Estévez é un deses poetas que realmente goza cos actos creativos, coas traxectorias dos procesos, co feito de compartir poemas e críticas positivas. Accións que poucas veces se ven dun xeito tanxible nos escritores, e que na súa voz chaman ao diálogo e á aprendizaxe.

A través do seu blog: www.oollodavaca.blogspot.com, “a xente que pasa por aquí” (os visitantes) poden participar no proceso de construción do seu novo poemario, deixar comentarios na bitácora, facer suxestións sobre os textos e mesmo propoñer correccións dos versos... Toda unha aventura creativa pola que camiñar como lector activo da man do poeta que, cando menos, chama á reflexión.

Dende que a internet chegou ás nosas vidas coma unha ferramenta de traballo cotiá, foron moitos os escritores e as escritoras que se lanzaron a escribir na rede. Deste xeito tamén o fixo Eduardo, nun primeiro momento a través da web *Luagris* e dende hai un ano no seu blog. Novos soportes nos que o poeta síntese cómodo e nos que atopa a inmediatez perfecta para poder intercambiar cos lectores as súas opinións sobre o que vai escribindo.

Aínda así, para o escritor non todas son vantaxes á hora de crear na rede. Xa que se ben a inmediatez e o grande número de lectores que visitan as páxina son dous dos grandes pros, tamén existen algúns contras. Neste senso, Eduardo apunta ao engadido emocional vencellado á tradición que posúe o papel e do que carece o novo formato, á non total accesibilidade por parte de todos os usuarios (polo tanto lectores en potencia) a internet, así como o ritmo de videoclip ao que están acostumados a se mover os achegados á rede e que impide manter a atención destes máis de uns poucos segundos. De todos xeitos, se algo ten de positivo a internet, ademais de todas as vantaxes xa citadas, é a difusión.

Os blogs estanse a converter en xigantescos microuniversos onde expresámonos de forma autoxestionada. Unha vía empregada dunha

forma fermosa e orixinal polo autor que aquí presentamos. Oollodavaca é o espazo onde Eduardo Estévez pensa con tranquilidade propia cada palabra que di. Olla ao mundo coa mirada posta na sociedade e no panorama literario, xestionando os seus textos coa delicadeza que o caracteriza.

Non é novo dicir que os amantes dos soportes tradicionais, entre os que moitos nos incluímos, podemos atopar textos de Eduardo impresos en papel. Por suposto que se así o queremos está na nosa man achegarnos aos seus poemas publicados en libros como: "Só paxaros saíron desta boca", "Lúa gris", "Os veos da paisaxe", "Caderno apócrifo da pequena defunta", "derrotas" ou "itinerarios"; máis a produción deste autor non remata nos lindeiros da celulosa. Asemade existen textos sitos na súa páxina web (www.luagris.net) e no blog (www.oollodavaca.blogspot.com). Tirado deste último, amosamos un poema que nos fala da indecisión. Unha pequena historia que trata daquelo que nos gustaría ter visto, daqueles personaxes que quixeramos ter sido. Un novo feito literario creado tendo en conta as vosas opinións e que Eduardo abre ao mundo coma un caramelo doce:

indecisión

senta sempre
na mesa do lado

poderías convidala a un café

ou escribir
un poema cos seus ollos

soñarás co café

mais a túa alma escolle
o desacougo breve do poema
a pequena morte de vela marchar e

na túa mesa
unha solitaria taza de café

Infoxove número 3, xullo de 2006

De mudanza

A nova casa e o primeiro té verde apoiado enriba das caixas, baixo as lámpadas dos anos setenta. A visión desexada. Só queda pechar a porta e respirar.

O espazo propio. A pseudoautonomía. O piso de aluguer. A vida por diante para ser construída, alongada a través dos días como as pestanas co rimmel. Todos os recordos envoltos en cinta de embalar tal que xamón e dátiles, e dez dedos que envían mensaxes: “Xa teño casa, un castelo onde estarricar as miñas trenzas. Pasade a saudarme e non traiades nada, teño ocos e axilas para darvos”...

Metros de paredes que escoitan, milleiras de partículas de pintura coas que ela se comunica na linguaxe de signos. Porque ela é así. Aprendeu a calarse dentro e a se respectar nos silencios. Por iso gusta de introducir palabras polo medio dos materiais para logo raspalas e tragalas dun só golpe. Precisa que se lle queden dentro, que xa nunca teñan o valor de abandonala.

Por se é o caso mantén o ordenador prendido sobre a mesa da cociña. Quizais sexa preciso escribir...

Hoxe,
que non sobra nada e todo estorba.

As mudanzas son a escusa perfecta para facer balance de arrecendos, dos lugares polos que fomos recollendo as nosas respiracións. Por iso ela está sentada no medio do cuarto máis grande da súa nova casa, xusto onde as caixas se converten en montaña rusa para o goce do pó e das arañas, e queda co nariz fixo nun punto, na necesidade de entenderse.

Ás veces sinte pequenos impulsos e chamadas de atención: *–Ter valor (stop) Comezar a desencaixar (stop)–*, pero pronto desbota o pensamento: *–Quedar aquí sentada (stop), todo o tempo (stop), ate que alguén me atope (stop) e rache o silencio.*

O mellor de todo é que os elementos do conxunto semellan estar perfectamente situados no seu lugar: unha esquina, o oco, outra esquina, o oco, as caixas, o oco, os recendos, o oco, as esquinas, as caixas, os cheiros, os ocos... A totalidade construída nunha desorde tan caótica que semella necesaria.

A desorde necesaria.

A corda á que se amarrar cando as liñas puras convertidas en rutina
fan sangar aos ollos,
cando a perfección é unha elección demasiado coñecida como para
voltar a tomala.

Quizais ese sexa o motivo que a anula na actividade, nos movemen-
tos orgánicos de calquera rapaza nova e disposta.

Pero ela xa ten decidido que non vai saír da súa postura. Pensa per-
manecer no estado de pausa propio das bonecas de trapo, chantando a
mirada de botón na elevación da montaña rusa.

Decidiuno hai pouco máis duns minutos.

Mentres vós líades este texto e alguén chamaba á súa porta sen acci-
dar resposta.

Infoxove número 6, outubro de 2006



María Lado

María Lado Lariño naceu en Cee (A Coruña), en 1979. Desde moi pronto se interesou pola poesía e iso levouna a formar parte do Batallón Literario da Costa da Morte. Desde aquela ten publicado dous libros de poemas, *A primeira visión* e *Casa atlántica, casa cabaré*, e un terceiro, en edición dixital, *Berlín*.

peaxe

o último sol desaparecía dourado no retrovisor, entre o fume das chemineas minúsculas da cidade. se non lle tivesen roubado a radio cando menos álvaro podería poñer música para non escoitarse maldicindo ó cabrón do seu xefe. nin ese clinclin de obxectos amontoados no asento traseiro que o atormentaba. agora a álvaro gustaríalle ter un enxeño coma o dos coches que lle limpase as bágoas. pero mellor así. seguro que poñían cancións tristes que lle recordaban a helena. e parecería aínda máis imbécil. mellor iría pola autopista. porque ameazaba con chover e o ceo tan gris... e pararía na cabina catro da peaxe para pendurarse da mirada doce da rapaza dos martes. álvaro pensaba que o seu sorriso podería botar o mundo a andar se este se detivese.

sen dúbida a calefacción estaba demasiado alta e álvaro suaba cando baixou o vidro. diríalle á rapaza doce dos martes que namorara do nome da cor dos seus ollos. que o día gris precisaba o seu sorriso coma un bálsamo. diríallo moi baixiño, para que sorrise, se ela non fora despedida aquela mesma tarde antes de rematar a súa quenda.

sen dúbida a calefacción estaba demasiado alta e álvaro demasiado canso cando comezou a chover no km. 17 palidecera, si, pero o sorriso da rapaza do martes pegáraselle nos beizos.

Infoxove número 2, xuño de 2006

Literatura galega en código binario

As novas tecnoloxías modificaron os nosos hábitos comunicativos, a nosa maneira de relacionarnos co mundo e coas persoas. E a súa influencia tamén chega á literatura. Hoxe xa non só consideramos libros aqueles escritos en papel nin é precisa a mediación dun editor para facer público un texto. Ademais o lector pode participar activamente da comunicación literaria, cobrando máis importancia a interactividade. As letras galegas non son alleas a estes cambios. Na rede podemos atopar moitas creacións na nosa lingua que buscan nas ferramentas dixitais novos camiños para a expresión.

As posibilidades que ofrecen os medios electrónicos animan aos creadores a traspasar as fronteiras clásicas entre as artes. Imaxes, vídeo ou música únense ao texto para crear unha soa obra. Para máis, internet está cheo de recursos gratuítos que permiten a calquera ser o seu propio editor, xa sexa mediante blogs, fotoblogs, radioblogs, aloxamentos para vídeo ou páxinas persoais. Con eles pódese publicar de maneira sinxela. A comunicación entre as partes é moi fluída, especialmente a través dos sitios que permiten comentarios ou creacións colectivas en liña. Pero a gran novidade é a capacidade da rede para a creación de vínculos, ligazóns que completan ou contrastan o escrito. Fan que as palabras tomen unha nova dimensión e crean pequenas comunidades que funcionan máis alá do espazo físico.

Todo isto tamén fai aparecer novas maneiras de entender o dereito de autor, relacionadas coa propia capacidade da web para referenciar e tomar dun lado e de outro. Porque a rede é comunicar, pero sobre todo é compartir. Así nacen as licencias de copiceibe e creative commons, que, fronte aos estritos dereitos tradicionais, avogan pola libre difusión das obras.

Neste ambiente a literatura galega atopa na rede un espazo libre polo que campar a gusto. Nel conviven sitios nos que ler autores clásicos con outros dedicados a poesía visual, colectivos literarios, autores emerxentes, revistas literarias ou descarga gratuíta de libros. Pero sobre todo numerosos blogs. Calcúlase que actualmente hai máis de mil escritos en galego e que o número segue a medrar. A maior parte deles non son literarios nin o pretenden, tampouco a literatura é algo maioritario no mundo non virtual. Sen embargo revélanse como unha ferramenta útil para estes propósitos. Así o demostran experiencias de varios blogueiros en todo o mundo que viron as súas obras editadas como libros. En Galiza esta alqui-

mia comezou con *Anxos da Garda*, nome da bitácora de Anxos Sumai, que rematou en novela de papel das de toda a vida. Pouco despois foi *O Home inédito* de Carlos Meixide, publicado por A rotonda edicións, a que se converteu na primeira novela virtual galega.

Pola súa sinxeleza son moitos os autores que escollen o blog como medio de expresión, aínda que non sempre coa mesma intención literaria. Aquí, como en botica, hai de todo: referencias a obras, crítica, creación, novidades... algúns escritores con blog son Fran Alonso, Estíbaliz Espinosa, Jaureguizar, Francisco Castro, Manolo Bragado, Suso Bahamonde, Francisco Castiñeira, Antía Otero, Ana Cibeira, Eduardo Estévez... este último ademais parte do seu blog *O ollo da vaca* para abrir un espazo de colaboración chamado *En Construción* no que se pode seguir o proceso de escritura dun poemario.

É curioso tamén que neste ano comecemos a atopar autores da blo-goesfera ano nos premios literarios. Un bo exemplo é Marcos Calveiro, mantedor do blog *Alfaias* e autor de *Sari, soñador de mares*.

Deste modo comeza a ciberliteratura en galego a dar os seus primeiros pasos. A rede ademais ensínanos que agora xa non hai escusa; non fai un libro quen non quer.

Enderezos de interese:

Biblioteca Virtual Galega : <http://bvg.udc.es/index.jsp>

Consello da Cultura Galega: <http://www.consellodacultura.org/>

Blogomillo (bitácoras en galego): <http://blogaliza.org/>

Arredemo, rede de acción sociocultural con libros para libre descarga:
<http://www.arredemo.info/>

Edicións da Rotonda, editora virtual galega: <http://www.arotonda.com/>

Chuza, novas galegas: <http://chuza.org/>

Andar21, revista literaria cunha selección de ligazóns moi interesante:
<http://andar21.fiestras.com>

Enderezos dos citados:

Blog de Fran Alonso: <http://cabrafanada.blogspot.com/>

Blog de Estíbaliz Espinosa: <http://www.estibalizes.blogspot.com/>

Blog de Jaureguizar: <http://www.cabaretvoltaire.canalblog.com/>

Blog de Francisco Castro: <http://www.rioleteo.bitacorras.com/>

Blog de Manolo Bragado: <http://www.bretemas.blogspot.com/>

Blog de Suso Bahamonde: <http://www.susobahamonde.blogspot.com/>

Blog de Francisco Castiñeira: <http://ningures.blogspot.com/>

Blog de Antía Otero: <http://www.agardandoagodot.blogspot.com/>

Blog de Ana Cibeira: <http://anacibeira.blogspot.com/>

Blog de Eduardo Estévez: <http://www.oollodavaca.blogspot.com/>

blog de Marcos Calveiro: <http://alfaias.blogspot.com/>

Infoxove número 3, xullo de 2006



Lucía Novas

Nace en 1979 en Bueu (Pontevedra). Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, actualmente é bolsreira desta universidade. Comeza a gañar os primeiros premios literarios durante a adolescencia (Minerva de poesía 1996, 1997) e o seu primeiro libro (*Epiderme de estío*, Espiral Maior) ve a luz no 2001 grazas ó Certame Concello de Carral. Ten no seu haber o Premio Universidade de Vigo de poesía (2000) e o Faustino Rey Romero (2000), entre outros. Participou en diversos volumes colectivos así como nas antoloxías *Das sonorasas cordas* (Eneida, 2005) e *Poétízate. Antoloxía da poesía galega* (Xerais, 2006).

ACHAR a transparencia, o fulgor, os edelwais, as mañás luminosas,
as follas do eucalipto, a transgresión, as ínsulas
estrañas, os froitos
caídos sobre o tempo, as doas translúcidas, o áloe tremendo, a man
[delicada, os lombos sinuosos.

E caen as uvas
sobre o van (rumor invisible),
e xorden as palabras, os dédalos, as ilusións, os labirintos,
e retómanse as fisterras, o furacán, as rotas
das últimas
bategadas da noite, as mensaxes eclécticas, os mitos desterrados, as
[angurias do medo, os sweet dreams, os círculos bizarros,
e mesturar o temor, a dozura absoluta, a delgadeza nas mans, as unllas
espidas, o balbordo penumbroso, o rumor das laranxas, o fío esquecido,
e long blondes, e tom tom club,
e reinventar as fontes, e recuperar as marxes, o pracer indelével, a dignidade
certeira, a sombra entre as árbores, as reviravoltas estrañas, os paxaros
sombriños, a ponla
que esgaza, e áchase orgullo
en cada recanto, e é posible erguerse
sobre o vento, e absorber as correntes,
e atravesar as marxes, e esnaquizar as verbas, e volvelas engarzar,
e os lirios
resplandecen sobre os corpos, e hai pegadas, farangullas perdidas, camiños
afastados, e habitan ras
onde remata o tempo, e xorden os seixos, nacen os illós, e recupero a
[pradeira,
os cabalos míticos, as flores salvaxes, a terra fecunda, a estrela tan nítida,
e procuro o subterráneo, a periferia, as fisterras, os nobelos de la, os lagartos
sobre as illas, o buraco do inferno, a nube enfiada, a turbadora semente,
as crinas translúcidas, o unicornio místico, a utopía perdida,
e adivíñanse os alpes, e áchase o celme
entre os cascallos, abelorios de xeo, tartarugas lentísimas, torrentes de auga,
caracois sinuosos, diamond dogs,
e non serás amo, e transformaranse as rochas, e habitarei na transgresión, nas
marxes, na transparencia...

Infoxove número 2, xuño de 2006



María do Cebreiro

María do Cebreiro (Compostela, 1976) é escritora e investigadora. Ten publicados os libros de poemas *o estadio do espello* (1998), *nós, as inadaptadas* (2001), *Non queres que o poema te coñeza* (2004), *O barrio das chinas* (2005) e *Os Hemisferios*, de próxima publicación. Traduciu e escolmou cancións de mulleres afroamericanas en *Damas Negras* (2002) e adaptou ao galego a obra *Tres vidas*, de Gertrude Stein (2006). É autora dos ensaios *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña* (2004) e *As terceiras mulleres* (2005).

Os *heavies* e as poetas

Ao remate dun recital, un xornalista espétame: “Os *heavies* e os poetas sodes os últimos inocentes deste mundo”. Nunca tal eu pensara, e iso que sempre me prestaron moito os *heavies*. Inspírame confianza a xente que responde á dureza das cousas armándose de dureza, desde o nome até o coiro. Teñen a sensibilidade dos que precisan responder ás agresións. Teñen conciencia grupal. Non son submisos. Para os demais, cadeas e reloxos. Eles non van á moda, por iso teñen aínda o corazón de ouro. Os poetas, en cambio, habíamos levar máis ferro ao corazón.

Parada como quedei despois daquela arroutada, non fun quen de responder que non debería haber cousa menos inocente que un poeta. O profesor Antón Figueroa, referíndose ao campo cultural, fala adoito do “mito da inocencia”. Os mitos dan lugar aos prexuízos. Os prexuízos impiden coñecer. Alguén di “leliadoura”, e o lector, con bo tino, conclúe “plátano es”. Os poetas adoitan deixar as frases en suspenso e os poemas, xa se sabe, son cousa moi ambigua. O plátano vén das Canarias. En Canarias é unha hora menos. En Galicia perdemos luz por culpa do cambio horario. (Isto non é poesía).

Conclusión: a cultura come e dá de comer en boa medida grazas á implantación social do mito da inocencia. Que boa xente, os artistas. E os poetas, eses xa son o máximo. Escriben con metáforas. Eles, menudo estilo. E elas, tan estilasas.

Hai moitos xeitos de perder a inocencia. Todos son bos. Algúns mecanismos de lexitimación son tan visíbeis que case non é preciso denuncia-los. En cambio, adóitase ignorar a presenza efectiva (e por sutil, se cadra, dobremente efectiva) de modos de intervención máis inmediatos. Como se escribir publicamente non fose xa un xeito de exercer o poder.

A linguaxe tamén é violencia. Sempre que se abre un turno de palabra, outra persoa deixa de falar. A alternativa, quizais: non escribir para que nos escoiten, senón para que nos respondan. Non creo que o poder sexa malo de seu, e Foucault demostrou que vén de abaixo, hipótese que convida a exercelo até arriba. Non somos inocentes, as poetas, e non é mala cousa. A vida é complicada, e a vida cultural non é unha excepción.

Todos temos intereses, pero non todos os intereses son iguais. Quizais cumprise comezar por distinguir entre os públicos e os privados. Entre os persoais e os colectivos. Para poder quedar, hai que asumir que estamos. Que non se nos xulgue pola presenza ou ausencia de estratexias, senón

polo sentido das nosas estratexias. O que facemos ou deixamos de facer non será cabal na medida en que careza de propósito, senón na medida en que o seu propósito sexa máis ou menos cabal.

Deámonos o luxo de ser obxectados publicamente polo que procuramos, e non só polo que facemos e dicimos. As cousas moitas veces non son o que parecen. Para poder saír do reino da opinión, habería que comezar por dicir, canda Montaigne, "o que eu opino non dá a medida do mundo, senón a medida do meu entendemento". O mundo é ancho e alleo. Do entendemento, en poucos casos podemos dicir que é propio. Fagamos o posíbel por que non sexa estreito.

Infoxove número 3, xullo de 2006



Séchu Sende

Padrón 1972.

Ten publicado o libro de poesía *Odiseas*, 1998, Letras de Cal e a novela *Orixe*, 2004, Galaxia.

Como profesor de lingua e literatura ten rodado cos seus alumnos e alumnas varios filmes, entre os que destacan *A ghaliña de raza loba* (Carral, 2002) e *Papamoscas* (Vila de Cruces, 2006).

Activista social da Burla Negra ou Area Negra, desde a guerrilla da comunicación participa no movemento social en diferentes espazos de acción.

Socio da Cooperativa *Tagen Ata, Lingua e Comunicación*, como socio-lingüista está a preparar un "Método de autohipnose para falar galego", así como un "Estudo Sociolingüístico da Mocidade baixo os efectos das drogas".

Se vedes pintadas nos caixeiros automáticos ou unhas camisolas coa lenda "Eu nunca serei yo", que saibades que é un verso seu. No campo da moda, é cofundador da firma de roupa para bebés "Beibiceibe".

A súa última obra, *Made in Galiza* (Galaxia, 2007), libro de relatos rebeldes, mineralizantes e supervitaminantes.

Test de afectividade: a literatura e ti

1. Recordas onde coñechiches o último libro do que te namoraches?
 - a. Claro.
 - b. E ten que ser o último?
 - c. Puff...
2. Se o teu mozo ou moza che pide que lle leas un poema...
 - a. Que guai.
 - b. Prefires outro tipo de vicios...
 - c. Cambias de mozo ou moza.
3. É certo que os varóns que len habitualmente teñen mais espermatozoides *per capita*?
 - a. Si.
 - b. Non.
 - c. Ns. / nc.
4. Que palabra elixirías para rimar nun soneto con poeta?
 - a. Peta.
 - b. Caldeireta.
 - c. Ornitorrinco.
5. Podes facer cola durante unha hora antes de que empecen as rebaixas...
 - a. Diante dunha librería.
 - b. Diante dunha tenda de roupa.
 - c. Nunca.
6. As mulleres len máis que os homes...
 - a. Como moitas outras cousas.
 - b. Así lles vai (aos homes)
 - c. Pero saben menos de fútbol.
7. Que significa en éuscaro "Kulturán sakanago orduan eta askeago"?
 - a. Sé cult@ para ser libre.
 - b. Quérote, meu amor.
 - c. Un pincho de tortilla, por favor.

8. Na túa mesiña de noite non pode faltar...
- a. Un libro.
 - b. Condóns.
 - c. Unha postal da virxe María.
9. Canto tempo les ao día...
- a. Menos do que gustaría.
 - b. Máis do que gustaría.
 - c. Máis ou menos.
9. Tiveches algunha experiencia sexual con algún libro na mao?
- a. Si.
 - b. Non.
 - c. Eink?

RESULTADO:

1. Maioría de a: Parabéns!, os libros e ti sodes a parella perfecta! Por moitos anos!

2. Maioría de b: En fin, podía ser mellor... Os libros e ti tédesvos cariño aínda que, seguramente a raíz dalgunha mala experiencia, existen pequenos problemas entre vós que tal vez deberíades solucionar.

3. Maioría de c: Existen moitas desavinzas entre a literatura e mais ti, tedes que dialogar e descubrir os vosos problemas. Deberías pór mais da túa parte se non queres ser un desgraciado lector, ou lectora, o resto da túa vida. Non esquezas que sempre hai un libro agardando por ti.

Infoxove número 4, agosto de 2006

Eduardo Estévez

(Bos Aires, 1969).

Reside en Galiza dende 1995 e, dende aquela, publicou varios libros de poemas: *só paxaros saíron desta boca* (1998, accésit de poesía Miguel González Garcés), *lúa gris* (1999, finalista Premio Tivoli Europa), *os veos da paisaxe* (2000), *caderno apócrifo da pequena defunta* (2002, premio Eusebio Lorenzo Baleirón), *derrotas* (2004, premio Concello de Carral), *itinerarios* (2005, antoloxía).

Actualmente traballa con *en construción*, un libro que vai escribindo en público dende a súa web (www.luagris.net) e mais dun blog (www.enconstrucion.blogspot.com).

Foi membro do consello editorial de Letras de Cal e Retagarda Edicións. Actualmente coordina obradoiros literarios na biblioteca municipal de Fene e mais na das Pontes.



A propósito de *A tarde*, primeiro libro de poemas de Suso Pensado

Para falar deste libro, hei referirme, en primeiro lugar, á voz que fala nos poemas. É unha especie de narrador en primeira persoa, aínda que, como apunta Xulio López Valcárcel no prólogo, aparece case sempre como espectador do que está a contar, observador atento, escrutador, analítico. Pero non participante da escena.

Fíxase o prologoista na atemporalidade dos textos. Efectivamente, non resulta doado situar temporalmente as paisaxes dos poemas. E eu engadiría que tampouco non é doada unha localización espacial destas paisaxes. Dá a voz poética tres elementos para a situación espacial e dáos mesmo na primeira oración do libro: *“Deitado ó sol da tarde dunha aldea interior, / o mundo é un brillo de teselas, / un cintileo azul que case me adormece entre as escasas sombras / do parque e da piscina”*.

A primeira palabra clave é “aldea”. A pesar de que a tal aldea non ten en ningún lugar do libro nome e apelidos, esta referencia permítenos dar forma en boa medida ao espazo no que se desenvolven os poemas. Pero hai outras dúas palabras que, inicialmente, me desconcertaron: “parque” e “piscina”. Son dúas palabras que eu non dou asociado ao noso concepto de aldea. Xa que logo, entendo que o xogo da voz consiste en situarnos nun espazo máxico, alleo, exótico. Máis semellante, ocórreseme, ás paisaxes campestres de Proust do que aos nosos espazos rurais.

Non hai, xa que logo, unha situación xeográfica delimitábel nin unha especificación temporal clara. Pero iso non quere dicir que non teñamos elementos abondo para a construción da paisaxe. Con “aldea”, “parque” e “piscina” podemos construír a escenografía. E outros elementos de índole temporal permítennos completar o cadro: o mesmo título do libro, “A tarde”. A “piscina” remite automaticamente á calor, o verán. Tamén “os grilos” protagonistas doutra das seccións do libro. Quer dicir, non podemos saber con certeza se as paisaxes dos poemas están tomadas con cámara dixital ou son fotografías en sepia, pero si temos elementos para completar as sensacións do ambiente, os cheiros, o tacto do aire: o atrezzo, o vestiario, a banda sonora. Elementos todos para que a construción imaxinaria do entorno sexa doada e completa.

O libro está estruturado en cinco partes. A primeira delas titúlase “A piscina” e é a presentación do tema central do libro. Neste estraño ámbi-

to rural aldea-con-piscina aparecen en escena uns adolescentes, ocupados no que é propio dos adolescentes no verán: a folganza, os xogos e cunha actitude que tamén lles é propia: a despreocupación, a desidia.

A voz poética obsérvao e admírao. Velaquí un dos elementos máis importantes do libro: a admiración do corpo novo, do corpo que non coñece a dor, do corpo que non sabe das preocupacións da vida adulta. Retomando unha vella tradición grega, que vén dos clásicos e pasa, nomeadamente, por Konstantin Kavafis, a voz destes poemas, cunha fina ollada sensual, observa e admira (e envexa) a perfección da xuventude.

A segunda e a terceira parte son unha ollada ao entorno: “os grilos e as árbores” e mais “as abellas”. Fan parte da construción da paisaxe e completan o canto á plenitude do verán.

Só na cuarta parte do libro aparece “A tarde”. Na primeira lectura do libro, chegado ata aquí, chamárame a atención que se titulase así un libro que trata da plenitude, da louzanía, do vigor do verán. Pero é que a ollada desta voz poética non é cándida. A voz mira todas estas cousas a conciencia da súa caducidade. “A tarde”, o final do día, é aquí (e sempre, claro está) metáfora do inicio da caída, da decadencia, heraldo, en suma, da morte.

É nesta parte cando os personaxes se retiran da piscina, esmorece o balbordo, esvaen os xogos, apágase a vida.

E, finalmente, o outono. Remata o verán, a xuventude murcha e cae. É a constatación filosófica de que os valores positivos son tales unicamente en contraposición a outros negativos. A louzanía e o vigor sensual da xuventude contrapóñense coa decadencia, a “derrota inevitábel dos outonos”. A derrota da que ninguén se libra, como se desprende da pregunta retórica que se fai a voz no poema.

Retomo, xa que logo, a modo de peche, o tema do título. Como xa dixen, “a tarde” é metáfora da declinación, da decadencia, da derrota diante do tempo. A *tarde* paira sobre as imaxes da plenitude para que miremos o seu triunfo a través do cristal do outono, para que saibamos, ao ver o froito maduro, que detrás vén o tempo de murchar e caer.

Esta é a miña lectura do libro de Suso Pensado. Non pretendo que sexa a vosa lectura. De feito estas liñas borraránse das vosas mentes para que poidades, se non o fixestes aínda, mergullarvos nesta piscina de plenitude e sorprendervos ao comprobar que toda louzanía non é máis có camiño irremediábel cara ao outono, cara á tarde.

Suso Pensado, *A tarde*, Espiral Maior, 2005.
Infoxove número 4, agosto de 2006

Estratexias para presentar un libro (a propósito de *Tanxerina* de Mario Regueira)

Diría, a bote pronto, que existen tres maneiras de se enfrontar á tarefa de presentar un libro.

A primeira, consiste en falar do autor. Mal asunto en xeral: a construción do libro que se fai no momento da lectura (da “recepción”) é independente dos datos biográficos do autor. Mesmo tratándose de poesía. O libro fala por si mesmo. Calquera semellanza coa realidade é pura coincidencia.

Con todo, dixen na presentación que o autor naceu en Ferrol en 1979, e que antes de publicar *Tanxerina* vira luz un seu libro de relatos, *Rebelión no inverno*.

Descartada a primeira, existen dúas maneiras de se enfrontar á tarefa de presentar un libro: falar do seu aspecto formal ou falar do seu aspecto semántico, do contido.

Non procedía, penso, no caso de *Tanxerina*, centrarse moito no aspecto formal. O modo que escolleu o autor para estes textos é case narrativo. Versos de ritmo alongado, e unha primeira persoa que vacila entre o singular e o plural, case sempre masculina pero que cambia a unha voz feminina nun poema que, por inesperado, ocupa un espazo central. A voz sostén unha sintaxe rota, que flúe aparentemente caótica.

Estes elementos están ao servizo da construción da mensaxe. Sempre debería ser así: a forma do texto (a utilización de recursos poéticos, a estrutura escollida) debe ser funcional ou non ser.

A lectura semántica, debe aclararse, é persoal. A construción que se fai no momento da lectura é subxectiva e dificilmente transferíbel. Non se pode pretender, xa que logo, chegar á verdade única do texto. Ese concepto non existe.

Velaquí a miña verdade de *Tanxerina* (ou mellor dito, a que era a miña verdade cando preparei a presentación):

A paisaxe, o escenario no que se desenvolven os poemas, é exótico. O ámbito é, aparentemente, o do Magreb (cores, recendos e sons sensuais e envolventes).

Neste ámbito a voz constrúese a si mesma –na proximidade– sobre as relacións sensuais ou sexuais. Constrúese e destrúese constantemente. E sen perder a perspectiva colectiva da edificación da identidade cultural e social.

Pero logo descubrimos que hai outros elementos que resultan alleos dentro do estrañamento exótico: referencias a Palestina, notas saharauís e o Rick's Café de Casablanca. Cal o sentido destas estrañas mesturas?

E outra pregunta: Por que falar do alleo?

Esta primeira persoa (como dixen antes, en singular e plural, quer dicir: "individual" e "colectiva") aparece situada na paisaxe árabe pero en realidade mira esa paisaxe dende fóra, a través da lente transformadora da distancia. Xeográfica e cultural. Igual que acontece coa mirada de Casablanca, a mirada do Magreb de Mario é unha mirada filtrada.

É isto un demérito? Resulta que o libro tenta ser unha cousa e non o consegue? Non o creo.

Eu creo que este libro é un intento de construción persoal da voz que fala nos poemas. E esa construción é complexa, contraditoria e dificultosa. Está feita de elementos materiais diversos, de perspectivas conflitivas e, por iso mesmo, en loita constante consigo mesma.

Pierre Bordieu sostén que a construción persoal se fai a partir da toma de conciencia da diferenza co alleo. Ese parece ser o destino destes poemas: construírnos a nós mesmos a partir de percibirnos diferentes do outro. Velái a paisaxe de *Tanxerina*.

Conclusión contraditoria: existen tres modos de presentar un libro e, en xeral, vale tirar dos tres á vez.

Infoxove número 9, xaneiro de 2007



María Reimóndez Meilán

María Reimóndez Meilán naceu en Lugo en 1975 e é tradutora e intérprete de profesión. Ten publicados os libros *Moda Galega* (Edicións Positivas, 2002), *O Caderno de Bitácora* (Edicións Positivas, 2004), *Usha* (Xerais, 2006) e *O club da calceta* (Xerais 2006). Ademais é fundadora e presidenta da Organización Non Governamental de Cooperación ao Desenvolvemento IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (www.implicadas.org).

Maletas

Cada vez que se fai unha maleta comeza un mundo. Non a ensinan nas escolas, pero deber haber unha arte específica para facelas. De botar dentro a roupa, os trangallos, o neceser. Ou de colocalo todo ordenadiño ao milímetro. Se cadra alguén debería comezar unha nova disciplina científica sobre as maletas, cunha nova rama se cadra de estudo do comportamento que se basee na forma de facer as maletas para determinar a personalidade dunha persoa. E logo haberá expertas no CSI para deducir este tipo de cuestións á par có ADN.

Pero é que as maletas tamén teñen o seu ADN e o seu corazónciño. Na proximidade unha desas que coñezo ben, unha na que ademais dos libros vai a caixa de urxencias coa medicación para a malaria e a ansia de botar os pés, os ollos e as orellas andar. É unha maleta desas que queren cambiar o mundo. Porque as maletas tenden a ter grandes aspiracións. A de cambiarnos por dentro e por fóra. A de gardar por veces o inesperado, por veces o coñecido, o ansiado.


Esta que preparo é unha maleta do reencontro. Dun reencontro ansiado cun país que me busca desde hai tres anos cando o visitei por primeira vez. O reencontro coas choivas de Addis Abeba e coa montaña que se estende suave e inmensa, fumenta e terrible ao norte do país. O reencontro coa mula, co mal de altura, coa cerimonia do café, coas moscas, co *firfir*, o té con especias, as estradas rotas polos tanques de varias guerras internas e externas. Pero sobre todo a miña maleta busca o reencontro coas persoas. Coas mulleres que carretan a auga ao lombo durante quilómetros ou que viven nos suburbios de Addis, as nenas, os nenos que berran *Faranji, Faranji* para chamar a miña atención. A miña maleta busca escoitar. Porque as viaxes non se fan só con moverse, dime ela. As viaxes fanse sobre todo movendo a cabeza e o corazón. Fanse con palabras. Coas que lemos, coas que escoitamos.

Se cadra esa nova rama de estudo das maletas estableza como punto principal a necesidade de facelas e desfacelas mesmo se aparentemente non se vai a ningures. Pola humildade de recordar o que nos cabería se tivéssemos que fuxir dunha persecución, como a que tantas persoas padecen en Etiopía por razóns políticas. Por recordar a necesidade de saír de nós mesmas e aprender. Esa necesidade que tanto nos colman os libros e o contacto con outras persoas. E na montaña de Etiopía, no illamento da falta de electricidade, latrinas, comida durante meses do ano, educación,

as mozas e os mozos entenden esta necesidade de forma tan intensa que hai tres anos só pedían unha cousa: poder contactar con mozas e mozos doutros países. Son mozas e mozos que traballan por un mundo mellor, que fan teatro na rúa para falar da SIDA e da mutilación xenital, que atenden a nenas e nenos menores. Desafíos enormes e un desexo de moverse sen deixar o sitio. Así naceron os Clubs de Cooperación (www.implicadas.org), unha iniciativa para poñer en contacto a mozas e mozos de Galicia, a India e Etiopía. Unha iniciativa para que tamén desde aquí a mocidade poida viaxar e entender o mundo e o papel que desde Galicia temos que desempeñar. Porque para cambiar o mundo ás veces non fai falta máis que moverse co corazón. Estadades convidadas a coller a maleta e participar na viaxe! Só se precisa compromiso e ilusión.

Infoxove número 4, agosto de 2006

Celso



Fernández Sanmartín

Eu son:

Celso Fernández Sanmartín

...labrador, poeta, ecoloxista, contador de contos e historias, animador nunha residencia de persoas maiores, ...

Nacín en Lalín o 8 de setembro de 1969

Estudei filosofía en Santiago de Compostela

Agora vivo en Lalín e non teño coche

Ando por moitos sitios.

Este artigo é a presentación dun libro que se titula: *34 burros e 343 pedras para James Sacré, ou algo máis...*

“Aquí estamos os que non valemos pra nada”

Isto escoiteillo dicir a unha persoa maior que vive nunha Residencia en Lalín. Quen así fala é sinal de que non se atopa moi ben, non só fisicamente senón de ánimo. Non sei se dicir que é unha frase conmovedora, ou que como mínimo non deixa indiferente a quen a escoita.

Pero que quere dicir *non valer para nada*?

Eu chámome Celso e traballo de Animador nesta Residencia. Entendo ben que non son tanto os males que un teña ou o impedido que se vexa, como non gozar dunha vida de relacións sociais, amizades e familia, rica; o que nos pode levar a falar desta maneira tan contundente e desesperanzada. E aquí é onde pensamos que burros e pedras nos ían axudar. Si, como oes, burros-burros e pedras-pedras. Inda que só sexa porque aquí falamos de todo, e os burros e as pedras son un tema de conversa coma outro calquera.

Pero é por algo máis:

Xa pasa de tres anos que comezamos a traballar nesta Residencia o trato e o apego interxeracional, si, entre persoas de idades moi distantes, tan arredadas que nalgúns casos había unha diferenza de noventa anos... Fixemos o I Encontro Interxeracional de Convivencia e Actividades. Queríamos que ningunha persoa maior ou moi maior volvera sentir que non vale para nada, ou polo menos intentar que os motivos non foran: a falla de ter con quen falar, con quen ter confianza, non ter actividades compartidas, (que acaban sendo recordos felices e amizades), etc. E dirás ti que onde metemos nestas pretensións os burros e mailas pedras? É doado, só hai que ter ideas claras, compartidas e imaxinativas... e atreverse a pedir colaboración de quen queiramos...

Nós (as traballadoras e traballadores da Residencia maila xente maior) en canto andabamos a voltas coas nenas e nenos (inda non dixemos que tiñas daquelas 4 e 5 anos), coñecemos a un poeta francés que se chama James Sacré, un grande poeta e non sabemos del. Falando falando... soubemos que tiña dous libros que titulou: *Mirando a un burro* e *Non importa que pedra*. Polo que lle propuxemos pintarlle para el burros e pedras e enviarllos e se el quería poderíanos contestar con poemas. O caso foi que aceptou e traballamos nenos e maiores con toda ilusión. Os

nenos non coñecían os burros, os maiores si, e para os nenos tódalas pedras eran máis ou menos redondas e para os maiores non, (eran tamén pedras labradas para facer casas e balados). E os nenos que sabían tan pouco aprenderon moito dos maiores que sabían tanto. James Sacré fixonos un libro enteiro de poemas, que vai dentro do libro que aquí vos anunciamos ó comezo.

Foi trabaloso?

Foi

Criouse amizade entre nen@s e maiores?

Si moita, (e xa levamos tres anos!)

Foi bonito?

Moi bonito.

Cando unha persoa está deprimida, nada lle ten sentido, por iso se paraliza a súa vida. Nós traballamos para que todo teña sentido, e facémolo xuntiños para que teña inda máis.

E despídome con esta conversa entre dúas persoas desta Residencia:

1 –Estou medrando coma as silvas

2 –Aquí non medra ninguén

1 –Aquí medra todo o mundo

Infoxove número 5, setembro 2006

Este artigo vai falar un pouquiño da tradición oral

S.R.C. sendo inda unha moza deu coa receita da pólvora. Vivía nunha aldea que gastaba, dous días ó ano, unha chea de cartos en foguetes. A ela caíalle a baba de asombro, de espanto e de gusto, cada vez que subía un polo ar e o sentía estoupar. *Para causar cos fogos o maior efecto hipnótico, hai un xeito de os botar: os que rebotan máis forte bótanse ó principio e ó remate da sesión, un a un e con calma; e os que son máis frouxos, bótanse por xunto.* Se de nena toleaba porque chegara a festa era máis que nada polas bombas. **E o resto do ano non había día que non as imaxinara.** Pero un día, atreveuse a pensar nunha bomba de palenque tan espectacular, que facía falla collela entre catro, que en subir tardaba dous minutos ou aproximadamente, e que subía moi rápido e moi arriba, pero coa condición de que chegando a unha altura demasiado alta para: vista, oído e corazón; volvía baixar ameazante, sen chegar a estoupar contra o chan, (inda que non disimulara esa intención), e á altura xusta para vela e sentíla con perdón da vida, facía abanear todas as casas sen tirar ningunha; deixaba os oídos zoando, mais, limpos e preparados ou inocentes para volver oír todo de novo como a primeira vez,... Pois si que pasou. Tan ben o imaxinou e o levou polo aire e o estoupou, que saíron tódolos veciños asustados mirar, pensando que a fin do mundo era unha festa, xa só polo fogo, carísima! Ela nunca dixo que fora ela, claro, ata hoxe que mo contou a min, explicoume que os veciños o atribuíron a un trono seco do verán. Pero... e logo a cana do fogo que ela topou espetada na horta?! De onde saíu se hai un momento non estaba?! Tan longa que a parte que tiña espetada na terra era outro tanto da cana que se vía. E coa punta do fondo queimada...

A recreación e reelaboración popular das historias é algo increíble e marabillioso. Todas e todos somos protagonistas e autores. Coñezo persoas moi maiores que nunca puideron aprender a ler nin a escribir, pero que non lles quita mérito porque son intelixentes, intuitivas, imaxinativas e embaucadoras; saben, usan e combinan máis palabras que as que hai en moitos dicionarios, e de maneiras tan exquisitas que un non pode por menos que pararse a escoitalas e querelas seguir escoitando. Hai historias autobiográficas como a que me contou S. que fan dun feito, unha comunidade de sorpresas: como moita xente viviu a mesma experiencia do foguete xigante, elaboráronse discursos acorde cos datos dos que dispoñía cada quen e coas gañas que tivera de domesticar o descoñecido, marabillioso, e

cubribo de sentido e atravesalo de racionalidade, xogo e parrafeo. E para a xente de fóra desta aldea que o escoita contar, queda a intención que lle queira atribuír á persoa que llo conta, en función do creto que esta lle mereza, (se a ten por lingoreiteira ou por sensata), así como da verosimilitude, emoción, confianza, apego ou desapego, como lla conte.

Hai unha historia dos tempos da fame (que o son sempre, só que cambian de lugar) que di que un mozo logrou que lle deran de comer polas portas a base de propoñer que lle puxeran unha pota ó lume con auga, e que el se encargaría de lles preparar unha **exquisita e nutritiva** sopa cocendo unha pedra. Despois resulta que cunha escusa e outra e outra, íalles solicitando ingredientes que ía vendo pola cociña, dicindo que non eran necesarios para a sopa de pedra pero que a adornaban ou a embastecían... Eu cando a escoitei contar pensei que tiña que ser mentira á forza, porque quen se vai deixar enganar pola promesa dunha sopa de pedra?!. Ata que o luns 9 de maio de 2005 lin nunha entrevista que lle facían a un relator da ONU para temas de alimentación no mundo, isto que contou: (transcribo e traduzo)

"No Brasil hai nais que se ven obrigadas a cocer pedras cando os seus fillos lles piden comida. Esperan podelos distraer da fame, que se cansen de esperar e se durman."

O conto da sopa de cocer unha pedra é certo, é o conto sobre un engano moi ben feito que mata a fame. Un enxeño que vence unha das condicións particulares e puntuais (mágoa que non as sociais e históricas) nas que a fame se pode dar.

Infoxove número 6, outubro de 2006

Francisco Souto



A Coruña, 1962. Coeditor das Edicións do Dragón nas que publica os cartóns colectivos *Ao mar de adentro*, *A rota dos baleeiros* e *Dous Bocetos*. Coeditor tamén de *Letras de Cal* nas que publica *Fado*, 1998. É autor de *As árbores do incesto*, premio Espiral Maior, 1994 editado en 1995 e da peza teatral *Amar non ten Laranxas*, Cadernos da Escola Dramática Galega, 1994. Ten inéditos os poemários *Cain* e *As horas de María*. *Crebar cristais coa lingua*, Caldeirón, 2003 é até o momento a última obra publicada, e está a piques de saír do prelo *As horas de María*, recente gañadora do premio Johán Carballeira de poesía do Concello de Bueu.

En 1993 realiza xunto con Laura Quintillán e Kukas o espectáculo pluridisciplinar *América* e en decembro de 2000 a montaxe *Como águas de Maio* na sala Galán de Compostela, xunto a Serxio Moreira ao piano, co que repite para o espectáculo "Avilés canto".

Realiza ilustracións para diversos libros *Tortillas para os obreiros* de Fran Alonso, *Xanela ao bío* de Paco de Tano, e portadas para o libro de Miro Villar *Ausencias pretéritas* e *Um corpo para a infância* de Celeste Craveiro. Participa en exposicións colectivas como *Botella ao mar* e individualmente a itinerante *Poemas Suxos* e no restaurante Mar de Ardora, *Lugar de Incéndios*.

No eido teatral, participa en cursos de formación con Roberto Cordovani e Xan Cejudo e participa como actor (voz) nos espectáculos *Don Gai-feros* de Os monicreques de Kukas e *Hamletmaschine* de Matarile teatro. Escribe os textos: *Alugueres*, Agália, 1993; *Amar non ten Laranxas*, Cadernos da Escola Dramática Galega, 1994. E o inédito *Fantasia animada para cuarteto de cordas*. A fins de oitenta e primeiros de noventa fai crítica teatral para *A Nosa Terra*. A día de hoxe ten un programa semanal de literatura *A Escrita* en Radio Roncudo, única radio libre da Costa da Morte.

Literatura e compromiso

A noite, veludo/ que ás veces espirra de súpeto,/ un farrapo quente/ de fíos que se desfán/ entre a néboa escura./ A noite, que me lembra/ un enorme burato de carbón./ A noite,/ papel secante,/ que todo o chucha para ela./ Á noite, o estraño e o fermoso/ dentro da alma./ Á noite, un medo de elefantes brancos/ que brillan na escuridade./ Á noite./ Sempre hai alguén que sae/ a roubar sentimentos./ A noite, invisible,/ coa súa canción de dolor./ A noite,/ o animal máis silandeiro/ que levo dentro.

Con este fermoso poema comeza o libro *O brillo dos elefantes*, de Fran Alonso (Xerais, 1999) que nos serve como punto de arranque desta reflexión que nos levará a cabalo entre a Literatura e o Compromiso.

O primeiro compromiso dun autor debe ser coa súa obra. O texto, calquera que sexa o xénero escollido: poema, relato, ensaio, peza teatral ou aínda se somos quen de fuxir ou superar o debate formal das fronteiras entre xéneros debe ter unha coherencia interna que nos suxire, se non impón, recursos estilísticos de toda caste; aquí: a sintaxe doada, sen complicacións, axeitada ao narrador (un neno), o léxico igualmente lixeiro, a trama sinxela mais ao tempo terriblemente dura e real (a mesma vida nun pobo pobre e en guerra).

Debe inserirse así mesmo no conxunto da obra do autor que por moi heterodoxa e heteroxénea que fose deita un pouso agridoce que inequivocamente identificamos no discurso. Ben é certo que a busca desa voz peculiar, dese timbre que apunte claramente á autoría é un dos aspectos máis interesantes do traballo da escrita, e non só. Tamén do punto de vista da evolución persoal. Construímos a personaxe que somos e facemos cada día. Seremos fideis ao que dicimos ser. Pensar. Pensarmos. Pensármonos. Actuar.

Ter a consciencia de que malia nós o texto, unha vez xa publicado e aínda escrito, váisenos un pouco, deixa de ser noso para formar parte do corpus do sistema literario galego e que aí actúa e interactúa con todos e cada un dos outros textos do sistema e coa propia materia. Somos, por tanto, inescusabelmente lingua, pertécenos e á vez paradoxalmente nós pertencémoslle. A lingua é por tanto o segundo compromiso, (sen ánimo de dar prioridade). Seremos conscientes do contributo, da herdanza que recibimos e coa que amasamos sentimentos, amosamos pensamentos, superamos eivas, espantamos medos, celebramos xestos, rituais, amamos. Amar en galego. Vivir. Vivirmos en galego.

Somos xente deste tempo e deste mundo. A realidade convulsa que nos toca vivir non pode pasarnos desapercibida, nin podemos fuxir da responsabilidade de erguer a voz por todas e cada unha das mortes que enchen de sangue as páxinas dos diarios, e tantas que aínda non teñen cabida nos medios oficiais da propaganda.

Por cada *infant* de Beirut, un piano triste de Lluís Llach. Por cada neno morto de fame, guerra ou barbarie erguerei unha voz pequeniña que diga, por exemplo, basta. Por cada inxustiza, por cada exterminio, por cada represión, por cada matanza, por cada holocausto escribirei un verso liberador. Por cada selva arrasada, por cada especie aniquilada, por cada extinción, un poema tremendo, unha palabra feridora que nos abra o peito e nos transcenda.

Somos. É a nosa responsabilidade como xente, como poetas, pensarmos un outro mundo posíbel. Forzar as condicións de construímos un mundo xusto, igualitario, libre, en paz. Porque nós somos palabra en acción. O compromiso como animais humanos debe transcender a metáfora.

Quixera aínda salientar un outro aspecto do compromiso: o do cotián, o das cousas pequeniñas, o do día a día. Un neno aprendendo a ler, unha muller a facer tortillas todo o día.

Ás oito da mañá comezo a facer tortillas./Fágoas todo o día,/ con e sen cebola,/ soas ou acompañadas de leitugas e tomate,/ ás veces con chourizo, moito en bocadillo,/ sobre todo ás dez ou ás once,/ tortillas dos andamios para os obreiros/ que berran e traen as mans sucias./ Cómenas con cervexa,/ os días grises, sentados trala barra.

Fican, sen dúbida, outros aspectos do compromiso a analizar. Con todo, este texto pretende ser só unha achega a aqueles que máis e mellor me emocionan á hora do traballo da escrita e tamén un agradecemento a Fran Alonso pola súa fermosa obra e polo seu compromiso. Ninguén como Fran no brillo dos elefantes para achegarnos o medo á noite e a súa superación.

Infoxove número 5, setembro de 2006

Rosa Aneiros



(Meirás-Valdoviño, 1976) é xornalista e investigadora da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega. Colaboradora habitual en distintos medios de comunicación impresos e dixitais, entre eles culturagalega.org (sección *Agardando as lagarteiras*), *Diario de Pontevedra*, *El Progreso*, *Galicia Hoxe*, *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol* (a través da axencia AGN), *Compostelán*, *El País Semanal*, *Cerna*, *Faneka brava*, *Grial*, *Fadamorgana* ou *Casa da gramática*). En 1999 presentou a súa primeira novela, *Eu de maior quero ser* (Editorial Sotelo Blanco) á que seguiron *Corazóns amolecidos en salitre* (Laviovento, 2002), *Resistencia* (Xerais, 2003), *O xardín da media lúa* (Galaxia, 2004), o volume recopilatorio de artigos literarios *Agardando as lagarteiras* (culturagalega.org, 2003) e, recentemente, *Veu visitarme o mar* (Xerais, 2004). Ten publicados relatos nos volumes colectivos *Narradoras* (Edicións Xerais de Galicia, 2000); *Relatos* (Librería Cartabón de Vigo, 1999), *Relatos gañadores do Pedrón de Ouro 1998-1999-2000* (Edicións do Castro, 2001), *Seis ferroláns* (Edicións Embora, 2003), *Alma de beiramar perdida* (A Nosa Terra, 2003), *Botella ao mar* (AGAV, 2003) e *Narradio* (Xerais, 2003). Conta no seu haber con recoñecementos como o Modesto Rodríguez Figueiredo (Pedrón de Ouro, 1998); o Manuel Lueiro Rey (1996); o Manuel Murguía (2001), o Carvalho Calero (2001) e o Premio Arcebispo Juan de San Clemente (2003).

Voyage, voyage

Raquel colleu á súa amiga do brazo e suspirou. O aroma do chocolate e un cigarro separábana dos ollos de quen a escoitaba atentamente dende había horas. Esa fina brêtema servíalle para evitar o pudor de se espir completamente. As derrotas nunca son doadas. E moito menos cando a batalla levaba tempo agoirada. Pero ela non quixo ver. Rafa deixouna cun simple “teño dúbidas” e aquel setembro que orballaba sobre os ombros non parecía disposto a curar as feridas. O verán fora un auténtico inferno e o novo curso non tiña traza de sequera limbo.

—Ola mozas.

Aquilo tiña que ser un pesadelo. Rafa, acompañado dunha rapaza excesivamente guapa, tropezara con elas na rúa sen que lles dese tempo a reaccionar. A amiga-confidente apurou comentarios sobre o tempo para varrer a friaxe, namentres a inimiga fuxía polos escaparates. As espadas de lume de Raquel e Rafa cruzábanse en silencio. Con absoluta violencia.

—¿Qué tal o verán? —dixo Rafa. Por dicir algo.

—Ben.

—¿Que tal de vacacións? —insistiu.

—Xenial —indicou Raquel— Estiven quince días en Tunicia...

—¿Tunicia? —As caras de perplexidade de Rafa e da súa amiga-consolo amosaban certa desconfianza.

—Si, claro, Tunicia. Tamén visitamos Nápoles, Roma e unhas pequenas illas gregas. Xa non acordo o nome... ¿Santorini? É que estivemos de cruceiro polo Mediterráneo. As noites en cuberta, e as mañanciñas de piscina ao saír o sol... A primeira parada da viaxe foi Túnez e durante catro días percorremos o norte do país. Eu tiña ganas de ir ao deserto, ao sur, pero non nos daba tempo. O zoco, o zoco impresionoume. Aínda teño o olor das especias e da chicha tatuados na pel e os rostros, milleiros de rostros desfilando rodeados de alfombras, de latón, de coiro, de roupa falsificada, de ouro de escasos quilates por aquel labirinto de regateos, adobe e espellos. Gustoume o contraste de burkas e túnicas coas camisetas escotadas das europeas que se trezaban no paseo marítimo de Sousse. Pero, con todo, o máis emocionante foi o berro do muecín de madrugada. Alá é grande, Alá é grande. Alá é grande. Alá é o único deus e Mahoma o seu profeta coreado dende todas as mesquitas da cidade. Como un salaio cuspidor sobre un ceo de parabólicas. E o silencio denso da cidade santa de Kairouan, e os restos de Cartago no bico do mar, e o anfiteatro de El

Jem no medio da nada cos ecos dos gladiadores rebotando aínda nos cóbados dos foxos. E a medina anil de Hammamet, e os mosaicos de sereas e neptunos do museo do Bardo. E Sidi-Bou-Said, a cidade branca dos pintores, coas súas buganvíleas e gaiolas de ferro rabuñando o doloroso cal das paredes inmaculadas. E o azul, ese azul do Mediterráneo mesturado no padal co sabor do te con améndoas e dos kebab e dos figos chumbos e do fume de mazá da chicha retorcida entre as pernas. Que delicia... pero non quero aburrirvos. Teredes presa. Outro día contareiche o do po dourado de Roma, e do seu ruído, e dos tendais atravesados por cancións de Nápoles e da calor glamurosa de Santorini... Pero isto será outro día ¿non?

—Claro.... Rafa e a inimiga marcharon apresurados namentres o orballo de outono pingaba dende os cóbados ao remordemento.

A súa amiga mirouna incrédula:

—¿Tunicia?

—Canal Viajar.

E, tras un breve silencio:

—Que se foda. Por cabrón.

Raquel, no fondo é coma Sherezade, confiaba en que a súa historia continuase viva namentres as palabras e as paisaxes seguisen fluíndo. Dende algún lugar recóndito do desexo.

Infoxove número 5, setembro de 2006



Iago Mouriño

Vanme ter que perdoar, pero isto resúltame complicado. Máis alá de dicir que son de Lalín, da colleita do 84, paréceme que o resto dos datos son superfluos. E ademais, dáme corte andar fardando de premios e chorradas desas (que inda por riba de ser poucos, tampouco penso eu que sexan moi transcendentos). Realmente non necesitan saber nada máis de min. Teño entendido que dun escritor (no meu caso, aspirante) xúlgase o que escribe, non o que é. Que tal se o deixamos aí?

Que despois non vaian dicindo...

Fagamos un experimento. Entra nun centro comercial. Faino mentalmente, se non queres que os gardas de seguridade acaben por coñecerte como o *friqui* que vén ao hipermercado lendo un boletín literario. E non só iso. O acto de ler case sempre é recomendábel, agás cando camiñas por unha zona pública e te arriskas a meterte un soberano *ananazo* –*piñazo* en versión normativa– co primeiro ou primeira que pase. Se se dá o caso, invita a involuntaria vítima a un café. Quen sabe. Pode ser o comezo de algo máis que unha fermosa amizade. De ser así, envía un correo electrónico á dirección deste boletín pregando que, por favor e con urxencia, contacten comigo para comunicarme que a táctica funciona.

Vai ata a sección de libros. Se tés sorte verás que está organizada dun modo curioso á par que práctico. Maticemos algo sobre a súa situación. Hai un hipermercado en Lugo no que os libros están ao lado da panadería. Ao principio era incapaz de comprender a que raio se debía iso, ata que pouco despois me devolveron con manchas de chourizo algúns libros emprestados. Ler un bo libro e papar un graxento *bocata* no mesmo sofá é pracenteiro. E incómodo. Fixate agora na clasificación. O habitual é que estean colocados por guetos, de modo que cada afeccionado pode marxinar aqueles que non lle interesan. Exemplo: literatura galega, literatura española, terror, suspense, romántica, cómic, infantil. Vexo dúas implicacións negativas.

A primeira, en contra do que algún *pureta* poida estar pensando, é supor que todo o que non sexa escrito na comunidade ou no país non é literatura. Aquí é onde mesturo a miña condición de músico coa de lector e, do mesmo modo que entendo que todo aquilo que teña unha intención rítmica e melódica, á marxe da súa complexidade ou ausencia da mesma, é música, quero tamén pensar que todo aquilo que responda ás estruturas convencionais do que se considera literatura (formar parte dalgún dos xéneros, ou de varios, e ao mesmo tempo ter en conta as normas deses xéneros para respectalas ou rompelas, nos mesmos parámetros de simplismo ou complexidade) é literatura. Vamos, que son un sacrílego. E como tiro de graza declaro publicamente que me gustan Dan Brown e Stephen King. Deixa de ler durante un intre. Estás escoitando barullo de ambulancias. Tranquilo. A cincuenta e dous profesores de literatura e a corenta e sete críticos acaba de darlles un infarto múltiple. Podes continuar.

A segunda implicación é o erro de dar por sentado que na literatura da casa non hai posíbel clasificación por temática. Falso. Fole é á literatura galega o que Poe á americana. Reigosa non lle ten nada que enveixar a Chandler. Suso de Toro e as súas *Trece Badaladas* seguen os mesmos derroteiros que *O Código da Vinci*. Xurxo Borrazás é o xemelgo de Easton Ellis; Alvite, de Bukowsky; Camilo Gonsar, de Paul Auster; ao tempo que Risco e Woody Allen só se diferencian na idiosincrasia. Paco Martín ofrécenos en *Historias para ler á noite* unha serie de relatos de terror dentro do cotián (como Stephen King. Sacrilexio! Á fogueira!). Cabana e Cunqueiro comparten o cargo de ser os nosos Tolkien. E o lalinense Gonzalo Navaza, (toca barrer cara a casa), dispón en *Erros e tátnos* unha serie de contos con tan mala uva como Roald Dahl na antoloxía *Muá, Muá* (en galego en Ed. Ir Indo). A *Esmorga* de Blanco Amor deixa o mesmo gusto malsán que unha novela de Hunter S. Thompson, e os *Soños Eléctricos* de Caride Ogando demostran que temos un William Gibson de noso. Estes e outros símiles son un claro exemplo de que os nosos escritores son quen de estar presentes coa mesma dignidade na literatura e no mercado. A cultura non pode ser unha burbulla pechada de erudición intelectualoide. Se a literatura se fai accesíbel ao público, o público tamén se fará accesíbel á literatura.

Infoxove número 6, outubro de 2006



Alicia

Fernández Rodríguez

Nace en Escairón (O Saviñao) no ano 1987 e na actualidade realiza estudos de 2º de Filoloxía Galega en Compostela. Gañadora, sendo aínda adolescente, de premios de poesía como o Francisco Fernández del Riego, Francisco Añón, Díaz Jácome, Ánxel Casal ou Minerva, entre outros. Participa en numerosos recitais poéticos e ten publicados poemas en diversas revistas literarias (*A Caramuxa, A ciegas, Xistral...*), así como no libro colectivo *Sempre mar. Cultura contra a burla negra* (2003). No 2005 foi editado por edicións Tema o seu poemario *Botar o mar polos ollos*.

Borrador do que versifica

O borrador do que versifica existe sempre como esquizofrenia: a idea debe apuntarse de xeito veloz, instantáneo; é o poeta no momento da pseudo-inspiración un desequilibrado. A demencia poética consiste na desorde trastornada da(s) situación(s) xa vivida(s) ritmicamente. Os sentimentos e os propósitos enténdense radicais. A existencia de cores, frechas ou debuxos é practicábel na simplificación do escrito.

Deséxanse tantísimo as personaxes, aínda antes dos primeiros versos, que a intuición vólvese sexual. Son elas as que escollen os termos necesarios, as que elixen a literatura. Logo do remate e/ou resultado do poemario o apetito é enorme-inmenso-desmedido; a frustración ilimitada.

Non só desorienta ao escritor o comportamento dos seres apócrifos, o máis tétrico é recoñecelos.

Para explicar o borrador é preciso un exemplo:

mmm, argumento resumido:

— tipo e tipa: enténdense exclusivamente polo sexo (é marabilloso). el fala quechua –sendo un dos poucos falantes na arxentina–, ela, podendo enconarse dunha pronuncia cursi, móllase toda coa entoación primitiva esa. non se aman, evidentemente (creo), e cada vez que el lle chama “puta” –sociedade moi machista, bla bla bla– “rupaq siki” ela pensa que lle di que a quere e desencáixase, cando por fin aprende a preguntar “quéresme?” no idioma do outro, xa coa ilusión dun “si” (putas comiñas) chega a decepción.

— máis ou menos 18 poemas, logo haberá unha especie de epístola-documentación, notas da autora, e despois as traducións: superíndices excesivos que teñen que ir ao final para que sexa posíbel unha segunda lectura:

rupaq siki, repite
(e ela traduce “quérote”);
rupaq siki, rupaq siki, rupaq siki.
eu non.

(primeira lectura: un guíase pola tradución dela e completa “eu non te quero”).

segunda: sábese xa o significado e finaliza “eu non son unha puta”).

— “escriben” *ela, eu, el* e *os orfeóns (coro a e coro b)*, teñen un pseudo-estilo e unha maneira de entender a historia diferente. é o lector quen debe tirar as deducións.

É o poeta no momento da pseudo-inspiración un desequilibrado. É o lector quen debe tirar as deducións.

○ versificador é dirixido pola “súa” creación: é a invención a que se inventa.

Infoxove número 7, novembro de 2006



Teresa Seara

É profesora e crítica literaria. Na actualidade elabora a súa Tese de Doutoramento sobre a obra de Miguel Anxo Fernán Vello. Comezou o seu labor crítico no semanario *A Nosa Terra* e, hoxe en día, colabora habitualmente en diversos medios de prensa como a revista *Tempos Novos* e o seu suplemento *Protexa*, o *Anuario de Estudos Literarios Galegos*, a *Festa da palabra silenciada* ou *Grial*, ademais de no programa da TVG "Libro Aberto". Tamén ten publicado reseñas e artigos en *Serta*, *Ínsula*, *El Cielo de Salamanca*, *Liceus* e *El invisible anillo*. En 1997 edita, en colaboración con Luciano Rodríguez, a antoloxía *Para saír do século* e ten no prelo o volume *Veinte puntos de fuga* (antoloxía de poetas novos galegos que sairá en Venezuela) e *Astro interior* (escolma da obra poética de Miguel Anxo Fernán Vello). Ademais colaborou no *Proxecto Galicia* (Hércules Edicións), así como en dous tomos do *Diccionario de literatura*. Ten feito prólogos á obra de autores como Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Manuel Álvarez Torneiro, Henrique Rabuñal ou Rafa Villar. Foi conferenciante e poñente en xornadas e simposios dentro e fóra de Galicia e tamén xurado, entre outros, dos seguintes premios de poesía: Concello de Carral, Eusebio Lorenzo Baleirón, Johán Carballeira, Caixanova, Uxío Novoneyra e Esquíu.

Casa de orfas, mapa do ser

Na poesía galega, a década dos noventa supuxo a chegada dun bo número de autoras que puxeron o seu empeño en renovar o que até entón se estivera facendo. Unha delas é Emma Pedreira que, desde o momento en que se dá a coñecer como poeta en 1999 gañando o premio Johán Carballeira con *Diario bautismal dunha anarquista morta*, se converteu nunha das escritoras máis importantes desta época. Son varios os galardóns que mereceu como, entre outros, o Eusebio Lorenzo Baleirón por *Grimorio* (2000), novamente o Johán Carballeira por *Velenarias* (2001), o Premio Centenario Fermín Bouza Brey co libro *Os cadernos d'amor e os venenos* (2002) e o Fiz Vergara Vilariño coa súa última obra publicada: *Casa de orfas* (2005). Ademais tamén cultivou o xénero da novela con *Bestiario de silencios* (2001) e *As cinzas adentras* (2004).

En *Casa de orfas*, Emma Pedreira volve tratar dous temas que lle son moi queridos e xa aparecían noutras obras súas. Por un lado, está a reflexión sobre o universo feminino (onde se inclúen varios subtemas como a denuncia do maltrato contra as mulleres, a reescrita dos mitos clásicos desde o punto de vista da súa figura protagonista, a reivindicación da liberdade expresiva e a vivencia do erotismo desde un punto de vista integrador co entorno) e, polo outro, aparece a casa como símbolo central dos poemas vinculada á intimidade do ser (un eu poético feminino) que a habita e que se expón “*aberta en canle e desarmada,/ sacudida como en terremoto, en estado de alerta, cos ollos en terra viva*”.

O volume vén dividido en dúas partes, na primeira, “As orfas”, a autora define o termo “orfas” como as que perderon á nai pero tamén merecen este cualificativo as que escriben partindo de cero, reinventándose a cada nova palabra e renovando os modelos poéticos anteriores. Para elas perder a voz é igual que non ter vida. Nos poemas mestúranse mulleres procedentes da historia (a raíña Xoana, tola por amor), da literatura (Xenebra, esposa do rei Artur; Ofelia, noiva de Hamlet; a Carapuchiña, etc.) e da mitoloxía (as sereas) coas do mundo real como as mulleres de Chihuahua que viven desde hai anos un auténtico femicidio, as que levan o burka ás costas como un cárcere ou as condenadas á morte por lapidación nos países islámicos. Todas elas opóñense ao destino marcado e deciden escribilo por si mesmas. E, en certa maneira, iso é o que fai o eu poético na segunda parte do libro que leva por título “A casa e o corpo”. Realmente, o tema da casa xa fora tratado, nestes últimos tempos, por autores

tan dispares como Rafa Villar (*Casa ou sombra*), Xulio Valcárcel (*Casa última*), María Lado (*casa atlántica, casa cabaret*) ou Miguel Anxo Fernán Vello (*Territorio da desaparición*) mais agora Emma Pedreira busca a identificación entre o eu e a casa porque "*Casa é que me abras o corpo/ e atopas nos adentros interior de faiados/ e olvidos*". Dentro do edificio está todo: o pasado, o nacemento, os soños e xogos da infancia no faiado, as ansias por medrar, o medo ao enigma do que nos agardará fóra das súas paredes, o descubrimento da escrita nun dos seus cuartos..., a vida enteira dun eu que a habitou desde o momento en que abriu os ollos por vez primeira á luz.

Polo tanto, *Casa de orfas*, é unha defensa contra o abuso que sofren as mulleres pero tamén un mapa da emocionada biografía do eu, un canto polas orfas de "*corazón suxo escrito dentro*" que deixan saír pola boca todo o medo e un poema de lume inscrito na pedra dunha casa que se converte en corpo e onde, como afirma o eu, "*nin entro/ nin conclúo/ nin existo*". Só así acaba sendo tamén el parte da casa:

*nunca saberei decidir
se é de pedra
ou de árbore
que son feita.*

Emma Pedreira Lombardía, *Casa de orfas*, Espiral Maior, 2005
Infoxove número 7, novembro de 2006



Eva Moreda

(A Veiga, Asturias, 1981). Ten publicadas tres novelas curtas en galego, un libro de relatos en castelán e varios relatos en volumes colectivos con temáticas variadas coma o jazz, a mitoloxía clásica e medieval, a mitomanía ou a vida universitaria. Licenciada en Filoloxía Clásica e Musicoloxía, actualmente cursa estudos de doutoramento en Londres, onde traballa nunha serie de relatos que intentarán ofrecer unha perspectiva novidosa sobre a emigración.

Literatura con filtros

Cando tiña once anos coñecín un vizconde demediado que falaba galego. Na miña lóxica, isto non casaba moi ben coa palabra “clásicos”, que aparecía pomposamente na contraportada ou nalgunha outra parte do libro. Os clásicos normalmente falaban castelán, ou outros idiomas que eu non entendía, pero sempre chegaban a min en castelán. Tampouco me preocupou demasiado e gocei moito coa historia daquel guerreiro que volta á casa partido en dúas metades, e, máis tarde, coas aventuras dos seus curmáns o barón rampante e o cabaleiro inexistente. E con Paulo e Virxinia, co primeiro amor de Turguénev, coas historias estrañas de Tournier, coa pantasma de Canterbury. Algúns volvíñ leros anos máis tarde na lingua en que se converteron en clásicos, na súa lingua orixinal, e non lembro en ningún deles sentirme, *a posteriori*, traizoada polo tradutor.

Máis tarde, algúns dos clásicos gregos e latinos publicados na súa versión galega por Galaxia, xunto con outras visións doutros tantos tradutores a outras linguas románicas, axudáronme a entender mellor os clásicos de verdades; ao mesmo tempo, a poesía de Whitman, Bukowski ou Twain pasaban a formar parte do meu mapa da literatura galega a través das excelentes adaptacións publicadas por Edicións Positivas. Igual que o vizconde demediado, que Sherlock Holmes, que Puck e Falstaff, que Lesbia e Catulo: para min son parte da literatura galega desde o momento en que souben da súa existencia. Tanto coma Adrián Solovio ou Merlín. Seguen vivindo na súa lingua orixinal, por suposto, e noutras, pero en galego teñen unha existencia única, son distintos porque están vivos nunha lingua na que eu tamén o estou.

Hai máis. Os heroes das literaturas lusófonas (tan lonxe, tan preto), nórdicas ou balcánicas tamén respiran e laten na nosa lingua a través de iniciativas como Rinoceronte Editora ou a Biblioteca Virtual (<http://www.bivir.com>). Algún dirá que son filtros. Para min son portas, só portas, ou nada menos que portas. Como escritora e filóloga non serei eu quen contradiga o axioma de que toda literatura se goza mellor na súa versión orixinal. Porén, iso non me impide desexar un pouco máis de normalización (aínda que iso sexa moitas veces sinónimo de mercantilización) para o mercado galego das obras traducidas e que, por exemplo, os clásicos contemporáneos (xa sexan estes Julian Barnes ou Harry Potter) aparezan na nosa lingua nun prazo razoable que converta a porta da tradución nunha ferramenta eficaz e non nunha rareza ou un capricho para filólogos e teóricos da traductoloxía.

Infoxove número 7, novembro de 2006

Elvira Riveiro Tobío



Nacín o mesmo día do calendario que Karl Marx; o ano en que o Zeca Afonso gravaba *Grândola, vila morena* e John Lennon *Imagine*. O mesmo ano que morrían Igor Stravinski, Louis Armstrong e Jim Morrison. O ano en que falecía tamén o filósofo Georg Lukács. Aquel en que Neruda gañou o premio Nóbel, Stanley Kubrick estreou *A laranxa mecánica*, e Luchino Visconti o filme *Morte en Venecia*.

Vin por vez primeira a luz no lugar do Cunchido, parroquia de Cerponzóns (o topónimo alude probabelmente a como serpea o camiño por estas paraxes), concello de Pontevedra.

Estudei maxisterio en Pontevedra e filloxía galego-portuguesa en Compostela. Durante algún tempo tamén me deu por amasar barro e vinme como oleira ou como demiúrga dando forma a efémeros adáns.

Desde que teño memoria lémbrome garatuxando versos sobre diferentes tipos de papel.

Tiven a oportunidade de publicar un par de libros de poemas en 2005. E non dixen que non.

Preocúpame a manipulación das persoas a través dos medios de comunicación. A manipulación da linguaxe. A ocultación.

Preocúpame as cada vez máis penosas condicións de traballo da clase obreira neste clima de liberalismo atroz que vivimos. Preocúpame moito a explotación e sometemento que sofren as mulleres polo feito de selo.

Preocúpame que haxa xente que non saiba que o castelán, en Galiza, é unha lingua estranxeira e que o seu estatus debería corresponder a tal denominación.

Acredito na asociación das persoas en colectivos que traballen a prol da liberación do ser humano en calquera das súas facetas.

Albisco, alén da espesa néboa que nos tolle, a República galega.

Son internacionalista. Acredito na liberación dos pobos, na súa autodeterminación e emancipación co fin de lograr un mundo máis igualitario.

Considero de interese destacar que o Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial e as grandes empresas multinacionais son responsábeis directa ou indirectamente das guerras, a miseria, as persecucións e a fame no mundo, así como da destrución do medio e da paisaxe. Considero que a súa globalización neoliberal é insostíbel e que, dalgún xeito, todas/todos podemos facer algo para empecer o seu avance.

Estarei sempre coa nena explotada en Tailandia antes que co empresario explotador galego (aínda que este leve premios ao empresario do ano, medallas castelao, etc.).

Teño outras moitas preocupacións, persoais e íntimas, que só para min (e para as persoas próximas) son de interese.

Ás veces, son esixente de máis. Ás veces abáteme a desidia.

Entre outras tarefas, en ocasións dedícome a cousas realmente imposíbeis, como impartir obradoiros literarios:

*Danse clases de poesía
por licenciados en metafóricas.
Coñecimentos sobre sinestésias
de sensacións e doutoramento
en pareados. Precio económico.
Proximidade oposicións poetas
de corporación locais.
Temario plastificado incluído
con matrícula. Dez horas semanais.
Compatibilidade de horarios.¹*

Procuo, malia todo, gañar momentos para a felicidade nesta camiñada fugaz que nos atangue.

1. extracto dun poema de *Universo de cenorias que cabalgas os sábados*, do colectivo Ronseltz

Poesía que entra polos ollos

“Soneto”, “poesía lírica”, “poesía épica”, etc. son vocábulos que a todos/as nos din algo con tal de que teñamos pasado uns poucos anos polo sistema escolar; pero non acontece o mesmo se mencionamos termos coma “poesía visual”, “poema obxecto”, “poesía fonética”, “poesía sonora”, “concretismo”...

Que diríamos dun poema en que a imaxe e/ou o elemento plástico predomina sobre o resto dos seus compoñentes? Que comentarios poden xurdir arredor da afirmación de que existe poesía non verbal? E é que, ás veces, na poesía, tamén sobran as palabras.

Movéndose na fronteira entre xéneros (pintura, música, teatro, etc.), a poesía experimental estende os seus tentáculos multiformes con numerosas técnicas e soportes que sorprenden aos/ás non iniciados/as e fan desconfiar as sentinelas da ortodoxia poética.

As vangardas, que tanto revolucionaron desde comezos do século XX e que tanto marcaron as artes todas, parece ser que non constituíron un verdadeiro trampolín, polo menos no que ao noso sistema literario se refire, para a difusión desa outra poesía “contaminada”, que a algúns/has lles dá por desentrañar, por sacar de entre os inmensos fíos da rede ou por atesourar en pequenas edicións marxinais ou de distribución ultrarreducida.

Mais a poesía visual (unha das vertentes da poesía experimental que se ten desenvolvido con máis prolixidade en diferentes puntos do globo), aquela na que a imaxe ten un papel determinante na elaboración do poema, aquela na que se produce unha amálgama entre linguaxe icónica e verbal, non é un invento que poidamos datar na primeira metade da pasada centuria, ao abeiro dos tan recorrentes “ismos”. É tan antiga como a poesía mesma. Arredor de 300 anos antes de Cristo, Simmias de Rodas marabillaba os/as seus/súas coetáneos/as co seu caligrama *O ovo*, que cómpre ler de xeito alterno: o primeiro verso e logo o último, o segundo verso e logo o antepenúltimo e así até rematar no verso central. Semellante virtuosismo foi o que experimentou o mesmo autor noutros dous caligramas da época que se conservan: *Machado* e *As*. E non é que os/as galegos/as non teñamos experimentado co caligrama –primeira forma do poema visual–; exemplos temos desde Manuel Antonio ao iconoclasta colectivo Ronseltz, pero a pouco máis nos temos atrevido. Quizais tiñamos cousas –poeticamente falando– máis urxentes por facer (catrocentos anos de silencio literario estresan a calquera escritor/a que

se queira implicar nun proxecto de reconstrución nacional, tamén, a través da escrita, e o que, se cadra é peor, déixano/a sen tradición na que beber, na que ollarse).

Sigamos algunhas pistas... Para quen queira internarse no cuarto agochado, secreto, sorprendente e fantástico que é a poesía experimental bastará con seguir unhas primeiras pegadas. Estas levarannos a outras e a outras e así sucesivamente. Se imos polo camiño do próximo (para logo achegarnos ao máis afastado), daremos deseguido con Lino Braxe, co seu *Poemas obxecto e visuais* publicado por Espiral Maior en 1999; con Carlos Solla que, co seu *Cerdedo in the Voyager I* (eds. Cardeñoso, 2004), innova desde as orixes; procuremos logo na arañeira cibernética a Corporación Semiótica Galega, a Xoán Anleo, a Claudio Rodríguez Fer, a xeración net-art á que se poderían adscribir as novas creadoras (María Lado, Sara Jess, Antía Otero...), a arte dixital libre de *alg-a.com*... Pero poñamos tamén o pé fóra e gocemos coas propostas de Ainize Txopitea, de Sofía Rhei, de J.M. Calleja; pasemos sen chamar polo *Taller de Zenón*, por *merzmail.net*, por *boek 861*, polo espazo do colectivo Stidna... Só para abrir boca. O sendeiro ten bifurcacións a cada paso polas que presta perderse. Boa viaxe. Boa poesía.

Infoxove número 8, decembro de 2006

Poesía e tortura

[Nótese que a palabra central do título desta reflexión é conxunción copulativa e non presente de indicativo do verbo ser]

Cantas veces se terán xuntado ambos vocábulos... E, ao mesmo tempo, canto temos insistido as/os amantes do xénero lírico en que estes non teñen por que ir collidos da man (léase, por exemplo, *Poetízate* de Fran Alonso). Mais non menos certo é que existen *vates* empeñados en convencer (sen pretendelo, temos que supor) os sufridos lectores (a humanidade enteira en potencia) de que a poesía pode chegar a ser un eficiente revulsivo (= vomitivo).

Seica está feo dicilo, mais peor é calalo. Fraco favor se lle fai a alguén cando se loan os seus ripios ou se enxalza o seu estilo anódino. Señorras e señores, o descubrimento está feito: existen os maos poetas!! Ninguén rache as vestiduras, por favor. A realidade é así de cruel. Existen maos poetas pero a cousa non é ningún drama (cada un/unha asuma as súas responsabilidades). Tamén existen maos pintores, profesores nefastos e pésimos alcaldes. Toda arte/oficio ten destacadísimos exemplos e, por outra banda, torpes chafallas.

Quizais, en realidade, o que adoita acontecer con máis frecuencia é que todos/as somos autores/as xeniais ou infaustos dependendo do momento. Raro é o libro poboado de magníficos poemas que non teña algún clamoroso desatino, proba fidedigna de que, en ocasións, a musa adormece e non hai xeito de espertala. Sería case igual de insólito un poemario tan ruín que non conteña, polo menos, un verso digno de librar da queima. A pregunta é se un só verso salva un poemario enteiro (paga a pena tanto gasto de papel? tanta árbore decepada?).

Neste espiñento asunto dos poetas maos –aptos para a tortura–, concordo totalmente co escritor angolano José Eduardo Agualusa. As súas palabras revélanse esclarecedoras:

Houve um tempo em que havia no mundo mais torturadores do que poetas. Hoje, tenho a certeza, são mais os poetas do que os torturadores, embora –também sei disso– haja quem acumule funções. Gente com múltiplas aptidões. Conheci alguns maus poetas que enquanto escreviam os seus maus poemas se revelaram bons torturadores.

Por outro lado, alguén dixo tamén que non existe un artista máis seguro do propio talento que aquel que non o ten en absoluto. Até os xenios vacilan ás veces, mais os maos poetas, os pésimos pintores e os cineastas

pavorosos xamais dubidan da calidade das súas obras (con reservas, iso si: hai quen, en efémeros momentos de lucidez, é capaz de recoñecer que as súas estrofas apenas conmoven os ollos húmidos da súa parella ou o rostro condescendente dun fato de sufridos amigos e familiares).

Pero non, non. O obxectivo non era darlle publicidade aos poetas maos. Era demostrar que a poesía está aí, á nosa espera, que é bálsamo, droga, alimento, berro, descuberta... Por iso non debemos desfalecer se, no noso encontro coa poesía, nos cruzamos cun aprendiz da sinistra *arte* da tortura. Cómpre resistir no intento e facer abasto de teimosía até dar con ese poeta que nos descobre as ricas posibilidades da linguaxe, con esa poeta que reinventa o mundo e nolo devolve cheo de resonancias, con ese poeta que sabe de onde vén e cara a onde vai, con esa poeta ousada que non teme a censura (nin a autocensura), con esa cuxa ironía nos convida á reflexión, con aquel que rexeita facer dos seus versos un *reality show* da propia vida, co que nos ensina a nomear as cousas doutro xeito, co que nos perturba, coa que nos fai cambalear...

E hainos/as. Hai moitos/as. No noso contorno e alén. Sería extenso de máis (e incompleto) deixar aquí un listado. Asegúrovos que a procura paga a pega. Boa viaxe. Boa poesía.

Infoxove número 14, xuño de 2007



Alberte Momán

(Ferrol, 1976), profesionalmente enxeñeiro técnico agrícola, é autor de diversas obras premiadas, como *O lobo da xente* (Edicións Positivas, Premio Narrativas Quentes 2003), *Erótica* (Premio Francisco Añón de Poesía 2004, publicado en Agosto de 2005 na editora arcosonline.com), *O pasado nas horas* (Premio Rosalía de Castro, Cornellá, 2004), *De ter un can chamaríalle Guenguis* Mención de honra no certame de poesía GZcrea 2006 (recollido no volume colectivo *Isto é un poema e hai xente detrás* (Espiral Maior. 2007), *Baile Àtha Cliath* (Premio de poesía erótica Illas Sisargas 2007). É membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Ten colaboracións dispersas por diversos volumes colectivos, como a primeira edición de *Relatos de Verán* do diario 'La Voz de Galicia', ou a colectánea poética *Xuro que nunca volverei pasar fame. Poesía escarlata* (Difusora de Letras, Artes e Ideas 2003). Colaborou, tamén, no volume de poesía *Sempre mar. Cultura contra a burla negra*, promovido e editado


pola asociación Burla Negra con motivo do afundimento do Prestige. Tamén no libro publicado co gallo do certame de narrativa breve do concello de Curtis na edición do 2005, en que recibiu un accésit pola obra *Benvidos á noite americana*. Colaborador do xornal *A Peneira*, é autor de *Efecto Iguana*, novela por entregas que se publica no suplemento cultural deste xornal. En Maio de 2006 participa nos 'Dias da Criação' celebradas na Casa da Eira Longa en Vilar-Boticas (Trás-os-Montes). En Febreiro de 2007 publica *O alento da musa* (Difusora de Letras, Artes e Ideas). No 2007 saca o volume colectivo de poesía *A porta verde do sétimo andar*, da agrupación do mesmo nome.

Tamén ten colaboracións en revistas como *Madrygal*, editada pola Universidade Complutense de Madrid, ou *Dorna*, que publica a Universidade de Santiago de Compostela.

Teimo nas obsesións que me deitaron neste curruncho das letras, descubrindo novas fontes de onde emanar, grazas, en grande medida, ás novas tecnoloxías, que se revelan como un xeito accesible e, ate o de agora, económico de acceder a moito máis do que antano eramos quen por medio do papel. Pero non desexo perder a maxia deste último, para recoñecerme nos textos cos que vou dando na imparabile marcha dos días.

Relembrando, dou con aquela *pel de ameixa* coa que Marta Dacosta nos lembrara a ela, poeta. '*Nesta pel de ameixa que me cobre / medrei desde o xardín da miña infancia*'. Para moitos, a infancia chegou con aqueles versos. Logo de moito virar nas ondas, o meu curruncho foise facendo meirande, buscando nas verbas o cotiá, aquela fracción das nosas propias vidas que, por norma, vai quedando nun segundo plano, sempre por tentar comprender o máis inmediato do noso quefacer diario. Deste xeito, detiven os pasos, para coller alento, diante daquel que, na miña opinión, condensou a rabia toda da nosa propia insignificancia nun poemario. *Ruído de motos* de Kiko Neves, publicado pola desaparecida Letras de Cal, quedou prendido nalgún lugar escuro da miña anatomía porque, segundo o que eu teimaba en comprender, aquela desesperación que berraba contra as motos dos repartidores de pizza significaba o inicio da comprensión do mundo todo. Daquela souben por que os sábados duraban dous días e que tanto o *bourbon*, como... digamos, o licor café, van mellor sen xeo. E nesa imperiosa necesidade de estar só, comprendín que escoitando o *ruído de motos* conseguiría diferenciar os sons, separando as distorsións que certos elementos crean na sociedade para confundir, e que arremeter contra os antigos *vespinos* dos *telepizzeros*, non era máis que preguntarse o por que dunha comida enlatada, dunha sociedade enlatada. Véuseme ás mans 'Un poema de amor' e vino claro, abandonar o hermetismo que noutroa se aplicaba a aquelas vellas friameiras onde levar a tortilla de pataca, ou os bistés rebozados, ou polo que tanto adocía cando novo, a pescada empanada con mollo de tomate caseiro e chícharos. Friameiras que perderon definitivamente actualidade coa aparición dos *tupperware*. A clave, segundo a máis humilde das opinións, estaba na sinxeleza do que non se quere ver, por evidente. Unha mensaxe clara, inmaculada, inocente ás veces, mortífera sempre. Por que as cousas comézanse dende abaixo, dende o máis pulcro do ser, e esa perspectiva non debe perderse nunca.

Infoxove número 8, decembro de 2006



Francisco Castro

Nacido en Vigo en 1966, traballa desde hai anos como cronista cultural en varios medios galegos. É autor do libro de relatos eróticos *Xeografías*, de *A canción do náufrago*, ambos de 2001, e do relato histórico *Memorial do infortunio*. En 2004 publicou *Xeración perdida*, novela coa que interna o lector no mundo das drogas. O 27 de maio do 2006 gaña o Premio Blanco Amor de novela con *Spam*.

Esvarando pola burbulla

Cando era neno, unha das cousas que máis me gustaba facer eran pompas de xabón. Burbullas. De feito, aínda hoxe gozo facéndoas, soprando de vagar nesas circuliños enchoupados con deterxente para fregar a louza. Gústame facelas gordas, enormes, imposibles. E soltalas pola ventá e ver como van baixando –astronautas ingravidas– de viaxe pola rúa adiante, para arriba e para abaixo, secuestradas polo vento. Artefactos irrealis e efémeros que duran menos dun minuto. Gloria fugaz. Os veciños coidan que estou tolo. Ou que son un infantil. Levan razón en ámbolos casos.

Mais non é de min de quen vou falar. Senón das burbullas.

No mítico 68 os mozos, aínda non moz@s, berraban: “¡sede realistas, pedide o imposible!”. No 2006, poderían berrar: “¡somos realistas, pero isto é imposible!”. Porque é imposible transformar a realidade cando esta é unha burbulla e a un só lle deixan esvarar polos seus contornos. Esféricos, plásticos, flexibles, inconsistentes. Impenetrables.

Digo burbulla. ¿Cal burbulla? Pois a “inmobiliaria”, cal vai ser. Esa burbulla imposible, omnipotente e todopoderosa.

Pedímoslle á xente moza que sexa realista e que se deixe de poesías. Nada de dedicarse á literatura ou á música (como moito, a “cousa” esa de OT) ou ás artes. Insistimos, sede realistas: ¡viva a economía! O que hai é que traballar arreo (¡ánimo mileuristas!) aínda que sexa en calquera cousa repugnante con tal de asegurar o cocidiño e as mensualidades do ximnasio. E sobre todo, con tal de asegurar as hipotecas. Iso, sexamos serios. As hipotecas. Para que a Burbulla sega crescendo. O home clásico procuraba a felicidade. O medieval a santidade. O ilustrado e revolución. O de hoxe, unha hipoteca asumible, que non asfixie moito, ou que só afoque un pouco. Esta dexeneración do ideal de vida ao longo do tempo demostra o que veño de dicir: sempre a realidade por enriba de todo, o concreto, os pés no chan. Pero, ¡ouh contradición!, resulta que a realidade é literaria, artística, poética, aérea, sutil, metafísica. Coma unha burbulla. A realidade é metafórica, simbólica e xa que logo, irreal. ¿Ou non é abondo irreal que todo estea condicionado por unha burbulla?, ¿ou non é abondo literario que todo estea supeditado e gobernado por intanxibles económicos que cotizan en Bolsa?, ¿ou non é literario un mundo enchoupado de OPAS (¿yo viacé un corrá?) amigables ou hostís, paquetes de accións e especulacións varias e variadas, paraísos fiscais e economía

mergullada? A realidade, na era da macroeconomía globalizada, vólvese etérea.


Coma unha burbulla.

O que as mozas e mozos queren (xa cansei da @) é ter unha vivenda digna. Pero a realidade impónselles cuns prezos que impiden calquera clase de penetración na mesma. A burbulla éche así: non hai por onde entrarlle; é plástica e flexible, e cando tocas neste punto da burbulla, métese para dentro e escápase lonxe de ti, ou cando tentas introducirte por outro sitio, esvaras e caes. Así está a rapazada do noso país: esvarando no burato negro e insondable do contorno dunha burbulla, redondísima, que non ten fisuras. Xa que logo, a mocidade deste país vive fóra da realidade, nun eterno bambán que non controlan. Pero polas lindes. Por fóra. Excluídos.

Mais que ninguén esqueza que as burbullas, que son unha marabilla da física pola súa adaptación ao entorno, chegado o caso e realizada a presión necesaria, rebentan.

Que cada quen tire as súas propias conclusións desta derradeira frase.

Infoxove número 8, decembro de 2006



Inma López Silva

(Compostela, 1978)

Licenciada en Filoloxía Galega pola USC e diplomada en Estudos Teatrais pola Sorbona Nova, dedícase á crítica e á investigación teatral. Como narradora foi Premio Xerais en 2002 por *Concubinas*, e publicou, ademais, as obras *Rosas, corvos e cancións* (Galaxia, 2000), *Neve en abril* (Galaxia, 2005), *Non quero ser Doris Day* (Biblos, 2006) e *New York, New York* (Galaxia, 2007).

O teatro para a mocidade que todos queriamos

Os xestores culturais, os críticos, os programadores e os actores e actrices das compañías adoitamos dicir que os rapaces levan os seus pais ao teatro. Non é ao revés. Por regra xeral, os pais e as nais prefiren ir de bares cos amigos, viaxar a lugares que xa viron, facer unha visita aos avós, pasear pola cidade. Calquera cousa, menos meterse nun teatro. E iso, a pesar de que aqueles que algunha vez foron ver un espectáculo, quedaron irremediabelmente enganchados da maxia hipnótica do teatro. Mesmo cando é francamente infumábel. Outra opción é que os fillos teimasen algún día en ir ao teatro: “Mamá, quero ir aos títeres. Mamá lévame á sala Yago que nos levaron o outro día na escola e podemos ir pola nosa conta. Papá, no CDG hai teatro infantil. Mamá, mamá, papá, papá”. E nese caso, fartos de oír as voces agudas dos críos berrando nos oídos, os pais agarran os nenos nunha mañá chuviosa de sábado ou nunha tarde fría (conxelada) de domingo, e alá marchan á Yago, ao Salón Teatro, á Ensalle ou á Nasa, á Casa da Cultura ou mesmo ao polideportivo, ou alí onde sexa que na súa vila poñen ese teatro que os nenos queren ver porque viron un anuncio na escola. Horas despois, para a súa sorpresa, tamén os pais gozaron dos títeres, ou do teatro, ou do espectáculo de maxia, do circo, incluso, e decidiron que non era tan malo iso do teatro aínda que dea traballo e preguiza ir, que as entradas tampouco son tan caras, que é unha ocasión fantástica para regalárense unha noite de soidade en parella, sen nenos, sen tropezar con xoguetes pola casa adiante, lembrando aqueles días felices da mocidade que xa esqueceran, cando saían do instituto cunha entrada na man para ir ao teatro esa noite e, despois, se daban bicos onda un farol da rúa, preto da casa del.

Ás veces, comezar por aí, por repartir entradas no instituto, por poñerse de acordo cos mestres para ensinar outras cousas a partir do teatro, é o camiño para encetar un hábito sempre recuperábel, malia as preguizas, as circunstancias, a vida que sempre nos ausenta dos teatros. Só así o teatro galego daría un paso que é importante: da necesidade de *conquistar* o público pasaríamos á posibilidade de *recuperar* espectadores que, simplemente, foron quedando no camiño das circunstancias. O teatro para a mocidade, neste sentido, é esencial. A cabalo entre o teatro para adultos e un teatro de características ben definidas como é o teatro para nenos, os espectáculos pensados, elaborados e orientados para a xente moza, xeran a posibilidade de crear públicos que sosteñan o teatro

galego nun futuro a medio prazo, públicos que teñen inquiredanzas especiais nunha sociedade que a miúdo os exclúe nos espazos para o lecer colectivo. Este teatro constitúe unha vía inesgotábel de integración e de atención a un sector fundamental no nivel cultural, no político, no social. Os mozos e mozas de Galicia serán os traballadores, os escritores, os ideólogos, os votantes do futuro. A xente moza é hoxe un colectivo social cunha serie de problemas específicos que poden ser tratados desde o teatro (olho, non se precisan fábulas moralistas, como demostrou, por exemplo, Luma Gómez co espectáculo *Confesión*, de Teatro do Noroeste, ou o exitosísimo *Bicos con lingua*, de Talía) e, sobre todo, os mozos e mozas son excepcionais consumidores de tempo libre, lecer e diversión. Porque o teatro é, ante todo, unha forma de lecer desde a que aprender valores de cidadanía. E porque, a fin de contas, de alguén e con alguén terán que vivir no futuro as nosas compañías, salas e outras xentes do teatro.

Infoxove número 9, xaneiro de 2007



Rosa Enríquez

A Rúa de Valdeorras.

Licenciada en filoloxía hispánica pola universidade de Santiago. Actualmente traballa no ensino secundario como profesora de francés. Primeiro Premio do certame Francisco Añón 2005 polo seu poemario *Nas aforas*, editado polo concello de Outes nun libro colectivo.

Neste poemario, a poeta transcribe a dor de todos os que residen nun sitio pouco común, na marxe polo motivo que sexa e que non desexan ser absorbidos polo sistema.

Valdeorras, esa dimensión galega descoñecida

Valdeorras é un espazo tímido agochado entre cordais. Ás veces dá a impresión de inexistente, de eterna morada íntima. Eu penso que de tanto procurar a calma xa case nin existe... Se cadra é porque insiste en permanecer ancorada nesa fondura e ninguén máis cá nós sabe dese místico murmurio dun Sil que entra dacabalo nela, atravesando a súa fermosa avenida vexetal que é a chopeira de silencios calados como unha lenta desaparición, como un territorio perdido ben abaixo da terra. Cando a miro, dende lonxe, creo ver un poderoso prodixio a punto de estalar no medio das vides e descubro que eu estou alí enteira, intensa e descoñecida, apertada polos castiñeiros, nese chan frío de lousa. De ventre aberto, a miña terra é toda unha patria silenciada, da que se coñece o viño e a lousa que tantos límites traspasa pois chega lonxe, ata Francia creo. Nós, os seus habitantes, apreciamos moito a proximidade física do Bierzo ao que nos sentimos moi vencellados e con el compartimos viño e toda unha gastronomía de palabras. Isto é o que nos fai plurais e diversos con que penso que se pode afirmar que os valdeorreses temos no sangue un puro-sangue libre e amoroso que abre portas e recibe. E porque recibe dá e porque dá merece alimento e letras, e orgullo de país e todas esas cousas que se moven na Galiza do medio, a que está no embigo xeográfico deste grande mundo galego. Val di Orras, como dicía Novoneyra, todo un val de verdura verde verde, toda unha devesa, un fabuloso misterio no outono, unha fervenza no verán, xeado e nevado, sempre único, singular, propio. Val di Orras pois preséntase en sociedade, nunha sociedade sensíbel que a valorará e comprenderá que non pode continuar sen coñecela, sen visitar cada recuncho, sen interferir no seu ámbito... Digo isto porque sei que Valdeorras quere ser, quere estar, quere contar. Con tal motivo dá pasiños pequenos achegándose á arte, á fotografía, a pintura ao cinema e á literatura, facendo tamén historia dende o presente, creando algo novo, e alimentando o espírito. Anhela protesta, aire fresco, modernidade.

Así que este lugar pequeno lanzou dende O Barco a exposición fotográfica *Iconos* con artistas como Fran Hervello, Xulio Correa, Xoán Piñón, Xosé Lois Suárez Canal, Vari Caramés, Vitor Nieves, Manuel Cendón, Xurxo Lobato, etc

Por primeira vez fomos noticia en *Vieiros, Galicia Hoxe, O Correo Galego* e mesmo en *ABC*. Estivemos no gume do coitelo artístico, demos un paso importante. Estamos orgullosos, non é para menos.

Infoxove número 9, xaneiro de 2007



María Canosa

Nacín en Cee un día de calor, ao caer a tarde, agromando tamén o meu gusto polo verán, o mar, os solpores e tamén o da lectura polas noites. Léronme contos desde o primeiro día, así aprendín a contalos. Un, dous, tres,... Xogaba cos números e coas letras, e como non me gustaba medrar, gardei para sempre os entretamentos de cativa: os das cifras e os das palabras, por iso traballo de enxeñeira de camiños e soño como escritora.

De pequena lía e escribía as historias que me gustaban, acadando con algún dos contos que creaba os primeiros premios literarios, como os da A.C. O Facho, A.C. Xermolos, ONCE, Certame Francisco Fernández del Riego,... e varias mencións especiais no premio de narracións xuvenís Rúa Nova, de onde naceu o meu primeiro libro: *Bramido Maino*.

A este título seguíronlle *A pedra de seixo*, *Á espreita na penumbra* e *Leo era un León*.

Teño textos publicados en diversos volumes con varios autores e na actualidade colaboro con La Voz de Galicia con artigos de opinión amais de participar en faladoiros semanais en Radio Voz e na RTVG.

Leite con cacao

Fago un lazo cos cordóns dos zapatos, unha mañá máis. Xa estou cansa deles. Mellor sería ter mercado uns máis prácticos de calzar. Agora xa está.

Boto por riba o mesmo abrigo, outra vez. Polo menos, este ten crema-lleira e non botóns, aí escollín ben, é máis rápido.

Este mes xa non levo a bufanda,... xa pasou o frío máis xélido. Xa pasou... pasou tanto tempo!

Entro na cafetería. Luís saúda cun sorriso, creo que algo amargo. Penso que a forza de verme cada día, xa me colleu cariño. Prepárame un vaso de leite con cacao sen que llo pida. Sabe que ten que poñermo quente, porque vou tardar un tempo ollando o xornal que me tiña reservado debaixo do mostrador e que deixou riba da esquina onde me acomodo sempre nada máis entrar pola porta. Cando non apunte nada no meu caderno, ao que cada vez lle quedan menos follas en branco, botarei as mans ao redor do vidro para quecelas. É un bo home o Luís.

Paciencia, Mariña, dime moi a miúdo. Intenta contaxiarme a esperanza, aínda que sabe que hai ben tempo que a deixo nos meus soños de durmida. Eles e os manequíns dos escaparates, nos que miro esa roupa tan fermosa que aínda non podo mercar, coñecen os meus segredos.

Risco no caderno unhas notas e varios números de teléfono. Os primeiros meses un sorriso alumaba o meu rostro con cada novo intento, agora a indiferenza écheo todo de bafo. Cumpriu un ano o meu título universitario. Alá quedaron as felicitacións e as apertas. Desde entón o meu currículo peta, cada vez con menos forzas, a tódalas portas, de madeira, de cristal, de aluminio; opacas, transparentes, de vivas cores; de manubrio ou eléctricas.

Xa vai o vaso á metade, igual que as forzas, e iso que tan só levo gastadas un par de horas da mañá. Deixo escapar un suspiro. Luís preocúpase. Despois de tres meses almorzando alí cada mañá, ademais de reservarme o diario, decidiu contratarme para as mañás dos domingos. Hai mercado na zona e só non era quen de atender o bar. Non tivo que buscar moito, xa sabía que eu andaba na procura dun traballo e propúxome. Acepteino porque non é unha esmola, foi o único que entendeu a miña necesidade de ter unha ocupación remunerada. Sorríolle e nego coa cabeza.

Veña, Mariña, seguro que hai un traballo agardando por ti. Non desesperes. Teño a resposta, pero é tan amarga que nin sequera a pronuncio en voz alta.

Pobre Luís, non ve que a que agarda polo traballo, son eu.

Infoxove número 10, febreiro de 2007

Xosé Luís Martínez Pereiro



Vazilla 2004

(A Coruña, 1959). O seu polifacético labor creativo abranxe desde o debuxo e relato humorísticos até a seriedade obrigada das pezas dramáticas. Da man dos premios e mencións dos xuris chega ao mundo das publicacións literarias.

OBRA LITERARIA

TEATRO: *Tres crimes en busca dunhas labazadas* (1985, Cadernos da Escola Dramática Galega, incluída na antoloxía *Teatro nas aulas* de Ed. Vía Láctea); *Un día na vida de Vladimiro e o seu can Trotsky* (1987, Biblioteca do Arlequín, nº 1, Ed. Sotelo Blanco); *Traxicomedia do Pai Ternoster e unha pastora lusitana chamada Viriata* (1989, IX Premio de teatro breve da E.D.G.); *Monólogo con oito pausas e un falso espectador* (1990, Cadernos da E.D.G.); *Panxérico da lapa* (2000, Revista Casahamlet, nº 2, Deputación da Coruña); *Guiso de choupa* (2001, Cadernos de Teatro nº 3, IGAEM); *Carne de Estatua* (2001, Baía Ed.), *Aproximación á muller nociva* (2002, Biblioteca Virtual Galega, Universidade da Coruña) e *Ovidio en compota* (2007, Revista Casahamlet, nº 9, Deputación da Coruña).

“O dramaturgo máis corrosivo e crítico da última fornada de autores”, segundo a páxina 506 do Tomo IV, *Literatura, Proxecto Galicia* (Hércules Ed., 2001).

NARRATIVA: Sobre a súa maneira de narrar e tras incorporalo á narrativa humorística, o tomo V da *Historia da Literatura Galega* (AS-PG, Vigo 1996-1998) di: “...deixa un bo exemplo do sorriso provocado por equívocos, xogos de palabras, situacións inesperadas ou xuízos sorprendentes e irónicos, dentro da codificación máis tradicional do xénero”,

Amálgama de desquiciados (1992, Baía Ed.); *O antropófago* (1999, Egasur, S.L., Premio A Peneira de relatos curtos de humor); *As irmás bastardas da ciencia* (1999, Ed. Laiomento, VIII Premio de narración Carvalho Calero, Concello de Ferrol); *Breviario de calamidades* (1999, Espiral Maior); *Medición definitiva do limbo* (2000, Espiral Maior, II Premio Cidade da Coruña de literatura fantástica); *A embaixada do vinagre* (2002, Ed. Sotelo Blanco, III Premio Risco de literatura fantástica, Fundación Risco e Concello de Ourense); *Palamades e a Besta Ladradora* (2003, Espiral Maior, X Premio Manuel Murguía do Concello de Arteixo, incluído no volume *De soños e memorias*), *A muller mariña* (2003, Ed. A Nosa Terra, ilustrado por Ana Pillado) e *Novas tendencias da vida mansa* (2007, Laiomento).
POESÍA: O seu primeiro poemario *Os deuses suicidas* ven de ser distinguido co “VII Premio Antonio Prados Ledesma” (2007, Concello de Viveiro).

OBRA GRÁFICA

HUMOR GRÁFICO: Empeza da man de *Can sen dono*, para ingresar logo na nómina das revistas *XO!*, *Sapoconcho* e *O Farelo*. O seu corrosivo humor paséase por varias antoloxías: *Os humoristas e a reconversión*, *Humor galego ao 88*, *Antoloxía Internacional de humor antirracista* (con multiedición nas linguas da C. Europea, Université René Descartes, Paris, 1999), Catálogos *Curuxas* do Museo do Humor de Fene. En 1993 forma parte da embaixada que representou ao humorismo gráfico galego na VIII Bienal Internacional do Humor (Cuba). No 2000 convence ao xuri internacional dos Premios “Castelao” de Humor Gráfico (Concello de Pontevedra) e comeza a súa andaina por terras lusas gracias á Humorgrafe (Vila Real, Idanha-a-Nova, Lousã...). A partir deste momento faise máis internacional o seu humor e chega até Brasil (Piauí, Caratinga, Rio Grande do Sul), Irán (Tabrizcartoons), Kenya, Polonia, Suecia, Uruguay, Turquía, Alemania, Rusia, Corea, etc.

Baixo o identificador de “O Insurrecto”, do 15-XII-2003 até o 9-V-2005, colabora cunha viñeta semanal na antiga *Humoràlia* e, até a súa desaparición no 2005, conta cun espazo no Portalecan onde aparecen vintetantos chistes.

No 2005 recibe un dos dous “Special Prize Caragiale” que otorga a romanesa “CRN” (Asociatia Caricaturistilor).

O seu humor sen palabras participa con periodicidade irregular en varias páxinas espasalladas pola rede (www.karikaturevi.com, www.iran-cartoon.com, www.cartoonvirtualmuseum.org...) e deixou pegada nas revistas *Al-Pharaannah* (Exipto), *Nosorog* (Bosnia & Herzegovina), *Osisani Jez* (Serbia), *Caduca Hoy* (Especial nº 200, Euskadi) e *Don Quichotte* (revista turca que se edita en Alemania).

Todo está relacionado

O bo de Pierre-Joseph Proudhon, o pensador francés que se enfrontou a Marx entre miserias e filosofías á recíproca, que bautizou á Igrexa católica como “escola da obediencia” (idea que conserva –non nos enganemos– o seu punto de vixencia a pesar do século e medio transcorrido), que estivo tres anos no cárcere baixo o reinado de Napoleón III por algo tan discutíbel e difícil de probar como a incitación ao odio, que foi contrario a toda lei e institución (agás a familia), que defendeu con escaso éxito pero con teimosía a rendibilidade moral dun crédito bancario sen intereses, que se mostrou partidario da supresión gradual do diñeiro e dos trabucos colocando no seu lugar o intercambio equilibrado de produtos, demostraba a súa formación autodidacta cando escribía –tal e como recolle Gustave Flaubert no seu lúcido *Le sottisier*– a seguinte sentenza: “As mulleres do antigo Exipto prostituíanse publicamente con crocodilos”.

Ignoro se os réptiles amosaban preferencia por algunha postura en especial ou se posuían dotación libidinosa como para ocuparse das pendangas no sentido empregado polo anarquista (Proudhon non aporta máis datos, quizais a palabra “lagarta” funcionou como substrato e tivo algo que ver no zoofílico enunciado). En fin, para internarnos en relacións curiosas, incríbeis –que non inconcibíbeis–, ninguén mellor que o urólogo brigantino Adrián Lamas quen, ademais de posuír a colección de estampas licenciosas máis porca da comarca, entretén o seu tempo de ocio relacionando cousas en principio tan dispares como Brahms e o humorista Carlos “O Xestal”. Así e en defensa da súa teoría de que todo está relacionado e que só hai que dar co epicentro do achegamento, descubriu que o apelido do músico deriva da palabra xermana “*bram*”, que significa xesta, e que a chamada música seria e o humorismo verbal non están tan intimamente separados, unha sonata interpretada con instrumentos desafinados e un chiste mal contado poden causar o mesmo efecto no oínte.

Ultimamente, o urólogo brigantino anda interesado na intersección entre priapismo e morte pelada e, no seu inxente proceso de documentación, chegou á lenda que até ben pouco se podía ler á entrada dun dos camposantos de Pensilvania: “Está prohibido cortar flores doutra tumba que non sexa a propia”.

Infoxove número 10, febreiro de 2007



Marica Campo

Marica Campo (M^ª Pilar Campo Domínguez) (Val do Mao–Incio–Lugo-1948) Profesora de Galego no IES “Poeta Díaz Castro” de Guitiriz.

Obra:

Poesía: *Tras as portas do rostro*, Baía Editorial

Pedinche luz prestada, Espiral Maior

Sextinario: Trinta e seis + tres, Sotelo Blanco (no prelo)

Teatro: *O premexentes non pode cos paxaros rebezos*, Cadernos da Escola Dramática Galega.

Confusión de María Balteira, Arquivo teatral Francisco Pillado, Universidade da Coruña.

Narrativa: *Confusión e morte de María Balteira*

Memoria para Xoana

Outros relatos e poemas en diversos libros colectivos.

Resposta a X. P., un mozo que quere ser escritor

Benquerido X.: Moito me aleda saber que segues na teima de seres escritor. Aínda conservo aquel poema que lle fixeches, cando só tiñas doce anos, a Marilita, a nena da que te dicías tan namorado. Tampouco esquezo que, o día en que veu Manuel María ao Colexio, lle preguntaches que tiñas que facer para escribir ben. Lembras a súa resposta? Púxose serio e agardou un pouco antes de che contestar coa súa voz máis grave: "Sempre digo que abonda con que me equivoque eu, sen equivocar a outros". Despois falouche con paixón do que era para el a escrita e eu non sei se comprendiches moito, mais os ollos brillábanche e intuín que gardabas as súas palabras, quizais para descifralas andando os anos. Non che deu pautas para a técnica, senón para o entusiasmo. Iso mesmo querería facer eu: Suxerirche algunhas cousas. O entusiasmo, ou mellor a necesidade, é evidente que a tes cando me aseguras: "Dáme a sensación de que o tempo que non apreixo escribindo se vai polos sumidoiros. Síntome máis limpo e con máis forza cando o fago. É un refuxio fronte a este mundo tan esborrallado". E non sabes talvez, X., que coincides nas motivacións con Bajin, Crista Wolf, Knut Hamsun e moitos outros. Como tamén coincides con Italo Calvino ao asegurarme que segues a escribir porque nunca estás satisfeito co que escribiches. Despois disto, quizais non necesites moitos consellos. Pero son a túa vella mestra e déboche algún.

Non che vou recomendar humildade á hora de escribires, pero si para cando xulguen os teus escritos. Malia as túas motivacións, non escribes para ti se, como me confesas, desexas publicar. Non sexas humilde, non empeces desde abaixo como alguén lle recomendara a un rapaz a quen Óscar Wilde aconsellou: "Non, empeza desde o cumio e senta arriba". O cumio, caro X, é a mellor literatura universal da que a nosa, a galega, forma parte. Tes que facer a montaña cos libros lidos e descubrir cal é o punto máis alto. Le, le febrilmente, e aplícate tamén a escribir. Rompe tantos papeis como precisas até acháreste diante do libro que che gustaría ler.

Non escribas pensando no éxito nin no diñeiro. Eses, se chegan, que sexan benvidos. Escribe sabendo que é un oficio duro, solitario, cheo de incertezas; mais apaixonante porque podes inventar vidas día a día, alzar edificios no vento que ninguén chos poderá derrubar. Todo o que a existencia nos vai furtando pode devolvérnolo a literatura, pero esta vez cons-

truído á nosa medida porque, como ben sabes, a escrita é subversión, reescritura dun mundo que cuestionamos.

Non era sarampelo aquilo dos doce anos. Era ferida: Que che afonde! Apertas.

Infoxove número 10, febreiro de 2007



Xosé M. Eyré

(*As Lamelas*, Chantada, 1960), leva escribindo sobre a actualidade literaria en *A Nosa Terra* desde 1988. Para alén de estudos concretos (a narrativa actual, en *Historia da Literatura Galega*, ou a poesía de Avelino Gómez Ledo, no libro do seu centenario) é autor de dúas antoloxías da narrativa actual (mostra de xéneros e tendencias innovadoras). Recentemente debutou na ficción con *Constelación de Ío* (Galaxia)

Cabe na túa gorxa?

Se non vas moi cego pódelo ler: *menos subvencións militares, e máis birras nos bares*. E cousas polo estilo. Hai paredes que berran así polo noso país adiante. Adiante, berra, rapaz, ti con esa parede indignada porque te afixeron a calar. Calar non cales, hai que berrar moito para que te escoiten, tamén para sentirse libre. Libre para? Para cambiar coche, para cambiar de *look*, para alugar un dvd que mate o tempo, para ir ao fútbol, para facer *zapping*, para comprar máis barato, para ter teléfono móbil, para xogar videoxogos, para comer hamburguesas, para beber cocacola, para coller lotaría, para ir ao cinema morteamericano, para non ir á misa, para esquecer, para mocear, para deixar a moza, para marchar da casa, para casar, para ir ao paro, para a hipoteca, para o condón, para divorciarte, para presumir, para ignorar, para mentir, para morrer, para ir á guerra, para participar nunha ong, para odiar, para tatuarte, para cagarte, para envexar, para que te manipulen, para non producir máis leite, para non pescar máis peixe, para emigrar, para seleccionar banco, para abrirete ou quedar no sofá, para emocionarte, para aburrirte, para emborracharte, para cantar e bailar, para copiar, para latar, para chegar tarde, para fumar, para perder, para ter segredos, para raparte a cero, para deixar guedellas, para escoller hipermercado, para botar por fóra, para deprimirte, para ser egocéntrico, para ser hipócrita, para pecar, para que te estafen, para desfasar, para ir á praia, para comer cos dedos, para botar peidos, para seducir, para namorarte, para entrar, para saír, para desprezar aos demais, para operar o nariz, para soñar, para practicar nudismo, para tirarte das pontes, para matar paxaros, para derrapar na moto, para chatear, para non probar o caldo, para cambiar de nome, para levar minisaia, para non escoitar, para facer a mona, para rirte de todo, para cruzar a rúa, para saír do armario, para ir de putas, para putear a quen queiras, para obedecer, para pasar de todo.

Que grande é a liberdade, meu! Porque ti es libre. Es libre? Es libre?

Infoxove número 11, marzo de 2007



Paco de Tano

Paco de Tano naceu cos Beatles aló en Petín de Valdeorras, sempre ollou o mar, por iso todas as bágoas teñen sal, vive no tempo da memoria insignificante das pedras, aquí na patria de todos, na Costa da Morte. Escribiu os libros de poemas *Xanela ao bío* e *Con sangue nos beizos*, tamén gañou os premios Milleira, María Baña e Faustino Rey Romero.

Aquí na Costa da Morte

Aquí na Costa da Morte, onde os días son grises, depresivos e as noites negras, longas coma o manto do demo, temos os ollos da cor do mar baleiro. Ás veces no horizonte vougo nace un facho de esperanza, un raio verde que morre os poucos segundos no tempo do sal.

Aquí na Costa da Morte escribimos a nosa propia historia coas lágrimas enferruxadas de salseiros.

Aquí temos un ronsel de pegadas esquecidas polo nordés nas praias, as areas beben todas as palabras náufragas de sangue mariñeiro.

Aquí temos os ollos de loito por non durmir na morte.

Aquí na Costa da Morte as cruces de pedra viven nos bíos coas flores de namorar, temos a alma afogada nun inverno perenne.

Aquí nas tabernas da Costa da Morte o alcohol afouto anda sen rumbo, ceibe polas veas salgadas.

Aquí xogamos a vida na baralla do destino, emborrachámonos de mar con grols de temporais.

Aquí o zolás diario cospe ventos sombrizos, crávanse nas entrañas do amor do mar.

Aquí temos a memoria oxidada para poder chegar ao mañá.

Aquí a música da vida son as *calderillas* gabeando polos bíos.

Aquí o mar olla famento de alento, de futuro.

Aquí espetouse un cruceiro nun brazo de terra, na cultura das romarías esquecidas, na memoria dos mostradores.

A miña xeración viviu a festa da morte nunha carballeira de heroína. Da nada ao todo para fuxir da mágoa da historia.

Cantos compañeir@s navegan defuntos, á valga nun mar de bágoas?

Aquí na Costa da Morte todos queremos esquecer a ferida que nos desangra o corazón.

Aquí laiamos como gaivotas diante das pedras celtas do mar rouco.

Lémbrome daquel fin de ano, aló polos noventa, cearamos os colegas, por fin todos xuntos, había anos que o estabamos intentando, foi cando Manolo trouxera de sobremesa uns cantos gramos de coca.

Os *gintónics* e a coca animaban a nosa alma de local en local ata entrar na disco, alí o que máis empezou a moverse ao xeito do ritmo.

Eu arrimeei e algo che dixen ao oído, nunca lembro o que foi e tanta graza che fixera, tiñas presa por bailar comigo, logo na barra eu falaba

e falaba, ti rías coa música das burbullas do champan. Tapáchesme a boca coa man, volviches sería ollándome, ías apartando os dedos lentamente, no seu sitio poñías os beizos, a lingua, a alma, sabías que había tempo que te andaba buscando.

Subimos á miña casa, arrolamos, os dous seguimos o guión de fin de ano, arranquei coa carraxe do amor a seda vermella que coidaba suavemente do teu corpo, a éxtase, entre a coca e o alcohol non daba chegado, rendémonos e charlamos, emborrachámonos de sentimentos, facendo noso país quedei durmido.

Ao espertar vinte coa cabeza apoiada no ombro, tombada enriba da mesiña de noite, como durmida nun pesadelo, a xiringa espetada no brazo, unha liña fina de sangue brazo abaixo, caendo nunha pequena ferverza sobre as bragas..... non viu o aninovo.

Aquí nesta costa de feros corvos vivimos a morte.

Infoxove número 11, marzo de 2007

...e de repente, crèdit...



...Estíbaliz ...Espinosa

Dedícase á escrita, á interpretación e ao canto lírico e experimental. Escribe textos cibernéticos, biónicos. Practica o escepticismo e o humor. Publicou 3 libros de poemas. Gañou algúns premios. Interésanlle a ciencia, a astrofísica e o son. Na actualidade leva un blog e páxinas de fotografías. É B+. É Tigre no Zodíaco chinés.

A autómeta ilusionista

Se segues lendo, caerás na miña trampa.

Ah. É iso o que queres. Pois ben.

De que coño está feito o mundo? Hai cousas, si. Ceo. Persoas ás que amamos. Obxectos que nos gustan especialmente. Un pallaso da nosa nenez. Bonequiñas rusas. Billetes de metro. Unha cinta de raso verde. Un calcapapeis no que neva. Un pastilleiro de *Fisherman's Friend*. Animais. Gatos. Serpes. Curuxas. Música. O ruído da chuvia desde dentro da cama. O son da lavadora. O son dos nosos pasos sobre a neve. A respiración de alguén a quen amamos. O son das *palomitas* de millo a estalar dentro da ola.

O mundo está feito de cousas que **vemos**. Que **ulimos** [morangos macerados/ a nosa menstruación/ a refinería de petróleo]. Que **escoitamos**. Que **apalpamos** [esta páxina de xornal no que viverei impresa/ a pel morna dun lóbulo de orella/ o gume dun coitelo]...

O mundo, mesmo está feito de cousas que **intuímos** [estasme a ler porque queres caer na miña trampa/ estannos mentindo/ este non é o mellor dos mundos verdadeiramente posíbeis]. E o mundo, sobre todo, está feito de cousas que **imaxinamos** e **soñamos**.

A ficción sempre foi un hemisferio notábel da esfera humana: a mitoloxía, os relatos orais, os poemas épicos, as novelas burguesas, mesmo a idea de Relixión ou Historia...

Ata hai pouco, a idea de ficción sustentábase en esencia na **linguaxe**: alguén creaba unha historia, con personaxes, paisaxes, acción. E relatabaa oralmente. Ou escribíaa nun papel. Ás veces, a ficción era simplemente debuxos. Como cómics [pensade nesas estampas das igrexas nas que se narra a paixón de Cristo en viñetas sucesivas].

Fillastro da fotografía, das lanternas máxicas, do zootropos, o **cine**, no século XX, foi a arte que permitiu trasladar as ficcións dun lugar a outro de inmediato. Foi como un teatro envasado que, malia perder a frescura deste, ampliou a posibilidade de maxias oculares. Os *trompe l'oeil*. Os trucos ópticos empezaron a ser unha parte das ficcións en constante crecemento. Axudaban a, por así dicilo, dilatar a pupila do espectador.

As pantallas crecían nas vosas meniñas. E as vosas meniñas ardían e xemían: *máis...*

A experimentación nese eido proseguíu. Os humanos [ti entre eles] respiraban ávidos de sensacións ficticias. *A ficción axuda a vadear unha*

realidade impracticábel. A **publicidade** enlatou capsuliñas de ficción anunciando [iso era o de menos] un produto que, polo visto, debía mercarse. E a xente esquece **qué** se anuncia para ficar engaiolada co anuncio. A sensación de estar vendo cos teus propios ollos realidades ensoñadas é máis forte.

Os **videoxogos** elevan esas posibilidades ata a estratosfera. Os motores gráficos permiten que vexas o que nunca verías. O que ninguén viu antes e ninguén verá. Son imaxes ou iconas case persoais, ou personalizadas ata o máximo. O ilusionismo crea sensacións pseudo-reais, ou máis reais cás reais.

Precisades as ficcións, veñan no soporte que veñan, como osíxeno para as vosas células. Precisades estender as sensacións como tentáculos. Como redes. Como teas de araña. Precisades ler trampas [iso son as ficcións: o cine, o teatro, os poemas, os videoxogos, a publicidade, os cómics, os vídeoclips].

Trampas automáticas coma esta, nun dispositivo tan inocente coma un xornal. Unha trampa ou ilusión dos teus ollos que te inclina a pensar o que eu penso, a lembrarme, a esquecerme,

a seguir vivindo cun pouco da miña savia [pero eu xa non existo.
Plop. Desaparecín]
cun pouco do meu ADN
dentro de ti.

Por certo, quen serás ti?

Máis de ilusións ópticas e non ópticas en:
<http://www.chemamadoz.com/home.htm?>
<http://www.ritsumei.ac.jp/%7Eakitaoka/saishin-e.html>
<http://www.nga.gov/exhibitions/trompe-info.shtml>

Infoxove número 11, marzo de 2007



Diego Ameixeiras

(1976) é xornalista. Actualmente traballa como guionista de cine e televisión e colabora con diversas publicacións. Ata o momento publicou as novelas *Baixo Mínimos* (2004), *O cidadán do mes* (2006) e *Tres segundos de memoria* (2006), coa que gañou o último Premio Xerais.

Un pouco de xustiza


Non sei se parezo un tipo nada moderno por pensar que eses libros que reúnen as supostas burredas dos estudantes nos exames –*Serra de Grelas* e derivados– son unha trapallada tremenda que moita me refrega os baixos. Creo que, sinceramente, ese tipo de antoloxías difusas mesturan allos con cebolas sen máis criterio que armar ruído onde reside moita competencia lastrada pola incompreensión educativa. Unha profesora de filosofía amante de Spinoza confesoume hai días que unha alumna estupenda preguntoulle cal era a diferenza entre as culturas occidentais e orientais, e que para responderlle tivo que pedirlle antes que se fixeran amigas. Un espléndido argumento para unha novela, sen dúbida, un magnífico punto de partida para un ensaio ou, en definitiva, unha razón poderosísima para seguir confiando na intelixencia e na sensibilidade dalgúns representantes da raza humana que nunca presidirán un consello de administración. O asunto de Gutenberg foi un gran invento e alá cada un co que escribe, difunde ou proclama por calquera medio, pero bastante temos xa coa lería simplista de que a culpa de todo téñena o botellón, os videoxogos e a nefasta Internet, coma se antes con trece anos citáramos todos de memoria a Óscar Wilde durante o recreo. Se un alumno meu escribira nun exame *Serra de Grelas*, tamén lle pediría amizade, pensaría ao momento que está nacente un magnífico guionista de sketches televisivos e convidaríalle a ler algunha novela de Juan Filloy para que teimase con insistencia nos xogos de palabras e seguira investigando con fruición nas posibilidades que agocha a arquitectura da linguaxe. Logo, probablemente e para non despistalo, tamén lle aconsellaría que repasara un chisco de xeografía ibérica e que, podendo aprobar unha boa oposición da Xunta, desestimase a posibilidade de cotizar para a xubilación se decide vincularse ao sector audiovisual galego.

A publicidade dun filme xuvenil que andaba estes días pola carteleira dicía algo así como que *non te enfades, víngate*. Asegúrovos que tardaría menos de media hora en reunir a colección de astracanadas de diversa liñaxe que lle escoitei soltar a algún profesor pouco afortunado, pero téñolles tanta lei aos virtuosos que non perderei o tempo en dar a impresión de que pagan xustos por pecadores, que se dicía antes, cando non existían os videoxogos e as romarías acababan cos mozos prometendo paz polas corredoiras e cantando unha versión sobria de *What a wonderful world*. Eu quero ser xusto, tarefa ben difícil a estas alturas. Así que

debo dicir que sei por fontes moi fiables que a maioría dos nosos docentes comprenden que un alumno que escribe *Serra de Grelos* nun exame, merece un futuro tan prometedor como o da rapaza avantaxada que citei anteriormente. Espero que así sexa e que deixen de amolarnos os que pensan que se trata dunha burrada baleira de significado, porque para eles están feitos os manuais de instrucións e os programas electorais.

Infoxove número 12, abril de 2007

Laura Caveiro



(Vigo, 1967)

Escritora e crítica literaria.

Autora das novelas *Polas inmensas e alleas fortunas* (Edicións Xerais, 1995) e *As naos afondando* (Premio Liceo Rubia Barcia- Cidade de Ferrol, 1999). Ten publicado contos en volumes colectivos de Edicións Xerais como "A parábola do samaritano" (*Narradoras*, 2000) e "Os ciclos da natureza" (*Narradio*, 2003).

En 1986 obtén co relato "Lúa Chea" o accésit do Concurso de Contos Casa da Xuventude de Ourense, e ese mesmo ano co traballo titulado "A histeria e o adulterio no modernismo de Valle-Inclán", acada unha mención no Certame do Ministerio de Cultura convocado con motivo do Cincuentenario da morte deste autor. No 2003 colabora co conto "Réplica infinita" na Revista *Madrygal*, e no libro colectivo *Alma de Beiramar* da Asociación de Escritores en Lingua Galega co relato "O profeta Xonás vomitado na praia de Montalvo". No volume de homenaxe a Ánxel Casal (AELG, 2005) participa coa narración "O esplendor das roseiras".

Como crítica literaria realiza semanalmente no 1993 o programa de Radio Ecça "Os mundos de Horacio Oliveira", dedicado á literatura galega. Colabora dende 2002 no suplemento literario *Faro da Cultura*, e ten así mesmo feito crítica noutras publicacións como *La Voz de Galicia* ou *Grial*. Actualmente continúa co labor de crítica literaria na prensa e no programa *Libro aberto* da Televisión de Galiza.

Barreiras

Ao final da rúa Real estaba Lupe, agardándonos na praza do Berbés. Saudoume cun sorriso, coma sempre, e díxome, coma outras veces, *tes que escribir das barreiras arquitectónicas, hai que sensibilizar*. Alí, no empacho de cemento que é a remodelada Ribeira, amosounos o atranco dos bordos sen rebaixar nas beirarrúas, as barreiras físicas que dificultan a vida das persoas con discapacidades motrices. No noso percorrido cara as Avenidas aínda houbo varias ocasións para que se puxese de manifesto o inhabitable que pode ser unha cidade para unha persoa en cadeira de rodas. Como tantos outros, como ela.

Din que un proverbio chinés aconsella que en vez de quedar na casa laiando polos nosos males, saiamos á rúa a facer algo polos demais. Lupe tiña un ánimo forte que non precisaba de proverbios para poñerse a axudar. Así colaborou nunha reportaxe de prensa, sobre cómo eran para unha persoa de Vigo suxeita a unha cadeira de rodas, cuestións tan comúns como poder sacar cartos dun caixeiro, ou poder coller o barco das Cíes no peirao... Imposibles. E non imposible pero si incómodo era ter que ver unha película forzosamente dende a fila primeira do cinema. E iso que é ben doado que pensen, e constrúan, eses novos cinemas cun acceso a prazas para discapacitados en cadeira de rodas que vaia dar á metade da sala. Imposibles de eliminar non son, pero seguen sendo reais as barreiras físicas. Ela falábanos da pouca complicación de facer unha rampla nos edificios públicos que aínda non a tiñan, ou de ter en conta outras discapacidades físicas e instalar sinais acústicos para cegos nos pasos de peóns.

Todo iso era necesario, pero non só. A Lupe a enfermidade rilláballe aos poucos a mobilidade, soubo de loitar contra as barreiras. Por iso díxome, cun sorriso, que tamén loitase eu escribindo, e a súa mensaxe ficou gardada no corazón.

Contra as barreiras arquitectónicas cabe a intervención física, a demolición, a construción dun acceso. Pero contra as barreiras psíquicas, contra o desinterese polos escollos físicos do día a día dun discapacitado, contra iso só caben actitudes de respecto e solidariedade. Imposibles ou difíciles cando pensando, que como nós nunca imos estar nesa situación, mirar para outro lado e continuar coa nosa indiferenza é a saída perfecta.

Contra esas barreiras mentais, contra os prexuizados, hai que intervir

co civismo, sensibilizando na procura dunha cidade habitable, sen barreiras arquitectónicas. Lupe quería que as miñas palabras tentasen derrubar barreiras. Por tantos outros e por ela. Por min mesma e por todos.

Para Lupe Daza, *in memoriam*.
Infoxove número 12, abril de 2007



Rafa Villar

(Cee, 1968).

Licenciado en filoloxía galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi cofundador do Batallón Literario da Costa da Morte e do consello editorial da colección de poesía "Letras de Cal". Formou parte da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). É membro da Xestora Nacional da plataforma cidadá "Nunca Máis".

Ten publicados os seguintes libros de poesía: *Liques da memoria* (1993); *o devalo do mar* (1994); *No mesmo espacio* (1995); *A sotavento dunha singradura* (1995); *O tributo da tarde* (1997); *casa ou sombra* (1997); *Illa dentro* (1998); *ícaro* (2000); *días de sherazade* (2000); *no ventre da balea (antoloxía persoal 1994-2004)* (2005). Poemas seus están recollidos en libros como: *dEfecto 2000 (Antoloxía de poetas dos 90)* (1999) ou *A tribo das baleas (Poetas de arestora)* (2001).

escoración dos días

escoración... (I)

a chuvia

escarva paseniñamente
as fronteiras da soidade
e cospe silencio

cae cómplice
sobre nós
estendendo unha paisaxe
que se somerxe
nos días

chove
para que o tempo siga
a escribirse
nesta boca de terra
que nomeamos
desde o mar

chove
e ancoramos
a memoria

* * *

a memoria

como un exilio repetido
descrávase
na resaca dos días
salferíndonos

arríncase das nosas unllas
e fere

como só feren as palabras
cuspidas

mais a memoria
é tamén un tacto
para apreixarmos tenramente
a vida

* * *

a vida
amarra e desamarra
horizontes e fronteiras
que se cruzan

hai momentos
en que semella fuxir
por entre os dedos
e sangramos frío

e outros
en que disfraz
a sombra dos días
e acariña soidades

cando leva rumbo incerto
é coma se o tempo
estrugase a esperanza

por iso os poemas
tantas veces
estiñan e erosionan
ennobelando
a ollada

* * *

a ollada

radical e posíbel
de sermos nós

a de tantas xeracións
que amaron esta escura terra
sedentas dun tempo
postergado

e dunha vida
que se escancia
a golpes

sostermos esa ollada
é a única navegación
que nos queda

esa ollada
e riscarmos coas unllas
a noite

* * *

a noite

cabalga ruidosamente
por un ceo de cristais
partidos

fai casa en nós
destecendo sombras
e apurando un último café

ao seu abeiro
medran clandestinas
páxinas e nubes

da noite que é chuvia
extraemos furiosamente

a voz

* * *

escoración... (II)

o lugar

onde nacemos
desde as idades do frío

habita en nós
e transfórmanos en pingas
de saudade

escrito vai
como se escriben as promesas
nas liñas da man

e só se esvae
cando a morte teimuda
dá en instalarse nos días
para nos aloumiñar feramente

o noso lugar
abeira un tempo de laios
que devolve
unha e outra vez
a paisaxe

* * *

a paisaxe

sombra comprometida da terra
que un día
tivemos que cuspir

caladamente

nas súas entrañas
a vida convoca máis vida
para nós

e das súas sombras
rabuñamos poemas e soidades

paisaxe que alumea
e creba estremecidamente
o silencio

* * *

o silencio
deixa un rastro de sombras
por onde supura o inverno

fende as nosas mans
e apréixanos irremediabelmente
contra o seu van

máis alá do seu eco
intuímos un rumor agochado
que nos conmove
e nos dobrega

pero é a súa ausencia
a que desarma o noso combate

desgastando impudicamente
o poema

* * *

o poema
felinamente sucede

soterra palabras
no extraviado mar
que erosionan os días
e a súa pasaxe

das súas estremas
parten barcos virando
a sotavento

o rumbo que dita
entráñase
nas beiras da noite
como un tatexo febril

sucede o poema
e convoca un rumor de vida
e un alento bretemoso

sen o seu percutir
os nosos dedos caídos
apenas debullan
a soidade

* * *

[Poemas do libro *escoración dos días* (2007)]
Infoxove número 12, abril de 2007



Arsenio Iglesias Pazos

Nado en 1978, na parroquia de Maniños, Concello de Fene. Estudou Psicoloxía en Compostela.

Foi membro da xunta directiva da Asociación Cultural Recreativa e Deportiva "O Pote de Maniños". Entre os anos 2002 e 2006 participou no obradoiro de literatura dirixido por Eduardo Estévez no Concello de Fene.

A finais de 2007 publicárase o seu primeiro libro, *ático*, que levou o "Premio de Poesía Avelina Valladares" do Concello da Estrada no ano 2006.

Tamén foi gañador do "Certame Xuventude 2002 Francisco Fernández del Riego", na modalidade de narrativa; do "Certame Literario Galicia en Euskadi" no 2007, organizado polo Centro de Estudos Galegos da Universidade do País Vasco, e do "Certame de Poesía Anduriña Voandeira", organizado pola Irmandade de Centros Galegos de Euskadi, tamén en 2007.

Dende o ano 2006 traballa e reside en Bilbo.

O que vou contar aconteceu hai varios meses. Celebrábanse en Barakaldo e Sestao unhas xornadas de poesía experimental. Entre as actividades programadas das que souben eu, houbo unha exposición de poesía visual en Barakaldo e, nun bar de Sestao, un recital de poesía que incluía a proxección de varios videopoemas.

O día do recital de Sestao, eu estaba entre o público. Durante o acto, nun momento determinado, proxectouse un vídeo no que aparecía un tal Jon Andoni Goikoetxea, de cincuenta e moitos anos, ao que tamén chamaman Goiko. Levaba na man unha carpeta con folios e vestía buzo azul e casco de obra.

Detrás dun micrófono e diante dun sobrio decorado, Goiko dixo o seu nome. Dixo tamén a súa profesión (“ni langilea naiz”, algo así como “son traballador” ou “son obreiro”), sinalando o emblema que levaba no peito do buzo, e logo empezou a contar que escribe poesía.

Tres tipos de poesía, en realidade. O primeiro é fundamentalmente sensorial, construído a base de metáforas de inspiración visual, auditiva, etc. O segundo é máis abstracto e arduo. Unha poesía existencial, de contido filosófico. Pero nese vídeo, os versos que el ía ler correspondían ao terceiro tipo.

Antes de empezar, Goiko contou que a terceira categoría de poemas naceu a raíz da idea de que todas as especies animais teñen un idioma común no que se entenden. Por tanto, nalgún momento da historia, o ser humano, como membro de pleno dereito dese mesmo proceso evolutivo, tamén debeu ter un. Estes poemas constitúen unha reflexión sobre ese hipotético idioma universal.

Acto seguido, comezou a lectura. Goiko colleu a carpeta cunha soa man, deixou a outra libre e empezou a declamar unha serie de versos dunha índole moi semellante a esta:

piiii-pooo
pooo-piii,
poooooooo-piiiiiiii, burruuummm!!!

A perplexidade apoderouse de nós.

A lectura, sempre inintelixible, durou moitos minutos e, en contra dunha primeira explicación cómica á que poder aferrarnos como público, o rostro de Goiko transmitía entrega, transmitía esforzo interpretativo, indicábanos que, a pesar de que é verdade que había certa carga humorística na lectura, o que Goiko estaba facendo era algo moito máis serio ca tratar de provocarnos un riso doado. Por momentos, o home apertaba o puño, poñíase encarnado, suaba moderadamente.

Ninguén entendeu unha soa palabra. Algúns sorrían, pero sen elevar o ton, ás veces con medo a sorrir, sinal dun comedido respecto. O certo é que, ao rematar o vídeo, a xente aplaudiu entregada.

Aquela noite despois do recital, eu marchei do bar envolto na sensación de que, dentro daquel completo absurdo, había unha lóxica esmagadora.

Infoxove número 13, maio de 2007



Lucía Aldao

A Coruña, 1982). Comeza dende moi nova gañando os premios Tanxedoira, Francisco Fernández del Riego, O Facho e varios Minerva. Recientemente obtivo o segundo premio de poesía no certame GZcrea. Ten a súa obra publicada en diferentes revistas e antoloxías (*O Trazo Aberto, Marea Negra, Os Gozos e as Sombras, Poética da Casa...*). Participou en varios congresos da AELG e no Cosmopoética de Córdoba 06. Creadora xunto con María Lado dos espectáculos poéticos *Onde estea un cubata que se quite un soneto*, e *Poeta de mierda*.

Publica no 2005 o libro *Unha ducia (máis un)*, con fotos de Luis Muñoz.

Son poeta

Normalmente un escolle a súa profesión... ou polo menos un pouco. Quero dicir, un pode atravesar a infancia soñando con ser futbolista ou arquitecta, e mesmo pode conseguilo, e no medio do camiño un tamén pode perderse e atoparse renegando (forzosa ou voluntariamente) desa vocación inicial, e abrirse ás portas da vida do adulto traballador con dedicacións nunca antes imaxinadas que satisfagan (se hai sorte) algún dos aspectos que se encontran dentro do que é a satisfacción, sentimento complexo onde os haxa, carai...

Pois ben, aquí unha servidora, poeta, non escolleu... eu vinme con doce ou trece anos escribindo palabras e gozando dese proceso e tamén do resultado, sen atreverme (nin intención tiña de facelo) a chamalo poesía... lembro unha necesidade de sacar certas cousas da cabeza, e como me alporizaba e me calmaba ao mesmo tempo velas no papel. E esa mesma sensación é a que me acompaña agora mesmo á hora de escribir.

E os anos foron pasando, rapidísimamente, admito cos meus acabados de estrear vinte e cinco, e pasaron dous anos de universidade até fuxir a escape a outros estudos que tampouco me convenceron, pasaron ducias, incluso centos de recitais que nun principio compoñían unha vía de saída ás experiencias estudiantís que tan pouco me atraían, e xa logo foi un constante caer da burra para confirmar que eu o que quero é escribir poesía, e vós que a leades e tamén que a vexades, e síntome responsable eu nesta aventura que nun principio me escolleu pero que agora escollo eu, de que a gocedes... así decidín cambiar, xunto a compañeira maría lado, o concepto de recital ao que nos fomos acostumando durante todos estes anos e que xa non nos chegaba a nós e coido que tampouco a moitas das persoas que se achegaban a escoitar. Naceron así unha especie de espectáculos poéticos, pequeniños, nos que apoiándonos na música ou na videocreación, e tendo como protagonista en todo momento a poesía, intentamos unha achega moito máis directa e sincera aos escoitadores de versos. Son exemplo disto *Onde estea un cubata que se quite un soneto* e *Poeta de mierda* (este último coa actriz Pepa Yáñez).

E debe ser entón que si, que efectivamente eu son poeta porque iso é o que fago e do que levo unha tempada malvivindo uns meses e vivindo outros, mesturando a lírica en todos os campos onde se me deixe ou onde eu decida que ten que estar e traballe para conseguilo... ¡que barbaridade! Confeso que nesta arriscada aventura na que me embarquei, o oficio

este meu de poeta vén acompañado de moitas e variadísimas dedicacións extras, porque só disto por suposto que non dá a cousa para vivir. Pero aí ando... intentándoo... con tantas alegrías coma desgustos, como en todos os traballiños da vida...

Eu son poeta. Ti fontaneiro. Ti arquitecta. E eu, pois iso, poeta.

Infoxove número 13, maio de 2007



Mario Regueira

Ferrol, 1979. Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente cursa estudos de doutoramento en Teoría da Literatura e Literatura Comparada, alén de rematar, no seu tempo libre, a Licenciatura de Dereito.

No 2004 publica en Xerais o volume de relatos *Rebelión no Inverno*. Un ano despois gaña o Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, para autores inéditos no xénero, co libro *Tanxerina*, que sería publicado en 2006 por Espiral Maior. En 2007 está previsto o lanzamento pola editorial Xerais de *L’Affiche Rouge*, a súa primeira novela.

Ten participado en diversas publicacións como *A Caramuxa*, *Citania*, *Dorna* ou *Nova Ólisbos*, así como en distintos proxectos de creación na rede. A finais de 2006 participa no especial monográfico da revista luxemburguesa *Abril*, dedicado á Literatura Galega. É membro do proxecto editorial alternativo e autoxestionado *Estaleiro Editora*.

Ten publicado reseñas como crítico na revista *Grial* e é colaborador habitual do “Cartafol de Libros” de *Vieiros* e da revista galega de música *Sonotone*.

Dos distintos xeitos de arrotar en público

Dentro do grande e inmenso mundo que compón a literatura sempre me resultaron rechamantes dous espécimes distintos de pedantes. O primeiro deles é o que é incapaz de escribir tres liñas sobre algo sen citar até os arrotos do *chachi* pensador posmoderno de moda ou o último superpoeta kosovar. Este prototipo de pedante caracterízase porque a miúdo pensa que é o único ser con ollos, e por tanto o único capacitado para ler, e aínda para interpretar o lido. Ás veces é difícil facerlle entender que non é que non valores os arrotos, senón que por unha simple cuestión de amor propio, prefires ocuparte dos teus, que ao cabo son parte da túa propia dixestión e non da dos demais.

De todos xeitos, peor tipo son os segundos, os que remiten a súa enorme pedantería, non ás súas lecturas, senón á súa presunta carencia delas. Nos últimos anos distintos autores veñen de reivindicar a súa ignorancia sobre o sistema literario no que están inseridos, e algúns mesmo sobre a literatura en xeral. Mesmo algún escritor de sona ten erguido ese feito como unha suposta distinción xeracional. Os novos non len, descoñecen o seu pasado literario e iso convérteos en seres liberados del e capaces de levar adiante unha renovación normalizadora que lles foi negada aos devanceiros. Os ollos no mundo rapaces, alén desta provincia.

Creo que parte destes pedantes sono do peor xeito posíbel, aínda que tamén do que menos consecuencias graves pode traer ao sistema literario. Falo de pose intelectual. Sinxelamente é a aplicación, referida á literatura, do que un mestre meu chamaba “o autobús de Gregorio”. Gregorio era un compañeiro seu de clase ao que nunca se vira estudando máis que nos dez minutos de traxecto entre a súa casa e o colexio, tempo que parecía bastarlle par sacar as mellores notas da clase. Porque para a completa fascinación non chega co triunfo, senón que é necesaria unha completa carencia de esforzo. Facerse un lugar nun sistema literario sen coñecelo adscribelle inmediatamente á obra un certo valor universal. Como na canción de Sinatra, se triunfou aquí pode facelo en calquera lado. Claro que existe o perigo doutra lectura, a de que o sistema literario galego traga con todo o que lle boten. E despois arrota.

Porén, existe unha outra parte deses pedantes dos que non podemos dudar que efectivamente descoñecen toda literatura que os precedeu, e non só a máis vella, senón mesmo a de vinte anos a esta parte. É unha pedantería que esta chea dun perigo temerario, e que ninguén pense que

falo de respeitar a nosa memoria étnica, ou os nosos benqueridos devanceiros literarios. É que tanto para idolatrar a alguén como para a máis honrosa actividade de botalo por terra é necesario coñecelo antes. Cando Manuel Antonio fai a súa renuncia aos grandes do Rexurdimento, entre eles a intocábel Rosalía, faino con coñecemento de causa, tras ler a súa obra e xulgar que xa estaba desfasada.

Pero non só por iso é perigosa a ignorancia. Descoñecer a determinados autores sería, de feito, o menos grave. A desmemoria ten o enorme risco engadido de que tamén leva a descoñecer a súas impugnacións. Podemos cuspir no retrato de Otero Pedrayo ou facer croquetas coa momia de Castelao e sentirnos os máis chachis do barrio, e todo sen saber que iso mesmo xa se fixo nos oitenta, e dun xeito bastante innovador, cousa que hoxe resultaría imposíbel. E claro, de aí veñen despois os revivals, as reinterpretacións e os pastiches. O peor é que, polo que parece, son inconscientes. E ao sistema literario, e dentro deste aos lectores, repítelles a comida, que outra vez son croquetas, e se cadra de aí veñan despois os arrotos.

Infoxove número 13, maio de 2007



Leticia Costas Álvarez

Nacín en Vigo, no 1979. En narrativa teño publicada en Edicións Xerais de Galicia a novela *Unha estrela no vento* e o relato “Negrita” que está incluído no volume colectivo *Narradoras*. Como poeta colaborei en revistas como *Dorna*, no volume colectivo *Isto é un poema e hai xente detrás* que acaba de editar Espiral Maior cos premiados e finalistas do certame GzCrea, e no volume colectivo que publicará proximamente a Universidade de Vigo cos premiados no Certame de Poesía da Universidade de Vigo. Tamén no eido poético codirixín a instalación *Ut pictura poesis*, na Igrexa da Universidade de Santiago, exposición que combinaba artes plásticas e poesía.

Traballei no mundo do guión cinematográfico e do audiovisual participando no proceso creativo de diversos documentais e dirixindo e protagonizando a curtametraxe poética: *A miña vida é unha caixa de zapatos*.

Actualmente estou rematando Dereito Económico, labor que compaxino coa participación en diversos recitais e coa creación literaria.

Menta e chocolate

No centro de Vigo, como querendo pasar desapercibida, ocúltase tras unha porta vermella de edificio arruinado a tetería á que C. e máis eu decidimos entrar ás doce e pico do pasado sábado. A min nunca me gustou o té, e supoño que por pura ignorancia sempre me pareceu algo snob esa xente que, en lugar de coca cola ou caña de cervexa, ten o costume de pedir un té con leite ás sete da tarde na cafetería de turno. Sentamos nunha mesa. É pequena e ten un cristal por riba da base. Tráennos a carta. Para o meu asombro, a camareira é unha amiga da infancia. Levamos unha alegría ao vernos, intercambiamos os números de móbil e prometemos chamarnos para quedar, algo que ambas sabemos que non imos facer porque cada unha ten a súa vida, e dá moita preguiza contarlle a alguén a quen non ves desde hai séculos e a quen xa non coñeces de nada, o que estiveches facendo durante os últimos trece ou catorce anos. O caso é que, por curiosidade, pido para tomar té con chocolate e menta. Gústame, sorpréndome e gózo cunha estraña calma. Entre os efluvios do cannabis falo con C. de moitas cousas: da nosa próxima viaxe a Barcelona, da exposición de Tamara de Lempicka, das ganas de cambiar de teléfono... Detrás de min hai un moble vello con caixóns. Parece fóra de lugar. A súa misión limítase a ser o sustento dun televisor apagado que ten pinta de non funcionar desde hai moito. C. pídemme con insistencia que abra un dos caixóns para ver qué hai dentro. Debatemos ata que consegue saírse coa súa. Ábroo despois de mirar para todos lados e asegurarme de que ninguén me está controlando. Dentro atopo papeis e revistas. Cumprido o seu capricho e algo decepcionado polo resultado (esperaba que atopase alí algún tipo de tesouro), sóltame con voz de neno traveso que acenda o televisor. Respóndolle cun amplo sorriso e el entende a miña negativa. A continuación, collo un pano de papel e escribo un poema. Doullo e méteo debaixo do cristal da mesa para que quede á vista. Nese mesmo momento, na mesa que está ao noso carón, unha loura moi ben vestida que andará polos 27, ao tempo que nos sinala espétalle ao seu interlocutor un ferinte: "mira esos dos de ahí". Mentres C. remata o seu té, eu intento imaxinarnos desde fóra. Unha parella, ambos vestidos con vaqueiros e chaqueta deportiva. Os dous beben té e non deixan de falar. El fuma tranquilo, e de cando en vez bota á man ao pelo rapaza para enchelo de aloumiños. Ela non deixa de sorrir e de moverse, intenta abrir os caixóns dun chineiro decorativo, mantén a mirada fixa nun televisor apagado, escribe

un poema... preguntome entón a qué vén o comentario da loura. C. remata o té e proponme ir á máquina da entrada, unha desas con pantalla táctil que teñen infinidade de xogos. Achégome á camareira para que me dea cambio e preguntame se vou á máquina do vicio. Asinto mentres penso en por qué dirá iso do vicio. Empezamos xogando ao trivial. C. contesta a velocidade vertixinosa. Non falla nunca. Coñece actrices das que eu nunca escoitei falar e volcáns que entraron en erupción a mediados do século XX. A min apenas me dá tempo de ler as preguntas. Só contesto ás de literatura. Batemos todos os récords e poñemos na táboa clasificatoria nomes coma: *petanka*, *Casa y Ledi*, ou *ventanas*. Nomes que só nós entendemos e que nos fan sorrir cada vez que se nos ocorren. Cansámonos do trivial imos directamente a outro xogo coa intención de acadar o primeiro posto. A mecánica é tan simple como atopar as diferenzas que hai entre dúas fotografías. Non conseguimos bater o récord. Intentámolo con desesperación, encarnizámonos coa máquina buscando diferenzas a toda velocidade coma posesos pero é imposible. O nome *Alex y Yoli* aférrase á primeira posición. Non hai quen o mova de aí. A máquina pide euros e nós dámoslle máis. Eu desespérome porque necesito botar a *Alex y Yoli* aínda que non os coñeza de nada e sinto que na miña mente nese intre non hai oco para nada máis. Despois de hora e media de dura loita quedamos sen euros e, conformándonos cun terceiro posto, desistimos e marchamos da tetería. En canto cruzo a porta de saída atrávesanme dous pensamentos: entendo o que me quixera dicir a camareira cando se referiu ao vicio e, caio na conta de que, se non fose por C., nunca tería probado o té con menta e chocolate. Esa noite quedo durmida pensando en que o próximo sábado haberá que volver para intentar botar a *Alex y Yoli* da primeira posición.

Infoxove número 14, xuño de 2007



Samuel Solleiro

(Tui, 1982) ten publicados os libros *dz ou o libro do esperma* (2006) e *El-xías a Deus e ao Díaño* (2001, traducido ao castelán en 2007), e textos dispersos. Licenciado en Antropoloxía, é membro do grupo de rock *Ataque Escampe* e do proxecto *Estaleiro Editora*. Actualmente vive na illa de Gwadeloup, nas Antillas.

O home que mata arañas (fragmento dunha entrevista con Torii Hokusai)

En realidade non son exactamente arañas estes bechos, mais todo o mundo lles chama arañas. Son esas que teñen o corpo pequeno e as patas longas que case nin medo dan porque se as suxeitamos por unha pata non nos chegan aos dedos coa cabeza. Esas que se non as matase hoxe Torii Hokusai morrerían de calquera xeito e secarían e farían as súas patas cric cric ao crebárense. Porén Torii Hokusai entretense en matar arañas (chámémoslles así) sentado nun banco de madeira mentres fala. Mira a gravadora atentamente, como un home examinando unha trade no hipermercado mentres a súa muller escolle as cebolas.

Por que Destruction #8?

Para que todo rebente. É a idea: que todo rebente. Destrucción. A música que fago é destrución. Non me interesa nada a música: xamais a escoito. Cando quero relaxarme coñezo drogas mellores (*risas, toses*). A única música para alguén na miña situación ten que ser a destrución, a enfermidade e a morte.

A morte é un tema moi presente en toda a tradición musical.

Non coñezo toda esa tradición da que fala. Mais sospeito que estamos a falar dun tratamento romántico da morte. Dos efectos que esta ten nos vivos e mesmo dunha mínima esperanza á resurrección da carne ou similar. A miña é a morte para sempre, o acabarse todo e non haber nunca máis nada. Por iso é destrución e non un simple suicidio. Por iso non me interesan os violíns se non poden soar a espadas cortando cabezas nen as frutas se non son como lategazos. Gosto de que o borde das trompetas estea afiado e provoque accidentes. Tamén gustaría de compór unha sinfonía para óboe que houberse que tocar co ano (*risas, toses*). Desculpe a linguaxe: é a medicación a que me fai falar así.

[...]

Cóntase que nos 80 serrou as extremidades dun neno durante un concerto en Nixeria.

Ouvín esa historia! Disque o sangue caía a chorros polas teclas do mellotron! (*gargalladas*). Non, creo que non é certo. Aínda que todos fixe-

mos cousas moi tolas. Eran os anos 80! Naquela época tomaba auténticos cócteles de drogas, non lembro practicamente nada do que fixen. Despois de todo púideno ter feito. Abofé que houbo de ser ben impactante.

[...]

Representa vostede, en certa maneira, o mal?

O mal. Home, non vou por aí pegando tiros á xente. Case non me deixan saír deste hospital, mais cando me deixan saír non vou por aí pegando tiros. Si, eu diría que en certa maneira, ao meu xeito, represento o mal, se gusta de chamalo así.

Dorme ben?

Soño con grandes xiringas de odio. Son un home moi feliz (*risas, toses*).

Infoxove número 14, xuño de 2007



Iria López Teijeiro

Fene, 1981. É autora da novela *Meniña de cristal* (I Premio Biblos-Pazos de Galicia) e traballa no eido do audiovisual, onde participou na posproducción de diversas longametraxes e vén de dirixir o documental *Dando a Nota*.

O nómade Xacobe

Pedi un café e máis uns churros para alivia-la friaxe do exterior. Co gabán enchoupado até os remendos e a humidade nos calcetíns, tódolos ósos pedían por un baño de auga quente. *Xacobe significa "o que suplanta"*. Intuíuse no reflexo da porta, Xacobe desfigurado polas pingas de choiva que esvaraban rápidas, suicidas, no cristal; precipitábanse ó baleiro, *igual ca min*. Esgotado como estaba aquela mañá de inverno, semellaba moito máis vello do que desexaría. Sorprendeuse a si mesmo pensando en cantos anos lle tería botado ela *-ela non existe-*; estáballe a escapar das mans e entraba de novo nese estado de consciencia que tanto aborrecía, o estado no que era quen de se analizar de lonxe e de se formular se realmente quedaba algo de cordura na súa cabeciña; ese estado no que sabía da súa finitude, da súa insignificancia, da súa soidade. Quixo disimular diante do camareiro cando este se achegou co café, e meteu a man no peto furado para agocha-lo seu tremar. Fóra resoaron as dez badaladas da Berenguela. O camareiro mirouno en fite con desconfianza, *tanto ten*. O café estaba malo, os churros tiñan máis dun día e a piques estivo de pedir un grolo de licor. *O eco das campás fica no ar, ameazante*. Licor café tan de mañá suporía un estado de tristura insoportábel ás cinco da tarde. Quixo ser coma aqueloutro Xacobe que coñecera nun Santiago xa moi arredado *-Xacobe significa "o que suplanta"* e así ela podería se-la súa Celia, habería unha Celia. *Ela non existe, non é real*. Quixo ser polo menos, no que dura un intre, un Santiaguíño fisterrán cun cristo tatuado no brazo e unha mexicana fermosa falándolle ó oído dun país repleto de luz. *Quero ser...* E esvarou polo cristal coma unha pinga, caendo igual ca Edmond ó mar do castelo de Iff... Quixo ser e mudar nunha lenda, unha sombra de papel. Quería ser calquera agás el mesmo. As luvas rotas remexeron no peto até dar cunha morea de moedas de cinco e dez céntimos e máis un botón. Pagou o almorzo e esquivou o dó nos ollos do camareiro, mais non puido evita-lo seu propio reflexo no cristal da porta. *Un Alonso Quijano dos tempos novos xa non ten muiños*. Na rúa parara de chover e o café apousáralle o frío. Xacobe non era o seu nome, *Xacobe non é o meu nome*; Xacobe non existía agás nos soños de alguén que, coma el, fora nómade nun mundo fantástico. Acabou por se recoñecer, de novo, no home aquel do espello, *máis vello do que desexaría*, o do gabán rillado e as longas barbas prateadas. Na praza das Praterías volvía caer auga miúda, xeadá, cristais de xeo afia-

dos que non lle deixaban fuxir da realidade. Sentou nun recuncho no que o chan de pedra aínda estaba seco, puxo a man en alto e agardou a que algún transeúnte puxera nela moediñas soltas que acabarían no lixo de tódolos xeitos. A Berenguela tocou as doce. *Non me lembra o meu nome e tanto me ten. Gústame Xacobe, quere dicir "o que suplanta"*. Entrou no edificio, a muller saudouno coa indiferenza que acostumaba para tódalas súas accións; aquela bibliotecaria era tan fría coma o granito das rúas do exterior. Xacobe buscou nos estantes por algo que chamase a súa atención, desexaba un lugar onde a calor se apalpase até nas follas do libro. Quería ser nómade nun mundo perfecto. *Quero ser...*

Infoxove número 15, xullo de 2007



Suso Pensado

Naceu en Arteixo en 1971. Recibiu o III premio Uxío Novoneyra de poesía, en 2004 polo seu libro *A Tarde* (Espiral Maior, 2005). Como tradutor publicou *Cantos* de Giacomo Leopardi (Espiral Maior, 1998), *O Barco Ebrío* de Arthur Rimbaud (Revista *Clave Orión*, 2000), *Serodio Amor* de Emilio Coco (Espiral Maior, 2006) e *Os Alimentos Terrestres* de André Gide (próxima aparición en Laiovento, 2007). Traduciu ao francés a escolma de Xulio L. Valcárcel titulada *Le Volume de l'Absence* (Auliga-Espiral Maior, 2006) e o libro de poemas *Le Feu Blanc* de X.M. Álvarez Cáccamo (próxima aparición en Auliga-Espiral Maior, 2007).

Esbozos de poemas para un libro futuro

SONETO II

Morrer, morrer, abandonarse, furor que restablece a vida
antes do seu orgullo de existir,
diluírse na aperta temporal, nun poro do pasado e do futuro,
igual que o desafío das flores cotidianas fronte ao sol,
do cristal máis livián exposto ao tempo.
Mirade, a vida pasa alta, sempre máis alta, como unha brisa cálida
ou como un sopro acariciando o cimo das árbores.
A vida pasa alta, cando se mira desde unha xanela cenital
con ollos de ver nubes, ou chuvia ou ceo aberto, ou un paxaro
que non aparta a súa máscara e que afirma, non,
non é un paxaro ou unha nube ou chuvia ou ceo aberto,
senón a vida que miras desde o fondo, perdido nun poro do tempo.
O que un día foi chama e fume procurando altura
lanzándose a unha busca vertical e decidida, é hoxe apenas brillo
afogado na cera que o mesmo lume produciu
por temor a deixar de ser materia e converterse en puro ardor,
para enlamarase na materia que o nutría.
Disolución da vida. Pregúntome se as cores que me ofrece o mundo
non se van esvaecendo pouco a pouco ao meu ollar
ou se os óleos do mirar vanse apagando en cadros incompletos.
A vida, a vida, as ondas golpeando impenitentes, impotentes os cantís
[durmidos
os lóstregos pasando ante os meus ollos,
os tronos rebentando o ceo nalgún lugar onde a tormenta caerá
sen que ninguén a escoite.
A vida, a vida, a neve xa fundida, só cinza nos torrentes,
o profundo silencio dun león que un día puido estremecer
como un furor –morrer, morrer– restablecendo a vida.

SONETO III

Oh, guerra de batallas insaciables por silenciar a morte.
Maio dorme esquecido no seu afán de promulgar a vida,

na furiosa batalla natural sobre a terra tan negra, baixo a chuvia.
Como soportará o meu corpo tal empuxe, esta guerra natural,
tal forza de expansión en ramificacións continuas
con ansia case dolorosa, se xa chegou ao límite do crecemento?
Pero este afán empúxao desde dentro
e busca transgredir os lindes outorgados pola vida ata romper a pel
e a fatiga dos músculos, ata unha dor insoportable. E só me queda
[a morte silenciada
procurada inconsciente, a grandes pasos dubidosos, borracho lúcido
nos foxos do camiño, buscados e evitados,
mentres navego cara á casa, soñando un porto do tormento onde durmir.
Maio dorme esquecido.
A miña parte mineral, de po e de cinza, pide terra,
certezas sólidas ou inimigos declarados que aterrar, bandeiras nítidas,
[abrazándome
a este barco de cristal ou pedra, navegando con rumbo decidido
lonxe dos amplos horizontes, procurando bitácoras exactas,
soñando desde o mar co porto, desde que o mar se fai incerto
e os horizontes amplos.
Pero algo máis require o meu desexo,
unhas velas inchadas no ciclón máis terrible,
como un verme que busca transformarse en deus
e ergue montañas nas planicies, nas vastas extensións, cortando os horizontes
erguendo a vista cara aos cómaros máis altos, máis altivos,
perdidas ambicións dun corazón que aspira a equiparar vixilia e soño,
como un xigante edificando fermosos montes de poeira,
amontoando cinza, oh meu desexo, só ela quedará, perdidas ambicións,
[deus-verme malferido,
erguéndose da terra para caer dos ceos.

SONETO IV

Para quen tanto esforzo? Para vós, quimeras do futuro,
se todo se resolve en nada, se todo é como chuvia
que non anuncia máis que chuvia, como un rumor continuo,
que se escoita, que flúe e que penetra por todos os rincóns da terra?
E o vento, violencia que prometía desbordalo todo, transformalo todo,
non é máis que un alento agora que no peito latexa e esmorece.

Que son agora os meus desexos, se aínda seguen vivos,
lonxe do fin do seu vigor que os levantaba enarborados?
Vivos desexos encerrados nunha carne cada vez máis sometida ao tempo,
sentindo preto o fin das súas penas, oh conciencia de saberse rumor.
Mais sigo vivo, e algún poder me teñen concedido os fados,
un simulacro de vontade no que diga, mirade,
isto son eu, o meu labor case sen froito,
nunha humilde bandexa que vos deixo cos brazos estendidos,
coas mans abertas, por que saibades que existín no tempo rigoroso,
que puiden moldear un simulacro de existencia
deixando algo do tránsito terrestre que se resista á nada.
Esforzo inútil, quimeras do futuro, se o traballo é perdido, se o froito
[non existe
máis que un instante de sazón, irresistible ao esquecemento.
Oh morte, por que tanto inquietarse, por que este esforzo,
por que correr tras cetros anelados, coroas debatidas,
e facer do vivir un campo de batalla de virtudes e orgullos,
por uns avaros froitos arrancados ao tempo, aferrados á man,
pequenos froitos que caerán en terra erma, en pedregal, en monte fulminado,
cando a vida, que nunca foi máis que desexo, vaia fuxindo desde a vida
[cara á morte?

Infoxove número 15, xullo de 2007



Xiana Arias Rego

Naceu na Fonsagrada en maio de 1983. No seu documento de identidade figura que se chama Xia (co acento no “a”) porque lle deu a gana a un cura. Na casa non lle dixeran nada disto ata os 13 anos. Cando ela precisou o documento antes citado soubo que ao seu nome lle comeran dúas letras. Licenciouse en xornalismo pola Universidade de Santiago e traballa na Radio Galega, no *Diario Cultural*. Alí chámanlle Xia Arias (con acento no “i”). Espiral Maior vén de publicar o seu primeiro poemario *Ortigas*, gañador do XIX Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé. Pódense atopar máis textos da súa autoría na revista *Xistral* do concello de Lugo e no *Pirata (compartir non é delito)*, artefacto en apoio ao Cineclub de Compostela. Xiana Arias Rego quere que conste que este texto que aquí asina non ten dereitos de autora: fagan vostedes con el o que lles praza.

A morte xitana e ti

para María do Cebreiro,
polo Cineclube de Compostela

Esta é a historia da mareada Sara.
(A mareada Sara tiña un nariz de ouro
botas con cravos na punteira)
Seu pai sempre lle dicía: anda dereita,
ponte dereita e non andes arrastrando os pés.

Aquí hai unha historia ou dúas e igual hai tres.
Sara escoita *Pull up the people* pero non sabe que
"non nos dan acceso aos papeis do censo e
así se nos matan non hai rastro que investigar".
Camiña cos cascos nas orellas
sen levantar os ollos do chan.
É unha moza, está revolta e
guíase pola voz de muller que sae dos semáforos.
(A mareada Sara tiña un nariz de ouro
botas con cravos na punteira e
cando se puxo azul todos os anxos berraron)

Camiña a mesma rúa en sentido contrario:
pode tropezar pero pode non tropezar.
"Ti liches a Constitución Europea?"
(Non sabía que podía pasarse)
Quen anda detrás do Kevin Costner?
"Por exemplo, a min
gústame o hip hop dos grupos da zona do South Central
porque falan do que viven, historias dos Bloods e dos Creeps".
(A mareada Sara tiña unha nariz de ouro
non sabía que podía pasarse e
botou a correr, correr, correr, correr, correr)

Se Sara avanzase pola rúa paralela
escoitaría unha nena berrar que non pensa comer a sopa.
—a canto vai?

—barato neniña, eu non vendo nada caro
para gañar uns pesos namais.
É unha moza e alguén debería sacudila
coma roupa mollada.
Cando vou saír desta cidade?
Onde metería o chisqueiro?
Gustaríame estar noutro lado?
Onde metería o chisqueiro?
Dá unha calada ou dúas.
Afógase ao correr, correr, correr, correr.
“Para cada Coldplay debe de haber un antídoto.
O reggaetón paréceme perfecto”.
Se Sara estivese dous metros máis adiante
caeríalle cuspe na diadema de flores azul e branca.

“Non sei nada de facer música
pero sei o que me gusta”.
Camiña a mesma rúa no mesmo sentido:
pode tropezar pero pode non tropezar.
Se torcese pola que sobe fixaríase no muro,
na pintada. Ugio e Giana liberdade.
Ugio e Giana, que volvan á casa. Stop G8.
“Se algún neno bosníaco fai música
vai vir dunha parte do seu corpo moi diferente”.
A adolescente Sara non vai a clases de guitarra
os martes de cinco a seis
pero súa nai paga cen euros cada trimestre.
(Vou dar unha volta por Union Square
nunca sabes a quen vas atopar por alí)

-Que escoitas agora?
-Funk das favelas. Non fan álbumes, só tocan.
Leva os ollos na cabeza e o cu debaixo do rabo.
Matou ao gato para ver se era verdade que tiña máis vidas.
Non lle deu noxo coller o morcego morto coas mans e abrílo cunha coitela.
(A mareada Sara non tiña nin a máis mínima experiencia
colleu o tranvía ata a rúa corenta e sete
e cría que a levaría ao ceo)

"No metro fixeime nunha muller bosníaca
cun neno nos brazos e notei o seu xesto
dicindo fódete a cada cara con trazos ingleses".
Sara nunca bailou o bolero.
Súa nai como era pobre fixo as papas nunha ola.
E a ela que lle gustan os filmes de amor,
morrerá sen ver A sexta parte do mundo.
Da unha calada ou dúas.
(correr, correr, correr, correr, correr)
A morte xitana e ti.
Ela diche o que fas.

(Este texto é un plaxio e amais hai nel anacos de:
"Run, run, run" de The Velvet Underground e da entrevista de
Víctor Lenore a M.I.A. no *Rockdelux*, nº 232)

Infoxove número 15, xullo de 2007



Xabier Xil Xardón

Naceu en 1983 no lugar das Lagas, en Morgade, Xinzo de Limia. Comezou a escribir aos cinco anos, practicando sobre liñas de puntos coas formas das letras predeterminadas. Hoxe tamén escribe, ao tempo que vai sacando Filloxía Galega na Universidade de Vigo. E, malia a el non se decatara, segue a facelo sobre liñas de puntos.

Inútil- mente

por unha porta entran voces

petan co acento esquecido
das linguas mortas

pola porta entornada
case pecha
entran

bruando pasos no cemento

aboucando os poros

...

aquén do limiar
avantan voces
que foran folgo aguzado
para abrir os mares

voces xa

sen ar
no colo

...

a enerxía endexamais se perde

transformouse a vibración
a in-cógnita
da fonética proscrita

que agora avanta
vén para dentro

...

houbera códigos prohibidos

o mundo

porén

entendía

...

houbera lume

...

e o mundo calou

mudou os códigos

esa mostra do que puido ser
un día solloso

...

as voces retumban

proen nas virillas

...

esqueceuse
o falar do cuco

...

repenica
repenica

...

non hai
quen cale
os mortos

* * *

na procura dos sentidos
un día quixemos deleitarnos co proceso

e descubrimos a linguaxe
a lingua
a poética

/vimos que non había paredes alén da materia
ou fixemos de nós pantasma

e elevámonos por riba de nós mesmos
deica o fondo

/quixemos ser quen de ir metendo o mundo en cada idea
para sermos tamén mundo

e fíxose a metáfora nas portas entornadas
e nas fiestras

/nun tempo
dixose liberdade amor xustiza

até que os conceptos se prostituíron
e o capital inverteu os valores
para a perpetuación do imperio

(non hai transcendencia sen conciencia)

/por iso cumpriu comezar a metáfora polo tellado

análise-interpretación-acción

sinalar a contradición
a mentira do cotiá
a alienación
o noxo
para tornar a palabra en cousa
que berre e feda coma a vida mesma

nun obxecto útil

unha metáfora en si mesma

maza e punteiro
ou
tiro na caluga

a alegoría como arma

un conto para humanos

/o camaleón no espello

(un espello)

* * *

para ser quizais cumpra
tirar
este veo que nos tecen
as palabras

saír
desta toqueira
en que se amasa
unha pantasma

no silencio quizais
facer
tiver sentido

no espazo que vai
da man aberta
á man pechada

no percorrido do brazo
ao se erguer e debuxar

a media lúa
ou fouce
ou colo
onde apoiar a idea
o canto
o pensamento

na acción directa

quizais esta arquitectura
non forme
xamais
un teito

mais chove o sentir dun pobo

a(-)
rre
med(i)os

rendicións que ninguén pide

(repenica
repenica)

o afogo
na toqueira

retellar
ignorando a desfeita

resistir

resistir

resistir

...

e cando menos a derrota

cando menos

* * *

hai voces que se disfrazan de gadañas para parecer metáforas
e procurar que a caída xaza no aire cos adeuses amputados

son as mesmas que se cren roucas por decreto histórico
rexas por tras da reixa que nin ventan cando alcanzan o nirvana
unha vez ao ano e festas de bourar

voces procesionais para os escollidos
de dicir o gran silencio en esconxuros
e louvar a morte e estragar semente

voces irtas
que se pousan no centro do horizonte esférico
sen adobíos meirandes cá dentame e a lingua
que as empurran unha a unha unha tras doutra impunemente

voces que habitan carballos ocos
agochadas trala casca
e se mesturan e amalgaman
no baleiro

voces sen orificios de entrada nin saída
estandartes esfolados con pretensións de latas de conservas
varadas na ferralla ao bordo da reciclaxe
e do retorno

fica cando menos a esperanza

coma sempre)
xa que logo)

fica o agardar cotiá
pola grande explosión
no núcleo duro dos
fonemas

* * *

escribir cada vez
se asemella máis
a botar petardos

no deserto

que se di

nación

coma quen se veste
de domingo

fogos de artificio
para un exército
invidente

(APLAUSOS,
por favor)

bombas de palenque
o día calquera

palabras de foguexo

un placebo

Infoxove número 16, agosto de 2007



Oriana Méndez

Os primeiros versos de Oriana Méndez (Vigo, 1984) ven a luz na revista *A Caramuxa*, do colectivo noiés Sacou. Fai parte da asociación cultural Redes Escarlata, coa que colaborou no libro colectivo *Xuro que nunca volverei pasar fame*. Participou en diversas revistas e colaborou coa Plataforma contra a Burla Negra no catálogo *Botella ao mar*. En xuño de 2007 publicou o seu primeiro poemario, *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*.

No comezo foi a escuridade

>>>reintentando a conexión: Erzsebet

Kali> a vida real tamén é esta

Erzsebet> referíame a outra cousa

Erzsebet> ti levas moito tempo entrando aquí?

Kali> anos

Kali> sóame o teu nome, pero nunca demos en falar

Erzsebet> non. Paso tempadas sen vir, é intermitente

Kali> e mais segues entrando

Erzsebet> si, todo isto fascíname

Kali> entón, tes medo

Erzsebet> moitísimo. Non sabería dicir que me une a vós

Erzsebet> si o que me separa. Ás veces, verdadeiro pánico

Kali> reunímonos o luns e preparamos outra para novembro

Erzsebet> un día rodeareime de talismáns e irei convosco

Kali> de pouco serven

Kali> ninguén che fará dano, sabes o ben que nos tratamos

Erzsebet> iso teño entendido

Erzsebet> en realidade sei moi pouco dos vosos encontros

Erzsebet> debo coñecervos

Kali> serás benvida, todos o son

Kali> escoitei que eras fermosa

Kali> que os teus ollos eran de océano e a túa cor o branco

Erzsebet> o branco, si

Kali> o branco está feito para ser fondo do encarnado

Kali> vén mañá. Estaremos algúns organizando a de novembro

Kali: ela é Erzsebet

Erzsebet: encantada de coñecervos

Kali: tes frío?

Erzsebet: continuamente

Kali: senta por onde poidas. Xa tomamos algunhas decisións: atoparémonos na praia, realizaremos cos nosos corpos sete círculos de lume, transmutaremos en lume, invocaremos o poder amigo da lúa. En forma de larvas ardentes, empezaremos o sacrificio. Primeiro, os que ves nesas gaiolas, concibidos para desfacerse en nós. Despois, fóra, no frío, tentaremos o primeiro contacto co sangue humano.

Escoiteina con atención, observei como todos estaban de acordo, contagiados da súa ansia. A convición de Kali era profunda, estaba disposta. Non só disposta: rezumaba desexo. No entanto, a escuridade delataba a Kali, a súa pel case negra situábaa nun lugar distinto da non-morte. Era a iniciación dos corpos alleos, un intento, unha fantasía. E eu devecía por asistir á cerimonia... en secreto. Ninguén o sabía, aínda, ninguén coñecía a forza infinita e destrutora dos ollos acuosos. Estouraron de súpeto os cristais, as ventás todas, non puiden conterme, no intre mesmo da apertura das gaiolas, estalou a todopoderosa beleza de Erzsébet e, con ela, a ira perpetua das criaturas da noite pronunciando para Kali o evanxeo dos vampiros: olla os non-mortos superiores, eles están diante de ti. Pronunciando para Kali:

*A miña única estrela está morta, e o meu constelado laúde
leva o Sol Negro da melancolía¹*

Cumprirás a túa vontade e serás herdeira das tebras para sempre, inmortal, Nosferatu desde agora, branca, Kali, branca... O branco feito para ser fondo. Encarnado sobre branco.

Infoxove número 16, agosto de 2007

1. extraído do poema *El desdichado* de Gérard de Nerval.



Leo F. Campos

(Vigo, 1974)

O Leo está para publicar o libro de haicus *Hai cu. Pintadas no báter*. É cantautor punk e como O Leo i Arremecághona! publicou *Suspiros de Kaña* (Planta Discos, 1998) e ten para saír *Sigho (Vivo)!* e *Aghomita, campión!* (A Regueifa Plataforma, 2007). Fixo música para o teatro e tamén de actor n' *A Factoría*, en *Matarile* e en *Berrobambán*. Colabora en *Sonotone*, *Tempos Novos* e *ProTexta*. Traballa de lingüista.

Non hai ... nin ... a falar 5 min sen facer un tropo

E que ... ou é un tropo?, diredes vós. Os tropos son a ferramenta básica, a chave inglesa –aí vai un– dos e das poetas dende a noite dos tempos –xa me saíu outro, aí que raio (e outro)–. Facede a proba: collede unha gravadora e rexistrade 5 minutos de conversa nun botellón. Imposible, polo menos un ten que haber –e xa sería pouco–. O propio botellón xa é dous tropos: hipérbole e metonimia, máis ca nada porque esaxeramos quinindiós e confundimos, entre outras cousas, a parte polo todo. “A noite confúndeme”, dicía Dinio, ese gran clásico, e todos sabemos que aquí “noite” non quere dicir o que vén no dicionario.

Dende os trobadores medievais galego-portugueses –aqueles ghichos que levaban “trobas” e rascaban no tataravó das guitarras eléctricas– tamén na nosa lingua sabemos e non temos ... nin ... a non facer tropos a cadora. De feito, eles a escribiren letras de cancións –que é o que son as cantigas medievais por máis que os estudosos se poñan estupendos– chamábanlle “trobar”, que vén do latín “TROPARE”, que se lle collemos o significado polo dereito –que é o contrario do que facemos cos tropos– significa ‘facer tropos’.

Imos logo ao choio, porque todas estas sachadas que estou botando pola boca aínda querían un algo de demostración, que ben sei o escépticos que sodes e facedes ben. Haivos por aí, eu qué sei, poñámoslle sete tipos básicos de tropos, que son os que veñen na Wikipedia, porque tampouco me vou matar agora a consultar retóricas e moitísimo menos a Lázaro Carreter. A saber: a metáfora, a alegoría, a hipérbole, a metonimia, a antonomasia, a imaxe e a ironía. E vouvos pór exemplos antonomásticos –e dálle, isto xa é metatroppear– que seguro que tendes empregado máis dunha vez.

A metáfora, que vén sendo chamarlle a unha cousa polo nome doutra porque se lles topamos parecido. “Buah, Moncho, invita algo, que es un luras”. O fulano en cuestión aseméllaselles ás luras porque o chupa todo para si. É unha comparación que non se expresa, que se dá por entendida: “o Moncho é coma as luras”.

A alegoría é algo máis longa, porque son varias metáforas conectadas: “Buah, estiven todo o día na póla e apouchei e non dei saído do poleiro”. Aquí o ghi(Mon)chiño apalancouse na casa por estrañas razóns coma unha ave ou galiña.

A hipérbole. A isto si que somos dados, e non me digades que non,

sobre todo os ghichiños falando de ghichiñas. “Buah, a esa pava para min que lle molo.” Isto xa é no 99,99 % dos casos unha esaxeración coma un mundo –isto tamén–. Pero poñamos outro exemplo máis xeral: “Buah, as chorbas flipan comigo, racho coa pana.” Mira, meu, Monchiño, colle esta chaqueta de pana e vaille dando, anda.

A metonimia évos chamarlle a unha cousa polo nome doutra porque hai entre as dúas unha relación máis alá do simple parecido. Olliño, porque é fácil confundila coa metáfora e viceversa. Amais de topármolles parecido, ten que haber outra conexión: a parte polo todo, causa-efecto, etc. Por exemplo: “Buah, eu morreo que te cagas”. Outra hipérbole, por certo, e unha metonimia ben triste, porque aquí haiche quen confunde axuntar os morros con dar un bico. Ah, e o Moncho aquí foi un “bocas”, que é unha metonimia que creo que xa non vos teño que explicar.


A antonomasia é cando usamos un nome propio por un nome común, como estou a facer eu co tal Moncho en vez de dicir directamente “o pringao este”, ou ao revés, se dixese “O Pringao este” pero todos soubésemos que estou a falar do tal Moncho.

A imaxe, que é cando o tropo, xeralmente metáfora ou metonimia, crea unha imaxe tan gráfica do que se está a dicir que parece que o estamos a ver: “Buah, tío, vaia carauto traes”, que é cando o Chiño estivo empolado no poleiro todo o día na póla e gasta unha cara que parece unha carauta.

E por último, a ironía, que aquí é onde os galegos temos abondo que dicir, porque lle inventamos unha variante que lle chaman “retranca” e aí somos os amos. A ironía é cando se quere dicir o contrario do que se di, o sarcasmo é facer unha ironía pero xa con moita mala... idea e a retranca maniféstase cando o/a interlocutor/a non sabe se queremos dicir o contrario ou non, ou sexa, con moita mala... hostia, vaia. E aquí o exemplo poñédelo vós, que de seguro vos acordan varios, e amais o Monchiño xa non dá máis de si.

En resumo, que para faceres tropos ou trobar só falta que abras a boca (metonimia) un nada (hipérbole) para guindares (metáfora) a pedrada (imaxe) de que o bonito de ser poeta é que poeta pode ser calquera (alegoría), ¿non si (retranca), Monchiño (antonomasia)?

Infoxove número 16, agosto de 2007



Brais González Pérez

Brais González Pérez naceu en Salceda de Caselas (Pontevedra) no ano 1988. Comezou ben novo na escrita e ten publicado un poemario intitulado *Sangue sobre silencio* no ano 2004. Colleitou algúns premios e é membro de agrupacións como as Redes Escarlata, a Asociación de Escritores en Lingua Galega ou a Asociación de Amizade Galego-Cubana Francisco Villamil.

Na actualidade estuda Dereito na Universidade de Santiago de Compostela.

Entanto non amence

...@s compañeir@s de Adiante (MRG) e do
Foro da Mocidade de Compostela.

[Transcrición dunha carta nunha garrafa atopada no areal de Donón, no Morrazo. Escrita por unha estudante universitaria e dirixida dende a longa noite de mármore @s obreir@s galegas, especialmente aos mortos no transcurso desa outra longa noite (a de pedra), namentres non amence]

Compañeiros dos boscosos risos:

Fágome a penas cargo da vosa ausencia neste outono que frustra decote as esperanzas comúns dese mañá espléndido, no que esta dimensión amarga que vivimos se torne sorprendentemente cálida. Fáltame moito a vosa man necesariamente obreira poñéndolle unha dirección de futuro a este pobo-nao espléndida e imprimíndolle nordeses inmensos, coma verbas, ao velame, porque sen vós, hoxe e sempre, *este bar ten balances* e patróns de navegación inexactos, errados.

Diríxovos estas poucas verbas por enriba do tempo, amigas, acedas, desacougadas. Estas liñas son, sen seren versos, camaradas, a epopea das vitorias chapodadas.

Nesta Universidade que soñastes Galega, paifocos de gravata e cátedras ou títulos rimbombantes, ensinanos a esquecer as eiras multiplemente fértiles dos vosos abris, pónenlle como acordes intencionadamente nostáxicos aos himnos universitarios e proletarios que dándolle unha volta a ou Rosalía cantabamos, e dende a podremia intelectual de cada aula que imparten pretenden afogar no rebumbio da historia de bandeiras, batallas ou estirpes alleas (españolas) os vosos nomes. Dinvos mortos, cando nesta nación ordinariamente domeada, todos sabemos que só unha verdade vos arrastrou á *banda de acolá* dos almanaques, realidade fría, insensíbel: ASASINATO. Amigo Amador Rei, Daniel Niebla ou Xosé Ramón Reboiras Noia. Balbordo de estrelas vermellas, nomes.

Estou detrás das estalacitas e estalagmitas de xeo da historia que nos *contan noutra lingua*, e aquí todo ten que ser como unha dura mañá de marisqueo na que as nosas mulleres nacionais esgazan as mans e rañan a area freneticamente, no cerne da procura. Todo ten que ser inevitavelmente unha esculca ardua, amarga, difícil e humilde da vosa ensinanza

metalúrxica. Porque esta malpocada mocidade aínda calada ten (temos), ao igual que vós, o vieiros da vida coutado por infindos muros da barbarie. Por construcións cúbicas mimeticamente nefastas que cheiran a pobo aferrollado, que ulen unha, dúas, tres veces como unha outra palestina atlántico-cantábrica.

E só na vosa incansábel doutrina do verdadeiro é das cousas, e só no voso traballo cotiá, auténtica clase proletaria nosa, corpo operario galego, pode estar a forza final de vencer esta batalla. Nos mil e un Vietnam ou Cuba que son o voso sufrimento diario e a vosa loita imprescindible para que nosoutros non herdemos tamén as interminábeis e insoportábeis correas de produción das fábricas, os soles coma diabos a lambernos o lombo, as xornadas incansábeis da labranza e séculos de torturas nesta cárcere que se chama mundo, que se chama economía capitalista e que se deslomba en semellar perfecta, sempiterna, inescindíbel!

E con todo, deica aquí, onde escribo, ao pé deste atlántico mar que levou, carcomeu e vomitou cadáveres amigos, chega a vaga voraz do enérxico exemplo dos vosos 1936, 1968, 1972, 1975 (e mesmo este noso 2007 presente) da sementeira. E cecais, como materia antropomorfa me transforme en carqueixa ou terra denantes da colleita, poren os pobos, os pobos xamais morren... e o tempo chegará dos maduros froitos e a festa.

Aínda entoamos as cántigas de antonte, aínda quebramos virxiniais muros caleados con vocábulos estridentemente valentes que din VENCEREMOS NÓS. E aínda nos queda por vivir a xornada de traballo, da firme construción, na que todos xuntos, unicamente en asemblea, sairemos dende o ventre das fábricas, dende o estómago náutico dos armadores, dende os centros quasi-privados da institución educativa que nos aliena, dende as afastadas leiras que nos atan e dende os lares familiares que con man de ferro comandamos... para marcharmos avante cara o ventre tamén negro deste mundo onde con suor, esforzo, guindastres, focues, metais, vasoiras, martelos, palabras, ergueremos un astro solar estritamente obreiro, estritamente novo e compartiremos o pan e o leite do almuerzo perfecto que enguliremos mentres (como quixemos, como quixestes) á fin AMENCE.

Infoxove número 17, setembro de 2007



Daniel Salgado

Naceu hai 26 anos en Monterroso. Traballa como xornalista, publicou os libros *Sucedede* (2004), *días no imperio* (2004) e *Éxodo* (2006), e considera que o mercado capitalista como rector da totalidade social resulta, amais de homicida, insostíbel.

apoloxía da deserción

I

antes do desembarco, antes do terror, antes da caída, antes da demolición: o poema conquista territorios ocupados e nunca cede soberanía: con todo, milita pola dignidade das fuxidas, apoia calquera fuga: prefire os erros aos catedráticos, os séculos ao espectáculo:

II

insumisión ás cadeiras de brazos: por unha organización en brigadas que impida a constitución do clúster: non ao concepto de regularidade, non aos dicionarios: contra o reclinatorio burgués, augas residuais e cidade dormitorio: a prosa do asfalto cedido ou a vitoria definitiva das fisgoas na esfera:

III

descrédito da literatura do poder: todos estamos en perigo¹ : a escrita en emerxencia, o poema apurado: as obrigas que implica a situación: estamos no esboroamento, procurarmos as ruínas:

IV

isto non é un poema:

V

a comodidade do descampado: operar nos espazos de ninguén, nas terras: o poema non reclama, fai (por iso tampouco é literatura): quen se asoma ao bordo?: no polígono industrial, debaixo dos xardíns: non existe cilindro que interrompa o texto: as palabras non serven para dicir:

VI

amigar coas serpes: o único xeito honorábel de actuar consiste en traizorar a patria e violar a lei de símbolos: escribir cada poema coma se escribese un manifesto comunista:

1. Pier Paolo Pasolini, en entrevista con Furio Colombo, en 1975.

VII

a estratexia do descontrol: o urbanismo aguzado provoca militancia nas zonas de sombra: dentro dos focos non hai vida: sobrevívese no exterior, na parte de atrás, na violencia contra a xerarquía, nos cómaros:

VIII

"a identidade é a nova comida lixo dos desposuídos, o penso da globalización para os privados de dereitos"²:

IX

o combate é contra a disciplina da estética: contra as bases militares da academia: contra o goberno colaboracionista: avésporas e indicacións, ordenamentos e panteras: os obxectivos céntranse na fundación dun zoolóxico:

X

inventario de catástrofes: relación de apocalipses: lexislación de suicidios: cobertura en caso de disfunción mecánica: catálogo de dúbidas: o poema exercece no tempo incandescente: que arda o cuartel xeral: cuestión de orgullo:

XI

a precisión do trazado metropolitano: non sucumbir á literatura panóptico: células corruptas pero alerta: na extensión liberada da linguaxe, no artellamento exacto da soidade:

XII

"a revolución será tamén a creación de signos que nos pertenzan a todos"³:

2. Rem Koolhaas, en *Espazo lixo*, 2002.

3. Raoul Vaneigem, en 'Comentarios contra o urbanismo', *Boletín da Internacional Situacionista*, nº 6, 1961.

Infoxove número 17, setembro de 2007



Verónica Martínez Delgado

(Valdoviño, 1976) Publicou como poeta os libros *Desterrada do meu corpo* (2001), *deshabitada e sen verdugo* (2002), *Cara a un solpor de gatos* (2005), III Premio de Poesía Afonso Eanes de Cotón e *O Ladrón de Almas* (2006) Mención de Honra Premio GZCREA de Poesía. Ten participado en diversos libros de carácter colectivo e publicación periódicas.

Burgo

Vivo na habitación 2009 da Residencia Universitaria *Burgo das Nacións*. Aquí as paredes son moi leves e non tes intimidade. Podo oír ata os pensamentos da conserxe mentres traballa.

Escoito o ruído interior e detrás de todo está o silencio, a terrible impotencia, a esterilidade mesma.

Se cadra, a vida que me gustaría son os trinta segundos de felicidade de Carlinhos Brown. Esa felicidade do momento exacto no que arranca o tren na estación cara un lugar millor ou da capacidade inmensa, tan viva e tan consciente, de esquecer o pasado e a dor.

Sen ter nada real ao que aferrarme, aférrome ao presente, a estudar, moito ou pouco, calquera materia, neste cuarto prestado con moito ruído de fondo.

Escoito xemer ao Rafael dúas plantas máis abaixo, esaxeradamente. Habitación 1007, se non me lembro mal.

Padezo dun cansazo crónico. Durmiría días enteiros. Só me mantén esperta, soñar con momentos diminutos de cor, bailaríns e luces.

A falta de intimidade é un bo remedio para a soidade, pero non a solución.

A tristeza é un frío húmido, que se apodera de ti, que vive nos teus ósos. Múdao todo. Cansazo e silencio. Moitas persianas de silencio.

Chamaría a recepción sete veces ao día e contaríalle á conserxe todos os meus altos e baixos, cada un dos meus cambios de humor. Non hai estabilidade emocional, non existe. Son ciclofímica. Non pode ser que a carreira pese máis que a miña alma.

Dáme moita envexa a ilusión que teñen os meus veciños do Burgo. Eles aínda cren que todo é posible.

Non soporto a idea de que o mundo sexa tan continuo.

Gustaríame regresar ó zero, á pureza das cousas, á ilusión dos meus compañeiros de residencia.

Organizo recitais, asisto a ceas, vou ás aulas; son alguén?.

Hoxe marcha o primeiro dos brasileiros, o Guga, non o Rafael que non me deixa estudar. Que pouco dura un segundo de felicidade e a amizade cruzada dun *erasmus*. agasalloume cunha das súas fotos de gueivotas, cun texto por detrás que di teño que debo bater as ás e voar, sen parar...

Constrúo, construímos vidas, pequenas historias, cada un no seu cuartíño e ás veces ata nos mesturamos. Nada debería retornar.

Debería crer máis en min e na carreira. Facer de novo e sen cesar, encher de momentos este baleiro. Recoñecerme por fin, que erreí, que escollín mal a carreira, que non podo ser médica. Falar cos pais e decepcionalos.

Desdramatizar. Restarlle importancia a toda decisión. Deixarse ser, deixarse vivir. Non enganarme máis, serme fiel e honesta. Facer o que realmente desexo, coller ese tren, que aínda non marchou, o da vida, o da miña pequena e insignificante vida.

Ao final a quen lle importa nada de min, da miña verdade, só o tempo permanece, a vida en si mesma, neste ritmo trepidante cheo de silencios, ao final regresarei á miña cidade natal, metida nunha caravana e bailarei para todos debaixo da carpa do circo.

A vida é un conxunto de pequenas metafísicas e eu só son unha frase neste papel, no seu bosque e na súa claridade. Desexádeme sorte o Cirque du Soleil agárdame!!

Infoxove número 17, setembro de 2007



Silvia Penas

Licenciada en Filoloxía Galega, Universidade de Vigo.
Actualmente imparto cursos de lingua e cultura galega.
Son membro das redes escaflata.

Premios:

1998: 1º premio Roberto Blanco Torres de Relato curto

2003: 2º accésit de poesía Premio da poesía, relato e tradución da Universidade de Vigo

2005: 1º premio de poesía Premio de poesía, relato e tradución da Universidade de Vigo

Recital sexual

“As palabras esdrúxulas, como os sentimentos esdrújulos são, naturalmente, ridículas”, dicía o tan citado e recitado Pessoa. As linguas peninsulares coa súa tendencia á gravidade están eximidas de caer por si mesmas na cursilería dunha “Mátira cóscora látura cal” que enredaba Torrente Ballester; porén, caer na falta de tonalidade e de emoción por ese medo ao ridículo, antedito, espantoso, ou ao contrario, excederse en varudez e colosalidade, acontece e acontece en moitos recitais.

Onde irá parar o matiz perdido na postura da glote, do lombo ou das cadeiras?, a falta da interrogación, a inclinación desaxeitada do verso ou da pelve? E é que os relacionamentos erótico-flexivos, sintáctico-afectivos e cópulo-semánticos, teñen moito que dicirse entre si.

Pensem que certas culturas de países, segundo rezan as estatísticas, sexualmente máis activos ca nós, viven incansablemente no discurso, e se non, de onde vén a proliferación de textos das literaturas hispanoamericanas? Culturas textuais sexuais.

O caso é que ando hoxe pensando nisto porque un individuo quasi arxentino comentou que a o destreza sexual de cada persoa era directamente proporcional á calidade do recitado e pensei que non resultaba tan banal como aparentaba relacionar ambas prácticas.

Asistir a recitais e observar, participar, poderíanos servir para deducir a capacidade e as manías sexuais de cada un, e dese modo atoparíamos un motivo verdadeiramente importante para incitar ás masas a acudir a estes eventos. Ambas estas dúas artes certamente posúen características comúns: comezan e aliméntanse no seu propio discurso, disfrázanse de transcendentalidade e eternidade, esquivan a categoría de ficción (prefiren aparentar dicción ou adicción), son ámbalas dúas cualificadas de praceres e necesidades e, sobre todo, está moi mal visto remunerar a quen as leva a cabo.

Podemos atopar nos recitais sexuais varias modalidades:

Unha tendencia á lectura ás carreiras: canto menos se escoite e se vexa mellor, ao estilo decimonónico, luz apagada buraco en saba, desabafo fugaz.

Existe a modalidade pausada, suave, con certos alardes de entoación, cun toque pícaro, pero tímidas, así a media luz.

Lecturas e posturas posmodernas, jazzísticas que entroncan con caos de chan, mesa, de pé, incluso lavadora.

En voga está agora o que eu chamaría “recitado déjame sola” que consiste en recitar en ton monocorde e relativamente baixo, sen trazos prosódicos, sen entoación, sen ganas, sexo deportivo case en solitario e sen adestramento.

No recitado coma na cópula: equilibrio, creo que a clave está aí. Penso por exemplo na frustración que provoca no oínte a música carente da letra apropiada e o seu aceso, (podemos utilizar o socorrido exemplo de Sabina) ou aqueles libros e exposicións multidisciplinares en que non se atopa un punto de unión entre texto, imaxe, etc. e resulta torpe, complicado, intragable.

Cando nos atopamos ante un poema ou un/unha amante, en lugar de asumir que é cuestión de técnica, de harmonía e medida e que para iso existen a arte amatoria e declamatoria respectivamente, para aprender, practicar, modificar, reforzar, etc. En lugar diso andámonos preguntando pola profundidade do significado: por que estaremos aquí os dous ou os tres ou os catro...? (eu e o meu poema ou poemas, enténdanme) Xorden as preguntas: pensarán que é malo ou é bo? Terei talento para isto?... Non hai talento que valla hai que depurar a técnica, nada máis.

Realmente, cal é o obxecto de recitar un poema ou dun encontro sexual? Tal vez sexan resultado dunha procura de liberdade. Non sei, algún di que a liberdade se conquista, outra que se inventa. Se cadra non podemos fuxir toda a vida, nin gañar todo combate. E a propósito disto, transcribo como lembro unha parte do discurso (a parte máis seria e polo tanto máis aburrida) daquela persoa que falou do sexo-recitado:

“Estamos inmersos nun mundo que xa é, desde moito antes de nacer nós.

Sobre todo formamos parte de grupos, que teñen un cachiño de realidade onde o espazo de enerxía volve á súa vez a repartirse.

O discurso explica e describe esta situación, ás veces incluso pode negociar. É, porén, no silencio onde se crea un espazo propio, aínda que a nosa mente prefira repetirse na súa pertenza a un lugar asignado.

Un poema busca que as palabras sexan chanzos cara a ese lugar de liberdade, ao pronuncialos debemos sentir o silencio que os penetra e os circunda, como o amante coñece e acepta a soidade”.

Como vedes este texto non está en equilibrio co ton empregado ata agora, non flúen as palabras no mesmo regato que as anteriores. Sairá disto entón un mal encontro? Haberá, pois, que pronunciar ou penetrar a soidade deste amante a ver que tal copula.

Infoxove número 18, outubro de 2007



Iago Castro

Naceu en Vigo en 1980 e a xente do metal viña de botarse á rúa. Estudou Filloxía Galega e agora é profesor no ensino secundario. Considérase moi afortunado por formar parte das REDES ESCARLATA e escribir no libro colectivo *Xuro que nunca volverei pasar fame*. E a xente do metal bótase á rúa.

Animal

O daquela mañá foi realmente o primeiro enganchón que tiveron cun profesor. Ata entón eu pasaba por ser un dos rapaces con mellor comportamento do grupo. Sempre que miña nai fora falar co titor de turno repetía o mesmo. “Seu fillo pórtase moi ben na clase, está sempre atento e é moi traballador. O único que me gustaría é que participase máis na clase e co resto de compañeiros, que non estivese sempre tan calado e tan tímido”. Que non son a alegría da festa ben o sei, pero teríades que ver o panorama da miña clase, haiche cada caldeireta!... Así que eu ao meu e os demais baturros que fagan o que lles pete. Porque malia o dese día coido que sigo a ser do melloriño da clase e ata a meus pais lles chispeaban os ollos de orgullo cando llelo contei.

Estabamos na clase de ciencias cunha profesora que a min me tiña mal ollo. Fálanos sempre cun aquel de superioridade absoluta, de ser a dona da única verdade verdadeira, e non perde a oportunidade de botar picadas aos que cren noutras cousas. Eu xa viña avisado da casa de que isto podía pasar e tamén por iso dei en estar calado tanto tempo. Pero todo tenvos un límite e ese día explotei. Xa tragara algún que outro conto de mala gana e sen dicir palabra, pero cando nos espetou ao falar da evolución das especies que todos nós viñamos dos monos, e ademais fitando seguido para min, aí non calei. “Do mono virá vostede, eu non señorita, veña xa”. A profesora mandoume dereitiño onda o xefe de estudos. A día de hoxe penso que foi máis por me erguer no medio da clase a berrar e con xestos non moi amigables que polas palabras que dixen porque, ao cabo, eran as da propia profesora.

Cando lles fun co apercibimento a meus pais conteilles a lería toda. Eu pensaba que me ían chamar a atención por lles levar a miña primeira falta de comportamento, algo no que me insistían dende picariño que tiña que coidar para diferenciarme dos demais. E velaquí que vexo como os dous se poñen a facer olliños e solta meu pai “Estás a facer un bo traballo, Encarna. E ti, non te volvas arrepor a un profesor, pero está ben que teñas claros os conceptos da congregación que dita o noso mesías. Si señor, Pabliño, do mono virá ela.”

Nunca pensei que me fose saír tan ben a xogada. O caso é que ata miña nai me deixou ir para o salón e mirar algo na tele despois de comer. Entón, despois de que meu pai marchase a traballar e miña nai saíse ás actividades espirituais do grupo púxenme a facer un *zapping*. Documen-

tais, murmuracións e telenovelas. A escolla é ben clara, porque vaia ghi-chas que saen bailando nas series sudamericanas esas. Non sei como non pasan frío eses monumentos. E claro, un non vos é de pedra e xa me puxen xoguetón a darlle ao manubrio cando... zaca!, escoito o ascensor parado no noso andar, escoito as chaves na porta. Collín rápido o mando e deille ao 2 para sacar da tele as guichas bailando medio espidas e subín rápido os pantalóns. Miña nai. "Ai que cabeza! Deixei aquí o sobre da contribución. Veña filliño, non durmas moito" "Vale mamá". Buff!! Por pouco. E nisto miro para a tele e alí están un grupo de monos co cu pelado nas pólas dunha árbore dándolle ao instrumento. E eu coa tenda de campaña. Acordoume outra vez a profesora.

Infoxove número 18, outubro de 2007.



Olga Novo

Nace en 1975 na aldea lucense de Vilarmao (Pobra do Brollón). Licenciada en Filoloxía galego-portuguesa, na actualidade exerce a docencia na Universidade de Lorient, na Baixa Bretaña. Colaborou en numerosos medios e publicacións literarias especializadas como *Unión Libre*. *CADERNOS de vida e culturas*, *Moenia*, *Anuario de estudos galegos*, *Boletín Galego de Literatura* ou *Ínsula*, entre outras. Como poeta, dáse a coñecer a través de revistas como *Clave Orión*, *Ólisbos*, *Festa da palabra silenciada* ou *Dorna*. En 1996 publica o seu primeiro poemario, *A teta sobre o sol* (Ed. Do Dragón; 2ª ed. Letras de Cal, 1999). Co seu segundo libro, *Nós nus* (Xerais, 1996), é galardoada co premio Losada Diéguez de Creación. En 2001 publícase o libro de artista *Magnalia* (Ed. Espiral Maior), no que colabora co tamén poeta Xoán Abeleira e a pintora Alexandra Domínguez. No ano 2004 ve a luz *A cousa vermella* (Espiral Maior) e no 2006, a obra *Monocromos*, con traducións ó castelán e en colaboración co pintor Conchetto Pozati (Galería Luis de Burgos, Madrid).

A súa obra foi recollida en antoloxías como *La flama en el espejo* (México, 1998), *Mulher a fazer vento* (Lisboa, 1998), *Yo es otro*. *Autorre-*

tratos de la nueva poesía (Madrid, 2001), *Diálogos de la lengua* (2000) o *Spain (Poetry from the Castilian, Catala, Basque and Galician languages)* (Atlanta, 2003), entre outras.

Como estudosa da literatura publicou artigos e estudos especializados sobre autoras e autores galegos como Xohana Torres, Luz Pozo Garza, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Avilés de Taramancos, Uxío Novoneyra, Eugenio Fdez Granell, ou foráneos como Fernando Pessoa, André Breton, Léo Ferré, etc. Ten publicado os libros *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer* (Positivas, 1996), *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (1999) e *Uxío Novoneyra. Lingua loaira* (XVIII Premio Ánxel Fole, 2004).

Coa vida

Quen non está coa vida, está coa morte.

Claudio Rodríguez Fer.

Houbo quen o dixo antes, houbo quen o deixou dito para sempre:

*Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe,
eiquí síntese ben o pouco que é un home!*

Isto dixo a montaña pola voz do poeta Uxío Novoneyra. Mais a lección dos grandes mestres é difícil de comprender e de seguir. Porque é unha lección de futuro que vén do pasado. Somos moitos os que comprendemos o significado destas palabras, pero son demasiados os que non as entenden nin queren entendelas. Porque a beleza e a poesía son sempre radicais, reveladoras e irreducibles. Por iso aos poderes non lles gustan. Por iso talvez a quen pretende ser xigante non lle vaia ben escoitar o pouco que é un home.

María Mariño dinamitou a fala para crear alta poesía. Agora, os poderes deste país, faltos de tal enerxía creadora, dinamitan montañas, ríos, xentes, pobos. Venden o lugar por parcelas ao mellor ofertante. Teitan o mundo coas nosas lousas. Para que nunca neve a verdade a folerpas grandes e libres. Para que o seu frío non nos esperte as consciencias. Houbo quen o dixo antes. Tamén hai quen o di agora. E porque eu estou coa vida déixoa falar a ela:

A DONICELA: vou paticando solitaria por entre a herba. Rasco o ventre contra o codeso e a uz dáme a súa sombra cada tarde. Baixo beber ao Río. Eu son a donicela libre deste lugar. E vós, quen sodes?

CORO: Son os ladrós da lousa.

A FAIA: son a faia fisterrá, a máis occidental de toda Europa. Guío o voo do osíxeno cara ao Océano. Falo cos veciños con signos do cuaternario. Son a gardiá do silencio deste lugar. E vós, quen sodes?

CORO: Son os ladrós da lousa. Os envelenadores da noite.

A LONTRA DO LOR: aprendín a nadar o meu saber aquí. Reloce o ouro no meu leite. Acompañó as augas acabadas de nacer nos seus primeiros pasos. Lévoas ao lombo durante algúns metros, bícanme o pelo e logo vanse. Eu son a lontra do Lor, a mestra da corrente fluvial. E vós, quen sodes?

CORO: Son os ladrós da lousa. Os enveladores da noite. Os estraperlistas da pedra.

A AGUIA REAL: eu son a Raíña do ar. Fago o meu niño na estratosfera. Non exerzo ningún dominio. E vós, quen sodes?

CORO: Son os ladrós da lousa. Os enveladores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira.

○ CÍRCULO GLACIAR: lembro ter sido un crómlech de xeo. Desde a idade do frío teño memoria. No meu lugar loce a Lagoa. Fun a parteira da beleza, nena bonita. Quedei aquí para cerrar para sempre o círculo do amor. E vós, quen sodes?

○ CORO: Son os ladrós da lousa. Os enveladores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira. Os de sempre.

A TOUPA: son a cega sabia que percorre o mundo baixo terra. A que excava galerías para a vida. Para abrir o camiño aos vermes e ás raíces. A que fala cos manantílos das cousas de cada día. A que vela o sono dos tubérculos. Vexo xerminar a felicidade coa paz da que nada espera.

○ CORO: Son os ladrós da lousa. Os enveladores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira. Os de sempre. Os de nunca.

A ROCHA ÁCIDA: o meu corazón é sulfúrico. Pero puro. E vós, quen sodes?

○ CORO: Son os ladrós da lousa. Os enveladores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira. Os de sempre. Os de nunca. Os amos do amor.

○ GATO BRAVO: Felicidade Felina. Nada mellor que o montés e a súa furia. Son o gato irredento. Condénovos canda o Coro, maldita especie doméstica e amestrada. Caía sobre vós, que caía esta montaña miña de desprezo e lousa.

○ CORO: Son os ladrós da lousa. Os enveladores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira. Os de sempre. Os de nunca. Os amos do amor e da dinamita.

A COVA DA MOURA: Veciños da Campa, vide a min. Criaturas indefensas, entrade. A Moura fía aquí o eco milenario e garda o fusil do fuxido. Acolleivos que veñen, que xa están ás portas do noso espírito. Veciños da Campa, Baldomir, Pendella, Touzón, Folgoso, Santa Eufemia.

○ CORO: Son os ladrós da lousa. Os envelenadores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira. Os de sempre. Os de nunca. Os amos do amor e da dinamita. Os rentistas do Paraíso.

FÓSILES MARIÑOS DA PREHISTORIA: Recordamos todos aquel mar. Mais cando as augas baixaron comprendemos que a altura e a profundidade son en realidade a mesma cousa. Tamén así o espírito, ese trilobite que se quedou a vivir aquí. Pero vós, quen sodes?

CORO: Son os ladrós da lousa. Os envelenadores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira. Os de sempre. Os de nunca. Os amos do amor e da dinamita. Os rentistas do Paraíso. Os Pizarreiros da podredume.

A VÍBORA DE SEOANE: son a víbora mortal de Seoane, a da lingua bifida. Son o animal maldito. Enróscome coma a roda solar. A terra réptame. O voitre branco devórame. O meu asubío é un canto á harmonía de tódolos lugares polos que me arrastro por puro amor. E vós, quen sodes?

CORO: Son os ladrós da lousa. Os envelenadores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira. Os de sempre. Os de nunca. Os amos do amor e da dinamita. Os rentistas do Paraíso. Os Pizarreiros da podredume. Os Pizarreiros do Ceo.

A PEQUENA FLOR VENTUREIRA: son o Ser Silvestre. Por iso a miña é a boa ventura. Medro a carón da avea tola. Procedo dun pole errante, son, claro que son a pequena flor aventureira. E vós, quen sodes?

CORO: Son os ladrós da lousa. Os envelenadores da noite. Os estraperlistas da pedra. Os oráculos da mentira. Os de sempre. Os de nunca. Os amos do amor e da dinamita. Os rentistas do Paraíso. Os Pizarreiros da podredume. Os Pizarreiros do Ceo. Os Pizarreiros do Poder.

A LOUSA DA CAMPA: Funme deitando aquí lámina por lámina como a dor e a felicidade dos seres. Funme estratificando madurecendo funme nacendo funme montaña abaixo montaña arriba ata conquistar o inte-

rior da altura. Son a lousa da Campa extraída do alén para formar parte da oculta composición do mundo. Pero non o voso cascallo miserable o voso entullo criminal o voso ouro azul. Nacín para ser cantada polo poeta. Existo por efecto da vida. Canta a lousa da Campa e o seu CORO:

QUEN NON ESTÁ COA VIDA, ESTÁ COA MORTE
QUEN NON ESTÁ COA VIDA, ESTÁ COA MORTE
QUEN NON ESTÁ COA VIDA, ESTÁ COA MORTE

Infoxove número 18, outubro de 2007



Claudia Castro

Naceu o 30 de decembro de 1972 no barrio compostelán d'O Castiñeirinho. Estudou Periodismo e Filoloxía na USC e leva exercendo como xornalista dende 1995. A súa vida transcorre entre Santiago e Corme, na Costa da Morte. Ela e o seu compañeiro son pais dun neno, Darío.

No eido da creación literaria é colaboradora habitual da revista *Andar 21*, así como doutras publicacións en lingua galega e portuguesa.

A composición titulada "De cando os anos aínda tiñan sexo" foi galarxada co primeiro premio na I Edición do Certame Duck Fin de Poesía (2003). En 2003 tamén obtivo o accésit do I Certame de Microrrelatos convocado pola Lonxa Literaria de Moaña, co conto "Retrato dunha muda".

O seu primeiro libro de poemas, *Adagio para unha viaxe silente*, saíu do prelo da man da Editorial Follas Novas en decembro de 2005.

Soños de tubérculo

Para Sabelinha

Todas caemos na trampa.
Somos patacas
con soños.

.....

PATACA. Tubérculo farináceo comestible do *Solanum Tuberosum*, planta herbácea anual da familia das solanáceas, oriúnda de América e cultivada hoxe en case todo o mundo. *Tamén en Galicia.*

A planta adquire un desenvolvemento de sesenta a noventa centímetros de altura, con talos de pólas, follas desiguais e profundamente partidas, flores brancas ou moradas en corimbos (*) terminais e grosos tubérculos redondeados, carnosos, moi feculentos, que son os extremos avultados de talos subterráneos lisos e sen folla, que non deben confundirse coas raíces propiamente ditas, que son finas e fibrosas. *Boa metáfora.*

(*) O corimbo é un tipo de inflorescencia na que as flores nacen a diferentes alturas, pero alcanzan o mesmo nivel.

As variedades cultivadas son numerosísimas (máis de 1.300). Na súa determinación inflúen a forma, tamaño e cor dos tubérculos, máis cá consistencia do talo e o ton das flores. *Boa metáfora 2.*

Un dos inimigos máis nocivos da pataca é o escaravello, que devora a folla. Afincado nun principio nas Montañas Rochosas, este becho propagouse pronto polas costas do Atlántico. Tanto a larva coma o escaravello adulto aliméntanse das follas da planta e causan grandes estragos. *Boa metáfora 3.*

.....

Nunha banquetta da cociña
Aparecen

Pousados
Dous cubertos de plástico.

A culler azul e a laranxa
Son as baquetas da batería
De tocar ao mediodía
Canda o xantar.

A canción do coche nunca soou así,
Pero na casa somos amigos das versións
E decidimos cambiala.

A túa música. O teu engado.
O teu engado. A miña perdición.

Eu soñei que tiña un fillo
Que me protexía de todo mal.
Eu poñíalle nomes bonitos
Que significaban cousas.
Eu soñei que tiña un home-amante-amigo
Que escorrentaba os meus medos
Cos seus fríos
E me envolvía en sabas
Para que non me destapase a noite.

Cando soñamos
Preferimos xeo
Para apreixalo entre os dedos
Aínda que doia.
A auga flúe
Fuxe
E deslocalízanos.

Cada vez coñezo máis mulleres
Que teñen soños de pataca.
Queren ser depositadas na terra
Para soñar outras patacas.
Son mulleres-pataca
Mulleres cultivadas

Colleita de man e de máquina
Que alimentan
Ou grelan.

Cando ela soña esperta
Viaxa montada
En palabras.
Fonemas transcritos na memoria.
Na memoria
Nada é feo
Todo está vivo.

Da felicidade
Sabe que está preto.
Tan preto coma o gato portugués,
Que está cerca
Pero é negro.

Do amor
Sabe que a rolda.
Róldana
O pan e o peixe
Pero non se dan multiplicado.
Da verdade.
Da verdade...
Nin virtuoso nin virtual
O camiño faise longo
Ata chegar a atopar
A milésima parte
Da partícula mínima
Do cristal para ollar
Realidades.

Mais o certo é que

Rula:
Ti non vas ter a culpa
De que Mati seja baixinho.
No cole hai nais perfectas
Pero son amas de casa.

Rula:
Soñas tanto
Que esqueces
A imposibilidade
De Durmir

Mentres os pés están fríos.

Infoxove número 19, novembro de 2007



Lorena Souto

O Páramo, 1983. Licenciada en Filloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente realiza estudos de Doutoramento en Teoría da Literatura e Literatura Comparada. Socia do proxecto editorial *Estaleiro Editora* dende a súa fundación, é parte do Consello de Redacción da revista *Dorna*, así como colaboradora da revista *Nova Ólisbos*. Como crítica literaria ten colaborado coa revista *Grial*. A súa actividade poética, desenvolvida especialmente en recitais públicos, fica espallada en distintas publicacións e sitios web.

Literatura e promiscuidade

A cousa será do seguinte xeito: atoparémonos por casualidade, os teus ollos darán en min ou eu atraerei a túa mirada entre outr@s moit@s, aínda non sei moi ben con que artimañas, pero sen que a escolla sexa premeditada. Quen sabe, poida que algún amigo ou amiga te poña na dirección que leva a min, en calquera caso, non saberemos nada o un do outro, apalparémonos a escuras. Ás veces é máis interesante así.

Quero que saibas antes de nada que non pretendo conseguir de ti promesas de fidelidade eterna, non acostumo pedir o que non eu non dou. A nosa relación reducirase ao que poidamos sacar deste encontro fortuíto, á excitación dunha primeira vez con alguén á quen apenas lle sabes o nome, que che gusta como se move ante os teus ollos, como esbarrara entre as túas mans e o xeito no que as súas palabras soan na túa glote húmida. E eu quedarei satisfeita tan só con iso, notando a túa mirada fixa no que antes tocou a miña lingua, sabéndome o obxecto do teu desexo tan só por uns segundos, minutos, horas, ou o tempo que ti o queiras prolongar. Sen máis compromisos. Ben, despois, se queres, podemos volvernos ver, sempre que as ansias de tocarnos sexan igual de fortes e lle saquemos proveito, isto no debera facerse nunca por obriga ou por quedar ben.

Neste tipo de encontros xoga un papel moi importante o voyeurismo, a ti gústache mirar e eu devezoo por que me percorras cos ollos até o máis fondo que consigo darme. Tranquil@, non me vou sentir utilizada despois, nin finxirei que non quería que vises esa parte de min que viche e que normalmente non amoso na clase ou tomando un café. Ninguén usa a ninguén, ou mellor, @s dúas/dous o facemos, e gozamos moitísimo así que, que pode ter de malo iso?

Teño que dicir que gustaría, incluso, de verte con outr@s; gozaría tanto máis incitándote á promiscuidade neste campo de relacións prohibidas que tendo a túa atención enteiramente fixada en min. Non sei se o sabes, neste mundiño canta máis bagaxe teñas máis prezad@ te considerarán, canto máis probes mellor poderás opinar, non é?

Outra cousa a dicir é que eu tampouco che podoo garantir que serei sempre así, como parece que che gusto agora, non vou facer esforzos para manterte aí e, sendo a mesma, o meu reto será ser sempre diferente. Podería instalarme comodamente nunha maneira de ser e dicir que me resultou contigo nun determinado momento, imaxinándome dona da situa-

ción. Pero tamén sei que te cansarías de min axiña e que o que antes che producira calafríos máis tarde che había dar ganas de durmir.

A cousa funciona así, a monotonía acaba con todo. Hai xente que remata facéndoo por obriga, sen gana ningunha, e incluso lle resta importancia dicindo que hai outras cousas máis importantes: o amor, o traballo, os amigos... Eu non vexo problema para compaxinalo todo, non creo que haxa que renunciar a nada pero, se queres velo así, con isto tamén se coñece xente e se aprenden cousas, é o que lle digo eu á miña nai.

Moitos pensan que isto é un vicio, e a miña nai parécelle case unha especie de indecencia, sobre todo se o fan rapazas e aínda por riba o andan contando por aí e facendo alarde. Pero os tempos cambiaron, e se antes había pouca xente que o facía (que se soubera) ou toda a vila acababa dicindo que eras rar@ se che sabían que ocupabas o tempo libre nisto, agora todo o mundo o fai e até miña nai parece que o aceptou, non entende nada pero xa non lle parece tan estraño.

Así que... libérate, seduce e deixarte seducir, hai primeira vez para todo.

Infoxove número 19, novembro de 2007



Ana Cibeira

Nazo en Caracas e medro en Santiago de Compostela.

Agora mesmo Madrid é o labirinto vampiro e tragón no que vivo.

Publiquei textos en zines (*PolpA*, *Nada es verdad*, *Fempunk*) e en revistas analóxicas e virtuais (*Andaina*, *Biblioteca Virtual Galega*, *Búsola*, *Agora ou Nunca*, *Andar21*, *Búsola*, *Contos Ínfimos*, *Dorna*, o *Espasmo das Redes Escarlatas*, *Hiperferia*, *Incomunidade*, *O Ximnasio de Academo...*).

Participei en xornadas e proxectos literarios ou interdisciplinarios, con textos e collages, como: *20 Anos de Andaina* (Compostela, 2003), *Poetas na Rúa* (Poio, 2004), *Translittera* (Compostela, 2005), *Poetas por Km²* –con Elena Medel– (Madrid, 2006), *Cosmopoética* (Córdoba, 2006) e *Transgeneración 1.0* (Málaga, 2007); e así o recollen os catálogos e libros colectivos destes eventos.

Coedito o fanzine *zapatiños motor*, plataforma de creación colectiva co que iniciamos a editora *corazón salvaxe*, un intento real de que a arte sexa para todas/os. A piques de saír está *Rápido*, libriño de debuxos e collages colectivo (xunto con b. a miña editora todoterreo e Jose, debuxante “fantástico” do fanzine *HAZ*) coeditado co selo *Afeite al perro*.

Zapatiños motor

¿Onde van as sombras?

[Na rúa todas semellan dispostas á meta.
Cando o que importa é o camiño]

Zapatiños van e veñen infieis, decididos, perdéndose.
Cando eramos noviñas chamabámoslle gasolina
a esa forza que da o namoramento, ¿lembras?
Que medo tiñamos a mancha-la pel
dese pseudo-ouronegro e que o sol nolo secura.
Medo de nos converter en estatuas.
Quedar petrificadas.
Ser Lot. [Pero quen é Lot]

Un universo especializado nos distintos tipos de lazos
que poden adornar, nos revestimentos estampados,
nas combinacións posibles e ultimamente as imposibles
—que en min palpitan—.

Escribir cara a dentro e taconear cores,
a iso me refiro.
¿Por que todos separan tan ben ética e estética
e pra min non hai outra?

¿Como se pode decidir sen dubidar
e saber qué camiño é o axeitado sen achegarse
botar unha ollada, coa testa ben dentro, á encrucillada?
Case sempre decido escoitar nada,
a miña propia música é a imaxe da cruz deserto diante.
E se escoito ó diaño é porque o vexo.
E se o vexo, teño que tocalo.
E se o toco, teño que comelo.

Así, seguen as noites e os mences revoltos,
nos que esperto co teléfono apertado na mau.
Tódolos músculos ó teu servizo.
Non son unha gatiña que durme cun ollo aberto,
son una man que busca unha orella que busca unha voz
que fuxe do silencio,
son eu o túnel
a caracola que dentro o mar.

Estética polar

Todo o que está dentro e dentro eu.
Nada hai fóra deste mundo que mereza ser vivido.
Xardín delicioso. Mancha ó lonxe. Salvaxe negro, estar.
Aquí dentro soño que soño todos estes tecidos, crocs a corazón aberto,
[sinais de lume,
tortuosas torres. Fundidos en negro velados por cortinas dos fumes máis
[esposos, outonais,
latente veludo, escuridade toda: o inferno...estas nubes.


Teño moitos peixes arrodeándome, tentándome ser unha serea que voa,
[unha serea que perde,
acuosa, luminosa dentro deste sacrificio por amor.

Teño cruces pola pele e contemplacións de seres que traballan niso.
Cada un coa súa función, esta futura obsesión;
reina tanta rabia por capas, tanto hardcore.

Hai espellos que miran e voces que os buscan. A pesares dos dentes, non
[hai moita risa por aquí.
Constelación, lucidez... dedos que queren ser devorados de pracer, esa
[aprendizaxe...
Quero chegar á fronteira do teu pouso. Onde amencen as convulsións e
[rebuscas con tinta por sacalas.

Quero que o corte sexa limpo e se redobuxe coma nos libros de texto:
[plástico e apetitoso.
¿Por que sempre quero ser esta que son? e aquí no horizonte miro
[estragarse o solpor.
Así líquida, teño frío e pés.

Infoxove número 19, novembro de 2007



Yolanda López López

Ourense, 13/04/1976. Licenciada en Filloxía Inglesa pola USC e Técnico Superior en Turismo, dedicouse ao ensino medio e universitario. Escribiu a memoria de licenciatura sobre a identidade individual e colectiva na obra da escritora norteamericana sureña Eudora Welty. Hoxe traballa como investigadora no Centro Ramón Piñeiro. Autora dos poemarios *Verdugos impolutos* (Concello de Rábade, 2005) e *Obertura sen heroe* (Libros da Frouma, Follas Novas, 2006), foi galardoada co XI premio de poesía "Suso Vaamonde", co segundo premio de poesía dos XIX premios literarios Rosalía de Castro de Cornellá, co primeiro galardón do III premio de poesía "Aurelio Aguirre" e co I Premio de poesía "Antón Tovar" (Concello de Rairiz de Veiga). Textos da súa autoría aparecen nos libros *As aforas do soño* (Casa da Gramática, 2005), *Homenaxe dos poetas galegos a F. G. Lorca contra a súa morte* (Xerais, 2006), *Uxío Novoneyra: A emoción da terra* (AELG, 2007), *Catálogo ArtNatura* de ADEGA (Concello de Santiago, 2007), *Benvidas. Poetas tamiles e galegas* (Galaxia, 2007) e nun libro homenaxe a Fisterra (no prelo). Cabe citar o seu labor como tradutora (Lefevere, Welty, Shakespeare, Sylvia Plath, Carmichael).

Participou en recitais benéficos (Marcha mundial das mulleres, Implicadas/os no desenvolvemento) e en homenaxes a escritores e artistas (Blanco Amor, Alexandre Bóveda). Impartiu obradoiros literarios, foi membro xurado de certames (Minerva, Luisa Villalta) e publicou poemas e artigos de opinión en medios e revistas diversas (*Dorna, Lúa Nova, Xistral, A Xanela, Saudade, El Correo Gallego, Galicia Hoxe, La Región*), así como artigos de literatura anglo-norteamericana (*Boletín Galego de Literatura da USC, Universidade de A Coruña, Revista de Estudios de Filología Moderna da Universidade de Castilla-La Mancha*). No eido doutras manifestacións artísticas, participou en espectáculos de poesía, música e danza. Asemade, dedícase á pintura e á ilustración de libros, como acreditan os seus anos na Escola de Artes e Oficios da Deputación de Ourense.

Pecado mortal

É a enfermidade. Ela asolaga as vosas costas de corazón mártir no infortunio de apreixar o patetismo sacro, ela fustiga a vosa alma coa ambrosía enmascarada de pasos fúnebres, o *vía crucis* imparabile, incurable retroceso na peregrinaxe noventa cara deuses inventados, paixón de cristos nefastos, fúnebres, vergonza allea salvando a vosa inseguridade ebria. Laiades por unha estatua, fanáticos dos vosos medos, frustracións na agulla do desequilibrio. Actores da mesma peza teatral. Ku Kux Klan da ignorancia, saetas agochadas no inferno do máis alá. É a enfermidade. O chagas. O kala azar. O cólera. Milleiros de vítimas en América Latina, en África, en Asia padecen o que moitos descoñecen. Conflitos crónicos que non teñen prioridade para algúns medios de comunicación. Distorsión e ruído. Somalia. Chad. Darfur. Nepal. Sri Lanka. Terremotos. Tsunamis. Furacáns. Actos de violencia perpetrados contra inmigrantes saharauís. Cemiterios en Juchitán. Soños rachados no deserto feminicida de Tijuana. Armenia no sepulcro. Cuba na boca do *arBushto puritano*. Todos eles pacientes moribundos que non posúen o rango da *Irmadade da Trinidad*. Non haberá procesión. Un boliviano é menos vulnerable cá Macarena. Un ser vivo ten menos pulsacións cá un anaco de escaiola. Relixión incongruente. O humano reducido a migallas. Animais cos ollos cravados na gaiola. Cardeais no consumismo idolatrado da infamia e da detención.



É a enfermidade. Atentado ecolóxico contra o planeta. Vertedoiros radioactivos na Foxa Atlántica. Extinción do lobo, da balea, do oso panda. Matadoiro de touros invidentes. Centrais nucleares. Fábricas de celulosa. Eucaliptización. Incendios forestais. Greenpeace, Adega á fronte. Mais, onde estás Virxe do Rocío? Porque o mar e a terra sangran, as feridas doen e os teus seguidores parecen sentir o pudor dos covardes agardando pola metamorfose da Piedade, mentres un neno afoga entre lixo. Un vello con alzheimer non lembra o seu nome. Unha muller con depresión crónica sente o gume dun coitelo no fondo do seu pozo. Unha bala-bágoa pérdese nos ósos-carbón dunha anoréxica. Un epiléptico cae nun profundo *Déjà Vu* golpeado polos cabalos da apocalipse. Unha rapaza negra sangra cristais despois dunha malleira. Uns nenos abafan a un home parapléxico. Dúas donas berran desencaixadas no médico de cabeceira. Corporación *dermohistérica* colectiva occidental. (NON) é a enfermidade. É a necidade fatídica. A incompreensión. O imperio da sandez. A imprudencia (α)moral. Os ritos do NADAL bombardeando telexornais e festas de gardar. O Papa, Cristo e a Virxe, uns beatos; o mundo, patas arriba. Que nunca o voso corazón desfaleza nas tebras da detención. Que nunca vos rouben a capacidade de elixir. Que sexa a liberdade o voso ollar, o voso sentir, a liña das luces e das sombras. Eu non preciso nin de panxoliñas nin de procesións.

** Dedicado a todos aqueles que carrexan bombas de inocencia adulterada no tempo da "vitoria" carroñenta.
Infoxove número 20, decembro de 2007*



Olalla Cociña Lozano

Naceu en 1979 en Viveiro. No 2000 obtivo o premio de poesía 'O Facho' outorgado pola asociación coruñesa do mesmo nome e no 2004 acadou o segundo premio na XVIII edición do certame literario da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà. Ten publicado *As cervicais da memoria* (Premio de poesía 'Avelina Valladares' 2004) e *aquí (intemperies)* (colección "Poeta en Compostela", Grupo Correo, Concello de Santiago, AELG 2006).

Escritor escondido

Déitase sempre arredor das doce da noite, canso dunha xornada laboral sempre gris e igual. Enche formularios, saca extractos, envía informes, explica motivos. E sae puntualmente á cafetería máis próxima para gastar os case vinte minutos de café dos que dispón por lei. Os días sucédense aburridos, baixo o peso dunha capa aceitosa de monotonía que o axuda a esvarar e a permanecer. Ao rematar o traballo colle o seu coche e diríxese ao mesmo restaurante de sempre, menú oito euros, limpeza, trato familiar. Máis tarde, xa na casa, pon algo de música para entreterse, mira algunha película alugada ou simplemente senta a contemplar os xogos dos gatos orfos do patio. Así un día, así o seguinte.

Unha noite, tratando de coller o sono, encóntrao a inspiración. No entresoño aparécenselle as personaxes dun conto fantástico, o seu nó, un posíbel desenlace. No reverso das pálpebras débúxanse as palabras do comezo, brillando como carteis de neon. Escribe no seu maxín as dúas primeiras páxinas, e parécenlle tan perfectas. Logo queda durmido.

A mañá seguinte aparece manchada dun gris que é menos familiar, é case unha mañá luminosa, case radiante. O día vai pasando de vagarriño ata que chega a noite. Déitase máis cedo, espera a que chegue ese estado gasoso que o volverá a converter en Escritor. Emocionado, acende filamentos de bombilla nos seus adentros e teclea imaxinariamente outras seis páxinas, ata caer no pozo negro do sono.

II

De cativo, era un mestre na arte da propia ocultación. Primeiro agochábase detrás de letras, versos e parágrafos meditados a conciencia, aínda que lle gustaba pensar que llos roubaba ao vento. Logo gardábase nas palabras, case debuxos, escritas delicadamente a lapis en pequenos cadernos de follas brancas. O tamaño dos cadernos e o gusto polo trazo en grafito eran tamén unha forma de esconderse. A sensación efémera da súa letra brillando en lene prata aseguráballe o agocho, mentres que a pequenez dos cadernos era cómoda para esconder, unha vez máis, a súa escrita en caixas de cartón que almacenaba celosamente no faiado da casa patrucial, xunto aos zapatos pasados de moda e os xoguetes de cando eran pícaros. E alí pasaron días, meses, anos, ata que a chegada

da humidade e do balor fixo ennegrecer aqueles cachiños de si mesmo –as letras esvaídas xa definitivamente–, sen a ocultación dos cales, seguramente, non podería ser hoxe quen era.

III

Nos contos que se conta sempre hai movemento. Hai un tren que o transporta ao lugar da acción e el déixase levar cos ollos pechados, pero non de escuridade, senón de entresóns, como cando seus pais o levaban en coche á casa da avoa e pechaba as pálpebras para sentir a velocidade do camiño. Daquela lía sobre o fondo vermello da súa pel as sombras enleadas das árbores, o amor dos paxaros, as ramas tronzadas, as nubes. Así é agora o folio en branco onde teclea compulsivamente os seus relatos de antes de durmir: ramas e follas e indicios de tormenta que nunca se farán realidade.

Porque os escritos invisíbeis do Escritor nacen e morren coa mesma forza amantísima das ondas a media noite: a primeira visita á praia é tamén o escuro lugar do seu cadaleito. Tampouco as palabras do Escritor deixan constancia da ruta desa viaxe nin do alento co que foron pronunciadas, pero si a triste e feliz certeza de ter sido o único que posúiu cada historia nacida entre sabas.

Infoxove número 20, decembro de 2007



Emma Pedreira

A Coruña. Licenciada en Filoloxía Hispánica. Como narradora publicou o libro de relatos *Bestiario de Silencios* (2001) e a novela *As cinzas adentras* (2004). No eido da poesía é autora dos libros: *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999) *Grimorio* (2000) *Velenarias* (2001), *Os cadernos de amor e os velenos* (2002) *Corpo* (2001), *As posturas do día* (2001) e *Casa de Orfas* (2005)

Material instantáneo (Hipercurtos)

As mulleres de Miller

Son zapatos, abrigo e bolso. Rouge, rimel, medias de celosía tras as que palidecen as miñas coxas de clausura. Son a dama do armiño, envolta no armiño. Levo, no profundo do bolso luvas de pel de asasino e cigarrillos longos. A miña boca envolveita en perfume e un lunar case táctico, case un botonciño miúdo onde se acende e modera o meu riso. Son charón, chanel, champú. Ollos de caviar, cabelo alto e cuadriculado, peitos zepelín, mans áxiles que se enferruxan de ouro e unha pérola pola que chorei –quizais– outra pérola. Son tacóns, cremalleira, clip. Botóns que saltan, veos que voan, pintura que se arrastra. Luz que me asiste e me devalla. Pestana que agocha, e que cae morta.

Rachadura, regandixa, fenda, sombra.
Cando acabes de despirme
xa non estarei aquí.

As mulleres de Miller (dous)

O único auténtico dela era a branca liña suave do seu cabelo. Separaba as dúas bandas xusto á metade sen mediar sombra. Coa luz apagada aquela fenda era o único vivo e palpitante, un camiño solitario á noite, grava branca, auga iluminada dalgún astro...Pero eu son dos que se perden polos camiños ás apalpadadas, dos que cruzan o monte de través. Alí estabamos os dous, ás escuras, e perdina.

Virginia

Pregúntome se tería quitado os terróns dos petos antes de meter as pedras, marmulaba Leo mentres levantaban o corpo dela da auga, empapado o gabán marrón, como unha bolsiña de té xa fría e engurrada e amarga; e lembrou a súa Virginia sostendo absorta a cunca cunha man mentres coa outra roubaba o azucre que agocharía nos petos do abrigo, mentres sor-

bía o té só. E imaxinou que tería esa mesma expresión descoidada mentres adentraba a corrente do río cos bolsos cheos de pedras, sorbendo a auga fría e viva.

A aquela precisa hora do té, pitaba a teteira e as súas pernas ían aboiando.

Eva

Non sabía como tentalo, como achegalo canda si. Tras anos de velo durmido na desgana desde o seu propio insomnio fixo metáforas sobre o desgaste dos dous: vexetar, deserto, coitelos que se fan romos, preguiza, inxustiza, fartura, a gana erosionada que se fai po.

Naquela poeira ela seguía tendo sede e el durmía enchido da última vez no último século. A tentación, o animal, o libro das posturas, seica xa non existen, pensou ela mentres saciaba a súa sede coa auga da mesiña de noite, tragando, gorentosa, cada burbulla da auga morta, cada miudinho po que recollera pola noite na superficie, cada dente artificial da dentadura suspendida dentro do vaso, cada incisivo, cada cairo, cada moa roéndolle a lingua ao tragar, rabuñándolle o esófago, camiño do interior.

Come, corazón, esta mazá prohibida, sigue durmindo...

Infoxove número 20, decembro de 2007

Índice

Presentación	5
1 Antía Otero	
<i>Polifonías. Voces Poéticas contra a Violencia de Xénero</i>	12
<i>Infoxove 1</i> (maio de 2006)	
A poesía, esa arma arroxadiza	14
<i>Infoxove 2</i> (xuño de 2006)	
en construción, de Eduardo Estévez: un poemario que deixa ver como vai nacendo	16
<i>Infoxove 3</i> (xullo de 2006)	
De mudanza	18
<i>Infoxove 6</i> (outubro de 2006)	
2 María Lado	
peaxe	21
<i>Infoxove 2</i> (xuño de 2006)	
Literatura galega en código binario	22
<i>Infoxove 3</i> (xullo de 2006)	
3 Lucía Novas	
◀ (sen título)	26
<i>Infoxove 2</i> (xuño de 2006)	
4 María do Cebreiro	
◀ Os <i>heavys</i> e as poetas	28
<i>Infoxove 3</i> (xullo de 2006)	
5 Séchu Sende	
Test de afectividade: A literatura e ti	31
<i>Infoxove 4</i> (agosto de 2006)	

6 Eduardo Estévez	
A propósito de <i>A Tarde</i> , primeiro libro de poemas de Suso Pensado	34
<i>Infoxove 4</i> (agosto de 2006)	
Estratexias para presentar un libro (a propósito de <i>Tanxerina</i> de Mario Regueira)	36
<i>Infoxove 9</i> (xaneiro de 2007)	
7 María Reimóndez	
Maletas	39
<i>Infoxove 4</i> (agosto de 2006)	
8 Celso Fernández Sanmartín	
<i>34 burros e 343 pedras para James Sacré, ou algo máis...</i> ..	42
<i>Infoxove 5</i> (setembro de 2006)	
Tradición oral	44
<i>Infoxove 6</i> (outubro de 2006)	
9 Paco Souto	
Literatura e compromiso	47
<i>Infoxove 5</i> (setembro de 2006)	
10 Rosa Aneiros	
Voyage, voyage	50
<i>Infoxove 5</i> (setembro de 2006)	
11 Iago Mouriño Román	
◀ Que despois non vaian dicindo... ..	53
<i>Infoxove 6</i> (outubro de 2006)	
12 Alicia Fernández Rodríguez	
Borrador do que versifica	56
<i>Infoxove 7</i> (novembro de 2006)	
13 Teresa Seara	
◀ <i>Casa de orfas</i> , mapa do ser	59
<i>Infoxove 7</i> (novembro de 2006)	
14 Eva Moreda	
Literatura con filtros	62
<i>Infoxove 7</i> (novembro de 2006)	
15 Elvira Riveiro Tobío	
◀ Poesía que entra polos ollos	65
<i>Infoxove 8</i> (decembro de 2006)	

◀ Poesía e tortura	67
<i>Infoxove 14 (xuño 2007)</i>	
16 Alberte Momán Noval	
◀ Virar co nordés	71
<i>Infoxove 8 (decembro de 2006)</i>	
17 Francisco Castro	
◀ Esvarando pola burbulla	73
<i>Infoxove 8 (decembro de 2006)</i>	
18 Inma López Silva	
○ teatro para a mocidade que todos queríamos	76
<i>Infoxove 9 (xaneiro de 2007)</i>	
19 Rosa Enríquez	
◀ Valdeorras, esa dimensión galega descoñecida	79
<i>Infoxove 9 (xaneiro de 2007)</i>	
20 María Canosa	
◀ Leite con cacao	81
<i>Infoxove 10 (febreiro 2007)</i>	
21 Xosé Luís Martínez Pereiro	
◀ (sen título)	84
<i>Infoxove 10 (febreiro 2007)</i>	
22 Marica Campo (<i>foto de Xurxo Lobato</i>)	
Resposta a X.P., un mozo que quere ser escritor	86
<i>Infoxove 10 (febreiro 2007)</i>	
23 Xosé M. Eyré	
◀ Cabe na túa gorxa?	89
<i>Infoxove 11 (marzo 2007)</i>	
24 Paco de Tano	
◀ Aquí na Costa da Morte	91
<i>Infoxove 11 (marzo 2007)</i>	
25 Estíbaliz Espinosa (<i>foto de Noemí Cubillo/www.noemicubillo.com</i>)	
◀ A autómatas ilusionista	94
<i>Infoxove 11 (marzo 2007)</i>	
26 Diego Ameixeiras	
◀ Un pouco de xustiza	97
<i>Infoxove 12 (abril 2007)</i>	

27	Laura Caveiro	
	◀ Barreiras	100
	<i>Infoxove 12 (abril 2007)</i>	
28	Rafa Villar	
	◀ <i>escoración dos días</i>	103
	<i>Infoxove 12 (abril 2007)</i>	
29	Arsenio Iglesias Pazos	
	◀ (sen título)	110
	<i>Infoxove 13 (maio 2007)</i>	
30	Lucía Aldao	
	◀ Son poeta	113
	<i>Infoxove 13 (maio 2007)</i>	
31	Mario Regueira (<i>foto de Lorena Souto</i>)	
	◀ Dos distintos xeitos de arrotar en público	116
	<i>Infoxove 13 (maio 2007)</i>	
32	Ledicia Costas (<i>foto de Antón Sobral</i>)	
	◀ Menta e chocolate	119
	<i>Infoxove 14 (xuño 2007)</i>	
33	Samuel Solleiro (<i>foto de Aba Vinhas; lectura con Cyrielle Jean-Sicard</i>)	
	◀ O home que mata arañas	122
	<i>Infoxove 14 (xuño 2007)</i>	
34	Iria López Teijeiro	
	◀ O nómada Xacobe	125
	<i>Infoxove 15 (xullo 2007)</i>	
35	Suso Pensado (<i>foto de Suso Fandiño</i>)	
	◀ Esbozos de poemas para un libro futuro	128
	<i>Infoxove 15 (xullo 2007)</i>	
36	Xiana Arias (<i>lectura con Lara Rozados</i>)	
	◀ A morte xitana e ti	132
	<i>Infoxove 15 (xullo 2007)</i>	
37	Xabier Xil Xardón	
	◀ Inútil-mente	136
	<i>Infoxove 16 (agosto 2007)</i>	

38 Oriana Méndez	
◀ No comezo foi a escuridade	144
<i>Infoxove 16 (agosto 2007)</i>	
39 Leo F. Campos	
Non hai ... nin ... a falar 5 min sen facer un tropo	147
<i>Infoxove 16 (agosto 2007)</i>	
40 Brais González	
Entanto non amence	150
<i>Infoxove 17 (setembro 2007)</i>	
41 Daniel Salgado	
apoloxía da deserción	153
<i>Infoxove 17 (setembro 2007)</i>	
42 Verónica Martínez	
◀ Burgo	156
<i>Infoxove 17 (setembro 2007)</i>	
43 Silvia Penas	
Recital sexual	159
<i>Infoxove 18 (outubro 2007)</i>	
44 Iago Castro	
Animal	162
<i>Infoxove 18 (outubro 2007)</i>	
45 Olga Novo	
Coa vida	166
<i>Infoxove 18 (outubro 2007)</i>	
46 Claudia Castro	
◀ Soños de tubérculo	171
<i>Infoxove 19 (novembro 2007)</i>	
47 Lorena Souto	
◀ Literatura e promiscuidade	176
<i>Infoxove 19 (novembro 2007)</i>	
48 Ana Cibeira	
◀ Zapatiños motor / Estética polar	179
<i>Infoxove 19 (novembro 2007)</i>	

49 Yolanda López	
◀ Pecado mortal	184
<i>Infoxove 20</i> (decembro 2007)	
50 Olalla Cociña Lozano	
◀ Escritor escondido	187
<i>Infoxove 20</i> (decembro 2007)	
51 Emma Pedreira	
Material instantáneo (Hipercurtos)	190
<i>Infoxove 20</i> (decembro 2007)	

(◀) Os textos acompañados con este símbolo están recitados polos seus autores e incluídos no CD adxunto.

